

eme

Número 6 Marzo 2003 7 euros

dez

CULTURA
E
POLÍTICA



Revista de Historia e Ciências Sociais da Fundação 10 de Marzo



Dez.eme

REVISTA DE HISTORIA E CIENCIAS SOCIAIS DA FUNDACIÓN 10 DE MARZO



NÚMERO 1,
abril 2000:

Arquivo Ángel Barcia



NÚMERO 2,
novembro 2000:

O franquismo



NÚMERO 3,
xuño 2001:

**O mundo
do traballo**



NÚMERO 4,
decembro 2001:

Migracións



NÚMERO 5,
xuño 2002:

Partidos políticos,
coordinador: Ramón Máiz



NÚMERO 6,
febreiro 2003:

Cultura e política

Información e subscricións:

FUNDACIÓN 10 de MARZO

r/República do Salvador, 15 - 5º / 15701 Santiago de Compostela

Telfs. +34 981 591 816 / +34 981 599 765

Fax: +34 981 501 081

f10m.sn@galicia.ccoo.es

**PORTADA:**

Colaxe sobre obras de Xaime Quessada e Xosé Luís de Dios, por Alejandro Vidal.
A fotografía dos voluntarios é de Xosé Abad.

EDITORIAL

Nunca máis 5

CARTAS Á REDACCIÓN 6

Ó REDOR DA HISTORIA

Política, arte e artistas no franquismo
Ángel Llorente Hernández 7

Política e cultura no franquismo en Galicia (1951-1962)
(Lembranzas dun compromiso político)
Xesús Alonso Montero 14

Mulleres e política
Carmen Blanco 22

NA CLASE

Unha reflexión sobre a Lei de calidade desde unha perspectiva pedagóxica
Miguel Vázquez Freire 25

A arte na historia: funcións e protagonismo da mirada artística
Maíta Rodríguez Conde / Carlos González 35

O Guernica en relevo
Entrevista con M^a de la Soledad Barral
Carme Alvaríño Alejandro 48

DOSIER DOCUMENTAL

Cultura e política
Fundación 10 de Marzo 54

TESTEMUÑOS

Isaac Díaz Pardo: non hai futuro sen memoria
Víctor F. Freixanes 70

UN CONCEPTO

Hexemonía
Francisco Fernández Buey 79

MISCELÁNEA

George Steiner: o home desde a linguaxe
José Alberto Berriochoa Esnaola 82

Política cultural en Galicia: Xunta, concellos e sector privado
José Luis Méndez Romeu 87

Memoria histórica (democrática)
Víctor Manuel Santidrián Arias 90

DE LIBROS

A identidade galega na emigración argentina
O INMIGRANTE IMAXINARIO, de Xosé Manuel Seixas
José Babiano 95

Os límites do benestar social
BIENESTAR INSUFICIENTE, DEMOCRACIA INCOMPLETA,
de Vicenç Navarro
Xoaquín Álvarez Corbacho 98

GUÍA DE RECURSOS

Patrimonio histórico nas web das cidades galegas
Eduardo Bragado 100

ENCUNTROS

Recoñecemento público da obra de Josep Fontana
Ramón López Facal 104

Usos Públicos da Historia, VI Congreso da Asociación de Historia Contemporánea
Ramón López Facal 104

Noveno encontro de Fedicaria en Xixón
Ramón López Facal 105

I Congreso de Ensinantes de Xeografía
Francisco Antonio Pérez Otero 106

Profundando nas folgas do 62
Rubén Vega García 107

A Guerra Civil española e a posguerra no norte de Portugal
David Simón Lorda 109

Cultivando a solidariedade xuvenil
Movimiento Cultural Cristiano 111

O exterminio dos vencidos
Javier Tébar Hurtado 113

A guerrilla antifranquista en Galicia
V Xornadas Catoira na Historia
Víctor Manuel Santidrián Arias 115

ACTIVIDADES DA FUNDACIÓN

Actividades e proxectos da Fundación 10 de Marzo
José Gómez Alén 116

AUTORES DESTE NÚMERO 118

NO PRÓXIMO NÚMERO 120

dez.eme 3 MARZO 2003

Dez·eme

REVISTA DE HISTORIA E CIENCIAS SOCIAIS DA FUNDACIÓN 10 DE MARZO



Esta revista é membro de ARCE, Asociación de Revistas Culturais de España

Número 6 / Marzo de 2003

COORDINACIÓN

José Gómez Alén / Víctor Manuel Santidrián Arias

CONSELLO DE REDACCIÓN

Carme Alvaríño Alejandro (Santiago de Compostela), José Babiano (Madrid), Eloísa Baena (Sevilla), Eduardo Bragado (Vigo), Heladio Fernández Manso (Santiago de Compostela), José Gómez Alén (Vigo), Carlos González (Ourense), Ramón López Facal (Santiago de Compostela), Guillermo Llorca Freire (Ferrol), Maíta Rodríguez (Ourense), Víctor Manuel Santidrián Arias (Santiago de

Compostela), Alberto Gómez Roda (Valencia), Javier Tébar (Barcelona), Rubén Vega (Asturias).

COLABORACIÓN

Xesús Alonso Montero, Xoaquín Álvarez Corbacho, Carme Alvaríño Alejandro, José Babiano Mora, Eduardo Bragado, José Alberto Berriochoa Esnaola, Carmen Blanco, Francisco Fernández Buey, Víctor Fernández Freixanes, José Gómez Alén, Carlos González, Ramón López Facal, Ángel Llorente Hernández, Xosé Luís Méndez Romeu, Francisco Antonio Pérez Otero, Maíta Rodríguez Conde, Víctor Manuel Santidrián Arias, David Simón Lorda, Javier Tébar Hurtado, Miguel Vázquez Freire, Rubén Vega García.

© Das reproducións autorizadas, VEGAP, Santiago de Compostela 2003. / © Fundació Antoni Tàpies, VEGAP, Santiago de Compostela 2003.

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA

Begoña Méndez

GABINETE DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DO S. N. DE CC.OO. DE GALICIA

DESEÑO DA REVISTA E PORTADA
Alejandro Vidal

IMPRIME

Tórculo Artes Gráficas, S.A.

ISSN: 1576-4044 / DEPOSITO LEGAL C-660-00
TIRADA: 500 exemplares

A FUNDACIÓN 10 DE MARZO NON É RESPONSABLE DAS OPINIÓNS DOS AUTORES



Fundación 10 de Marzo
comisións obreiras

r/República do Salvador, 15 - 5º / 15701 - Santiago de Compostela
Telfs. 981 599 765 / Fax 981 597 081 / e-mail: f10m.sn@galicia.ccoo.es

moito máis do que poidas imaxinar

fotocopias

impresión dixital

imprensa offset

imprensa dixital

manipulados

o teu asesor en deseño

copias gran formato


carteis e posters

laminados e encapsulados

estructuras

impresiónate !!

e se tes calqueira dúbida...
pregúntanos



A CORUÑA

Plaza Maestro Mateo, 9
Tel. 981 274 820 - Fax: 981 274 9 09
e-mail: herculesc@torculo.com

SANTIAGO

Vía Edison 33-35 - Polígono do Tambre
Tel. 981 958 320 - Fax: 981 575 693
e-mail: torculo@torculo.com

VIGO

Álvaro Cunqueiro, 3
Tel.: 986 213 456 - Fax: 986 207 825
e-mail: artes@torculo.com

Praza Mazarelos, 14 - Tel.: 981 585 455



■ TÓRCULO ■

TÓRCULO

global printers

Nunca máis


DEZ·EME chega ás mans dos seus lectores con bastante atraso e iso merece unha explicación. En primeiro lugar, a nosa demora débese ós problemas dunha revista feita con moita ilusión pero con poucos medios. No editorial do número 4 escribiamos que «DEZ·EME necesita máis subscritores porque lémbrese que é —e de momento así quere seguir sendo— unha revista sen ningún tipo de subvención». Non é un tema alleo ás ordes do día do Consello desta revista a discusión sobre este problema. Decidiuse —aínda que é unha medida que se pode revisar en calquera momento— non recorrer ás subvencións ás que legalmente podería acceder. Se se decidiu non facelo, non foi por ningún prurito de estraña e allea pureza ideolóxica (estamos a falar de diñeiro público que é de todas e todos e, xa que logo, tamén de DEZ·EME), senón porque cremos que é necesario demostrar que este país ten unha sociedade suficientemente madura para soste-lo seu propio esforzo un proxecto como o que nós temos entre as mans. E a madurez desa sociedade sérvenos para dar paso á segunda das nosas xustificacións.

Dende a anterior achega da nosa revista, Galicia sufriu unha das maiores catástrofes de toda a súa historia: o desastre do *Prestige* e a marea negra. Dende aquel fatídico 13 de novembro, a sociedade galega deu múltiples mostras de coraxe contra a incompetencia. Aínda que DEZ·EME non é unha revista de actualidade, non podía quedar á marxe da outra marea, a da mobilización social contra a ineptitude. Quixemos, xa que logo, abri-las nosas páxinas á resposta social e á protesta; por iso a Fundación 10 de Marzo, editora de DEZ·EME, decidiu ingresar na plataforma Nunca Máis; por iso o propio deseño deste número pon de manifesto que DEZ·EME tamén está contra a desvergoña política; por iso o Consello de Redacción optou por varia-la planificación das próximas achegas da revista.

Nunca Máis.



exposición



CONSELLO DE REDACCIÓN
REVISTA DEZ·EME

CARTAS Á REDACCIÓN

Agradecemos que as cartas teñan unha extensión máxima de 1.500 caracteres; en caso de superarse este límite, os responsables de redacción de DEZ·EME poderán facer un extracto ou resumo que non altere o contido orixinal da comunicación. As cartas deberán asinarse con nomes e apelidos lexibles así como cun número de DNI, aínda que se poderán publicar baixo pseudónimo se así fose solicitado de forma expresa. DEZ·EME garante a reserva e confidencialidade en tódolos casos.

Comparezo aquí, honrado e agradecido pola invitación da Fundación 10 de Marzo, para saudala aparición do número 5 de DEZ·EME. *Revista de Historia e Ciencias Sociais* pola que teño, ademais de fiel devoción, a admiración que nos causa ós da miña profesión o insólito fenómeno de encontrarnos cunha publicación tan atractiva de forma coma de contido, e tan coidada no seu deseño coma nos seus textos.

A Fundación 10 de Marzo e a súa revista son, ademais, o resultado do esforzo duns cantos gardiáns da memoria, dunhas poucas persoas que non se resignan a ser cómplices silentes do que alguén chamou «os beneficios do esquecemento». Hai derrotas que non se producen nos cruentos escenarios da batalla senón nos apracibles ambientes da paz; hai victorias que non as forxan os que quedan no camiño senón os que se instalan nas situacións sobrevidas; hai heroes da renuncia e o ostracismo e hai tamén mercenarios do oportunismo e a comenencia. A Fundación 10 de Marzo e a súa revista están vinculadas, sen ningún tipo de receo nin disimulo, a Comisións Obreiras de Gali-

cia, é dicir que son, unha e outra, netas das Comisións Obreiras de sempre, as Comisións de 1958, o sindicato do cal a historia non é historia senón epopea: unha epopea coas súas xestas, os seus heroes e os seus mortos.

Os que mantemos moi viva a memoria daquela España sabemos (porque ás veces a un a vida ou o azar o poñen ó lado de grandes homes e de episodios definitivos) que só houbo unha oposición real e verdadeira á ditadura e só un partido e só un sindicato. Non coñecín outras forzas organizadas contra o franquismo que o Partido Comunista e as Comisións Obreiras. Un e outras escribiron páxinas solidarias que, pola súa xenerosidade e o seu risco, non teñen parangón no seu tempo e que, sen embargo, están a punto de ser devoradas polo esquecemento.

Os expropiadores e os logreiros da Historia levan vintecinco anos empeñados en pasar unha goma de borrar por riba da verdade e están a piques de conseguilo seu propósito, que non é outro que converter en dogma a falacia de que as liberdades en España as trouxeron os partidos da alternancia, o

feito biolóxico do 20 N e os hábiles urdidores da Zarzuela. Dentro de pouco, gracias ós efectos do silencio e do esquecemento, os historiadores contarán que o Proceso 1001 foi un mero procedemento civil e que o sucedido en xaneiro de 1977 nun despacho laboralista do barrio de Atocha foi un irreversible accidente de traballo.

Por fortuna, hai quen se resiste a concederlles carta de autenticidade ós feitos que pasan polo filtro do esquecemento ou da terxiversación.

Recuérdalo tú y recuérdalo a otros, escribiu Luis Cernuda, o gran poeta español do cal conmemoramos este ano o centenario. Son versos que parecen destinados a hoxe mesmo, tal vez a moitos dos que hoxe nos encontramos aquí.

Nesta tarefa de recuperar unha memoria que a todos nos pertence está, desde hai máis de once anos, a Fundación 10 de Marzo. Os que traballades nela, merecéde-lo noso afecto, o noso apoio e o noso agradecemento.

JUAN SOTO
Periodista e escritor
Lugo 2002

AGRADECIMENTOS

A Fundación 10 de Marzo agradece a colaboración para a realización deste número sobre Cultura e política de:



Fundación 1º de Mayo / Fundación Juan Muñiz Zapico / Arxiu Históric de la CONC-Fundació Cipriano García / Archivo Histórico de CC.OO. de Andalucía - Fundación de Estudios Sindicales / Arxiu Históric Sindical Jose Luís Borbolla - Comissions Obreres del País Valenciá / Benedicto García Villar / Armando Cardona Torraldell / Xosé Conde Corbal (familia) / Isaac Díaz Pardo / Pedro Díez Gil / Roberto Díaz de Orosia / Xosé Luís de Dios / Juan Genovés / Jaime Herrero / Agustín Ibarrola / Xaime Quessada / Mercedes Ruibal / Enric Satue / Antoni Tàpies / Fundación Luís Seoane / Fundación Rafael Alberti - El alba del alhelí / Xosé Abad

POLÍTICA, ARTE E ARTISTAS NO FRANQUISMO

ÁNGEL LLORENTE HERNÁNDEZ

Durante os corenta anos do franquismo —a dictadura máis longa da historia de España— as relacións entre os artistas plásticos e o poder político foron moito máis complexas do que ás veces se ten escrito. Neste pequeno artigo facemos un repaso rápido co que pretendemos explicar esas relacións. Pero antes coidamos oportuno facer, mesmo que sexa brevemente, tres advertencias que se esqueceron demasiadas veces. A primeira é que debemos rexeita-la equiparación, simple e errónea, de arte de vangarda con ideoloxía ou política de esquerdas. A segunda é que a consideración dunha obra de arte como pertencente ás dereitas ou ás esquerdas se debe sobre todo ó papel cultural que se lle outorga ou ó que se relega, polo que, como ten ocorrido en ocasións —e como veremos máis adiante— unha mesma obra foi interpretada ou utilizada de maneiras diametralmente opostas. A terceira dinos que non debemos confundi-la obra coa ideoloxía do artista, nin a da obra co seu tema.

No que segue facemos un percorrido histórico, á vez que formulamos algunhas cuestións que aínda están por resolver, sen entrarmos en precisións que esixirían un espacio maior do que dispomos.

No campo da arte, o triunfo dos insurxentes unha vez acabada a guerra supuxo a desaparición das incipientes vangardas dos anos trinta e o dominio do academicismo, que afianzou as súas posicións. Mentres que para algúns artistas quedaban a repre-



sión e o exilio, para outros serían anos de recoñecemento e de prebendas. Deixando —que non esquecendo— para outro artigo a arte do exilio, é posible distinguir tres sectores artísticos na inmediata posguerra. Así, encontramos unha arte oficial vinculada ó aparato político, xunta doutra pertencente á minoría culta, tamén conectada co mundo oficial, que ó primeiro defendeu ideais fascistas e que axiña tornou arte de carácter burguesa; e, finalmente, a arte maioritaria, que era a tradicional e conservadora, de corte académico.

Mentres que durante o franquismo algúns artistas se mantiveron —como fixeran outros españois— á marxe dos problemas sociais, a maior parte dos creadores que adquiriron máis importancia na nosa historia recente participaron, dunha ou doutra maneira e con maior ou menor compromiso, na oposición á dictadura; pero sería erróneo supoñer que só a arte antifranquista foi autenticamente arte.

Xaime Quessada. Cartel para cc.oo. de Galicia (fragmento).

Antes de remata-la guerra, algúns intelectuais e artistas do bando dos sublevados pretenderon acadar un estilo artístico acorde co seu ideario fascista e ultracatólico. Na Xefatura Nacional de Propaganda, controlada pola Falange, creouse o denominado Departamento de Plástica, que se encargou entre outros asuntos da preparación de actos públicos de masas e de tarefas censoras de todo canto supuxese a presenza de imaxes. Da Xefatura Nacional de Belas Artes, que durante algún tempo dirixiu o pensador Eugenio D'Ors, pertencente ó Ministerio de Educación, controlado polos católicos, dependeu unha Comisión de Estilo, de vida efémera, que tiña como cometido principal a supervisión da erección de monumentos.



Xaime Quessada. Cartel para a "Mostra da cultura galega (fragmento).

Finalizada a contenda, os grandes certames artísticos foron utilizados polo réxime como instrumentos de propaganda favorable ós seus intentos de dominación cultural. No interior, os principais foron as Exposicións Nacionais de Belas Artes, os Concursos Nacionais e Salóns de Outono, estes de índole privada pero, na práctica, paraoficiais.

Na política artística de exposicións para o exterior distínguense dúas etapas. A primeira e máis curta abrangueu desde a parti-

cipación franquista na Bienal de Venecia de 1938 ata a primeira Bienal Hispanoamericana de Arte, organizada polo réxime en 1951. A segunda, de longa duración, foi desde esa data ata a fin do franquismo.

Os artistas seleccionados para o pavillón de Venecia de 1938 eran maioritariamente académicos. Esa exposición foi a máis claramente franquista de cantas organizou o réxime ou nas que participou. Nove anos máis tarde, a selección para a mostra Arte Español en Buenos Aires supuxo un compromiso entre os partidarios da renovación artística e os conservadores, o que marcou o comezo, tímido pero real, da política artística para o estranxeiro. Un ano antes, cando a ONU condenou o réxime franquista, exhibiuse en Praga a obra de artistas exiliados en París (Picasso, Boreas, Fernández, Lobo...) na exposición titulada Arte de la España Republicana.

Observada desde o presente, a fin da década dos corenta aparécenos como o momento no que a renovación artística iniciada poucos anos antes —e da que a Academia Breve de Crítica de Arte foi unha das súas protagonistas— se desvincula da política. Entón, a «loita» entre modernidade e tradición non se produciu, como podería pensarse, entre o mundo oficial e o extraoficial, pois ambas existiron nos dous. Así, podemos recordar que a Escola de Altamira (1948) contou coa axuda do gobernador civil de Santander, o que non se contradecía coa recuperación do surrealismo da vanguardia republicana; pero agora sen as intencións de transformación social daquel. Case que ó mesmo tempo, o grupo Dau al Set iniciaba en Barcelona a súa andaina vangardista nun terreo estritamente artístico. É máis, en 1949, cando soan as primeiras voces defensoras da arte abstracta, estas resultan ser as das personalidades da cultura oficial, como o arquitecto, crítico de arte e antes falanxista exaltado Luis Felipe Vivanco, o filósofo Aranguren, o sacerdote Alfonso Roig; xunta outros críticos procedentes da república, como Sebastián Gash e

algúns máis mozos, entre os que destacou Rafael Santos Torroella.

O pavillón español na IX Exposición Internacional das Artes Decorativas e Industriais Modernas e da Arquitectura Moderna, coñecida como IX Trienal de Milán (1951), foi un éxito para a política cultural do franquismo en Europa. A Dirección Xeral de Relacións Exteriores do Ministerio de Asuntos Exteriores, entidade organizadora, encargou a selección de artistas e pezas ós arquitectos Juan Antonio Cordech e Manuel Valls, que contaron coa eficaz colaboración de Santos Torroella. Escolleron obras de artistas de primeira fila (Serra, Miró, Ferrant, Sunyer, Oteiza, Llorens Artigas, etc.). Da importancia política desa exposición, celebrada despois de a ONU anula-la resolución contra España, dámos conta este extracto do informe enviado por Coderch: «[...] la buena acogida que tuvo el Pabellón de España en el terreno artístico eliminó muchas suspicacias de carácter político, acercándose a nosotros sin rebozo varios participantes de filiación dudosa o reconocidamente negativa, los cuales por otra parte evitaban el diálogo con otros Delegados que como los de Bélgica representaban a países de política más acorde con la suya»¹.

O 12 de outubro de 1951, día da Hispanidade e conmemoración do Quinto Centenario do nacemento de Isabel a Católica e Cristóbal Colón, o Goberno inaugurou a primeira Bienal Hispanoamericana de Arte, certame que levaba preparándose varios meses por toda España e en América. Joaquín Ruiz Giménez, ministro de Educación, pronunciou un discurso no que destacou a importante función do Estado como responsable da educación de sentimentos estéticos, o que debía facerse evitando dous perigos: o indiferentismo agnóstico e a intromisión totalitaria, para o cal a solución radicaba en recoñecer-la autonomía da arte, necesaria para loitar contra o materialismo e a prol dunha arte cristiá. Este certame, de carácter ecléctico, nada academicista, no

que participaron máis de oitocentos artistas de vinteun países, con mil setecentas cincuenta obras a concurso, significou a manifestación da aposta do réxime por utilizar-la arte renovadora como propaganda ó seu favor. En coñecéndose as primeiras bases da exposición, os artistas reaccionaron de distintas maneiras. Os académicos, encabezados polo director do Museo do Prado, Fernando Álvarez de Sotomayor, opuxéronse rotundamente; ó contrario dos renovadores que, tralas dúbidas iniciais por parte dalgúns, o apoiaron.

Mentres Joan Miró se mantivo indiferente ante o acontecemento, Salvador Dalí foi un defensor decidido e Pablo Picasso opúxose cun manifesto de denuncia da manobra do réxime para proxectar no exterior unha imaxe de tolerancia e de liberdade; asinárono el mais outros artistas e intelectuais españois exiliados en París. Esta cidade e México D. F. coñeceron dúas exposicións «contrabienais»; moi reducida a da capital francesa, con obras de artistas da Escola de París, ademais de Rivera, Alfaro Siqueiros e Lam; e maior a mexicana, na que predominaron obras de «realismo social». Pouco despois, na III Bienal (1955) encontramos entre as obras expostas algunhas de Picasso e de artistas da Escola de París, amais doutras de artistas mexicanos e mesmo de españois exiliados en México. As bienais demostraron que a arte renovadora e a vangarda non tiñan por qué ser nin franquistas nin antifranquistas; o que no seu día captaron algúns responsables da política artística e aceptaron de bo grado numerosos artistas, xa que lles permitía unha proxección que dificilmente acadarían doutro xeito. Isto é o que explica a eficaz utilización propagandística que fixo o franquismo destes certames.

En 1956 o Museo Nacional de Arte Contemporánea organizou o Primeiro Salón de Arte Non Figurativa que se abriu en Valencia, de onde pasou a Pamplona. Era o triunfo oficial da arte abstracta, que cadrou con graves incidentes na Universi-

Antes de remata-la guerra, algúns intelectuais e artistas do bando dos sublevados pretendieron acadar un estilo artístico acorde co seu ideario fascista e ultracatólico

Xaime Quessada. Cartel para CC.OO. de Galicia (fragmento).

A fins da década dos cincuenta e nos comezos da seguinte, mentres algúns dos artistas vangardistas polemizaban entre eles sobre a validez artística e social da arte informalista e do «normativo» —unha rama do abstracto xeométrico—, o réxime apropiábase dos éxitos obtidos pola arte española no estranxeiro

dade de Madrid entre estudantes falanxistas do SEU e outros de ideoloxía liberal, folgas en Pamplona, Barcelona e o País Vasco, e a «política de reconciliación nacional» do Partido Comunista de España.

O ano seguinte —o da folga de tranvías en Barcelona e Madrid e o último da autarquía— considerouse a data que marca definitivamente a fin da arte da posguerra coa aparición de dous dos grupos máis importantes da vangarda daquela época, El Paso en Madrid e Equipo 57 en París e Córdoba; informalista —nunha consideración moi ampla— o primeiro, e abstracto xeométrico o segundo. Pouco antes, en decembro do ano anterior, formouse en Valencia o Grupo Parpalló, que reuniu vinte artistas con poéticas diferentes pero claramente renovadoras. Unha característica común ós tres foi o seu desexo de modifica-la arte e a cultura vixentes, plasmado nunha actividade artística intensa, que para algúns dos seus compoñentes derivou nunha militancia antifranquista (Balaguer e Ibarrola, entre outros).

A fins da década dos cincuenta e nos comezos da seguinte, mentres algúns dos artistas vangardistas polemizaban entre eles sobre a validez artística e social da arte informalista e do «normativo» —unha rama do abstracto xeométrico—, o réxime apropiábase dos éxitos obtidos pola arte española no estranxeiro (Oteiza en São Paulo en 1957, Tàpies, Chillida e Saura en Venecia en 1958 etcétera) e impulsaba a organización de exposicións en distintos países (en 1958 en Venecia, ó ano seguinte en Lisboa, París, A Haia, Ámsterdam, Friburgo, Basilea, Múnic, Río de Xaneiro, São Paulo, Alexandría; en 1960 en Goteburgo, Oslo, Nova York, Washington, São Paulo, Montevideo, Bos Aires, Venecia, París, Salzburgo. En 1961, en varias cidades estadounidenses, europeas e iberoamericanas, ademais de Toquio e Alexandría. En 1962, de novo polos Estados Unidos e cidades de Europa). Sempre procurando deslinda-la arte da política —como na



exposición de arte española New Spanish Painting and Sculpture no MoMA de Nova York en 1959—. Podemos preguntarnos ante isto se houbo confluencia entre os intereses do réxime e os dalgúns artistas, de modo que se serviron reciprocamente. Segundo lembrou Antoni Tàpies, na Bienal de Venecia de 1958 coñeceu a Luis González Robles, responsable da política artística para o estranxeiro; entón foi consciente de que o estaban utilizando, así que decidiu non participar máis en exposicións oficiais. O mesmo fixeron outros artistas, como Antonio Saura. A vontade do franquismo de instrumentaliza-los artistas chegou ó grao de lle conceder a Joan Miró a Orde de Alfonso X o Sabio en 1959, cando o seu recoñecemento internacional era patente. Á esposa deste mesmo creador, Pilar Juncosa, denegáronlle en 1950 o visado para reunirse co seu home en París con motivo dunha edición de obra gráfica, a pesar das xestións do seu editor A. Maeght.

A arte informalista, daquela en auxe, foi interpretada pola oposición política do interior como un berro e unha protesta do pobo español, polo que se utilizou na loita

cultural antifranquista. Á par, a cultura oficial facíaa tamén súa e presentábaa como continuación da tradición española, especialmente do barroco. Así pois, na defensa da «sobriedade tráxica» —segundo expresión da crítica— desa arte coincidiron a cultura oficial e a de oposición. Pero o que realmente lle preocupaba ó réxime non era a arte, senón os artistas, é dicir, os homes e mulleres. O que quería evitar era o compromiso activo dos creadores.

Á referida polémica entre informalismo e «normativismo» uniuse a «integración das artes», un asunto que tivo un significado artístico-cultural e outro social. A esencia do primeiro consistiu en formular unha síntese das artes na arquitectura, sen perderen por iso as súas características peculiares. O segundo, que tivo menos partidarios, foi a consideración da incidencia nos cambios sociais, que se pensaban posibles, a través do urbanismo, no que deberían estar representadas tódalas artes plásticas. Pero a arte oficial, de propaganda, grandilocuente e retórica, continuaba no interior do país —non esquezamos que en 1959 remataron as obras do Val dos Caídos— mentres se exportaba unha parte da vangardista, a máis facilmente utilizable, o que denunciou a Asociación de Artistas Españóis Residentes en París coa organización dunha pequena exposición nesa capital na primavera de 1961, que reuniu a obra de artistas ben diferentes coa intención de demostrar que a arte española era moito máis variada do que se deducía das seleccións habituais que o réxime franquista presentaba no estranxeiro, polo que incluíu o realismo de denuncia e a abstracción xeométrica.

A consolidación dunha burguesía urbana durante os anos do *desarrollismo* influíu nun aumento do raquíptico mercado artístico, especialmente en Madrid e Barcelona, e, polo tanto, nos cambios sobrevidos na arte. A mediados da década dos setenta a pintura figurativa experimentou un auxe, en parte como reacción fronte ó informalismo, que empezaba a diminuír en consonancia

coa situación da arte en Europa, pero tamén polas modificacións económicas, sociais e culturais (destas, a aparición dunha incipiente industria cultural, en parte derivada da supresión da censura previa que continuaba vixente desde 1938, foi a principal) que se produciron no país e que fixeron aparecer na vida das cidades, paisaxes e obxectos novos que inspiraron novas iconografías. Aínda que sería impropio caracterizala sociedade española desa década como unha sociedade de masas, o certo é que comezaba a xurdir unha sociedade distinta da precedente, co que a posguerra quedaba definitivamente atrás.

Unha vez aceptada a arte abstracta e sobre todo des que o franquismo intentou apropiarse do informalismo, foi aparecendo, primeiro entre os artistas e ó pouco entre os críticos máis conscientes do seu labor, unha preocupación ética pola responsabilidade social do creador e polas consecuencias da súa arte, que provocou controversias sobre a utilidade da abstracción como arte social. Algúns dos artistas comprometidos, que eran claramente antifranquistas, pensaron que a abstracción era unha arte válida só para as minorías cultas e, polo tanto, incomprendible para o pobo, o que a facía inservible para denuncia-lo réxime. Por iso decidiron facer unha arte realista de protesta e denuncia. Así xurdiron en distintos lugares do país grupos de *Estampa Popular* formados por pintores e gravadores que coexistiron co movemento de realismo social no teatro, a narrativa e a poesía; a súa primeira aparición pública foi en Madrid en 1960, sen ser a penas atendidos pola crítica de arte. Pero tamén entre os expresionistas abstractos había artistas que pensaban que non había por qué renunciar á abstracción para opoñerse á opresión. Xa non se podía equiparar facilmente vangarda con abstracción, como tampouco non se podía rexeitar unha ou outra corrente artística pola súa falta de compromiso, pois en todas había artistas comprometidos. O resultado foi que toda a vangarda era antifranquista.

A consolidación dunha burguesía urbana durante os anos do *desarrollismo* influíu nun aumento do raquíptico mercado artístico, especialmente en Madrid e Barcelona, e, polo tanto, nos cambios sobrevidos na arte

A loita obreira arrequeceu notablemente durante os anos 1962 e 1963, cando se encabalaron a acción reivindicativa e a represión. As grandes folgas de Asturias, Biscaia e Guipúscoa, ás que o réxime respondeu coa declaración do estado de excepción e os intelectuais e artistas coa mobilización (recordemos, entre outras accións, as dúas cartas de intelectuais escritas para pedir que se investigara a represión), e outros acontecementos foron recollidos por artistas do interior, algúns dos cales —como Agustín Ibarrola, por exemplo— o pagaron co cárcere, e por exiliados, como Josep Renau ou Pablo Picasso.

A posible contribución da arte vangardista á loita política foi obxecto dun debate entre dous membros do Partido Comunista de España, que aínda non se estudou abondo. Tralo verán de 1963, Fernando Claudín defendeu a abstracción e o informalismo como formas actuais útiles para ese combate, ó que se opuxo Josep Renau, que os rexeitou rotundamente xa que só admitía o realismo socialista, o cal é explicable dado o descoñecemento da realidade interior de España. Era tamén unha nova manifestación da sempiterna polémica sobre a comprensión da arte.

En 1964 tres artistas levantinos crearon en Valencia o Equipo Crónica. Os seus cadros, debedores da arte pop que daquela comezaba a ser coñecida en España, mesturaban imaxes manipuladas da historia da arte con outras da vida cotiá ou acontecementos sociais. Con eles apareceu o «realismo crítico», a variedade máis fértil do realismo social. Ese mesmo ano o réxime celebrou con distintos fastos o cuarto de século da súa existencia; un deles foi a exposición XXV Anos de Arte Español, aberta en Madrid. Entrementes, algunhas forzas da oposición, encabezadas polos comunistas, organizaron en Italia «España Libre», unha mostra de condena do réxime na que se produciu, ademais, unha confluencia de artistas do interior e do exilio. As obras que poderíamos cualificar como propias de *Estampa Popular* foron

as mellor representadas, xunta outras expresionistas, constructivistas, abstractas e informalistas. Coa perspectiva que nos dá o tempo transcorrido desde entón, observamos algo que no seu día non se viu; a saber, que a exposición mostrou tamén cómo gran parte da arte española —e especialmente a antifranquista— quedara atrasada respecto ós cambios sociais, pois xa non existía aquela España excesivamente miserenta que se representaba. No segundo quinquenio da época, o Equipo Realidad pretendeu denuncia-la sociedade de consumo propiciada polo *desarrollismo* que, ó contrario do que desexaban os seus responsables, afastaba a poboación dos valores defendidos polo réxime. Juan Genovés denunciou a represión cunha linguaxe neofigurativa, o que ó seu xeito facía tamén Xaime Quessada. Mentres, no seu exilio francés, Eduardo Arroyo pintaba cadros políticos máis complexos. Ese mesmo ano (1964) nacia ZAJ, o grupo artístico máis vangardista do momento, conectado co movemento internacional Fluxus, entre o riso dos medios oficiais e o silencio da crítica.

No tránsito dos anos sesenta ós setenta, a relación entre a arte e a sociedade e, máis especialmente, entre a arte e a política, aumentou. Na pintura e na arte en xeral, a pluralidade de tendencias era a nota dominante. Foron uns momentos nos que moitos artistas levaron ás súas obras as preocupacións sociais. O máis frecuente foi facelo cunha linguaxe neofigurativa e expresionista, como a utilizada por Rafael Canogar. Entón, as discusións culturais e artísticas máis interesantes trataron da validez da investigación formal e o compromiso político, e uníronse a outras nas que os artistas de vangarda debateron se traballar —en tanto artistas e cidadáns comprometidos— coas elites culturais ou con tódolos interesados na arte e a cultura, independentemente da súa formación. Un froito desas discusións foi a fundación en 1968 da Asociación Sindical de Artistas Plásticos, o mesmo ano en que finalizaron as Exposi-

(...) o Equipo Realidad pretendeu denuncia-la sociedade de consumo propiciada polo *desarrollismo* que, ó contrario do que desexaban os seus responsables, afastaba a poboación dos valores defendidos polo réxime.

cións Nacionais de Belas Artes, onde se refuxiaban os artistas máis conservadores e anacrónicos. A plasmación na arte desas discusións consistiu, en resumo, en formularse se debía seguirse unha estética determinada, que viña a ser unha derivación do «realismo socialista», ou se se debería partir da liberdade total do creador. O triunfo da segunda posición foi mal entendido polos partidarios do realismo, xa que o interpretaron como un ataque á súa arte e un abandono da posibilidade de incidencia política e social da arte.

Á vez, o franquismo arrabuxábase, recorría outra volta ó estado de excepción, á represión (Proceso de Burgos de 1970) e á prohibición sistemática de todo acto cultural polo temor de que se transformase nun acto político (en 1971 prohibiuse unha homenaxe a Pablo Picasso con ocasión do seu noventa aniversario, e producíronse detencións).

Os derradeiros anos do franquismo coñeceron mobilizacións multitudinarias, como as protesta polo Proceso 1001, e unha actividade social e cultural desbordante ante a cal o réxime respondeu cun recrutamento da consabida represión. En 1972 celebráronse en Pamplona os «Encontros», unha auténtica e insólita illa de liberdade creativa que reuniu nesta cidade preto de trescentos cincuenta artistas experimentais, entre os que se encontraban músicos da altura de John Cage e Steve Reich, e atei-gou as rúas de experiencias artísticas, afastadas das manifestacións da vangarda ás que o país xa estaba afeito. Algúns artistas vascos e a banda terrorista ETA propugnaron un boicot ós «Encontros» —que non deron conseguido— por consideralos opostos ós intereses do pobo vasco e un intento de penetración do imperialismo cultural estadounidense. Ese mesmo ano, Italia acolleu a exposición Amnistía que Trata de España, na que estiveron representados un centenar e medio de artistas, con obras na súa maioría neofigurativas e con influencia do informalismo, especialmente do matérico, xunta outras nas que se usaban materiais non pic-



Xaime Quessada.
Cartel (fragmento).

dibuxos Xaime Quessada

tóricos, e unhas cantas mostras de abstracción xeométrica e do realismo social. A pluralidade artística incrementouse coa tímida aparición do minimalismo e da arte conceptual, que arraigou e se desenvolveu máis en Cataluña e que, como non podía deixar de suceder, tivo unha vertente política. Se ben entón ningún artista vivía á marxe da conflictividade social, ata qué punto a súa acción era unha oposición ou unha actitude de resistencia fronte ó réxime é algo que aínda non demos dilucidado.

O aumento da conciencia nacionalista tamén chegou á arte. Así, por exemplo, o catalán Tàpies creou iconas e emblemas a partir de graffitis e outros elementos populares de protesta, moitas veces anónima, que incorporou xunta símbolos cataláns peculiares (as pegadas dos movementos que deixan os pés ó bailar unha sardana).

Acabada a dictadura, durante a transición á democracia, os artistas españois deixaron de denunciar directamente coas súas obras a opresión do Estado, sen que por iso esquecesen o seu compromiso. Moitos creadores substituíron a iconografía política por outra máis relacionada coas inquietudes da sociedade emerxente, ou ben a abandonaron por completo.

NOTAS

¹ Arquivo do Ministerio de Asuntos Exteriores. Madrid. R-4838, expdte. 2.

Tàpies creou iconas e emblemas a partir de graffitis e outros elementos populares de protesta, moitas veces anónima, que incorporou xunta símbolos cataláns peculiares

ÁNGEL LLORENTE HERNÁNDEZ

PROFESOR DE ENSINO SECUNDARIO E DOUTOR EN HISTORIA DA ARTE

POLÍTICA E CULTURA NO FRANQUISMO EN GALICIA (1951-1962)

(LEMBRANZAS DUN COMPROMISO POLÍTICO)

XESÚS ALONSO MONTERO

Para este número da revista DEZ·EME, os seus directores solicitaron de min unha resposta ó epígrafe que encabeza estas liñas. Ate-reime, pois, ó título e tamén ós oito folios (máis ou menos) indicados.

Agora ben, en oito folios, en tan pouco espacio, non se pode abranguer un tema tan vasto e tan complexo, por moita capacidade de síntese que teña un, razón pola cal limítareime a falar dalgunhas das miñas actividades político-culturais en determinados anos da Dictadura. Foi isto, creo, o que me pediron os directores de DEZ·EME.

De 1951 a 1957

En 1951, estudante eu de segundo curso de Filoloxía Románica na Universidade de Madrid, publiquei o meu primeiro traballo: un breve «ensaio» titulado «A lingua galega desde Curros». Apareceu no terceiro número da colección Grial da editorial Galaxia (Vigo), que se estreaba ese ano. Galaxia era unha editorial legal, ou sexa, que acataba a legalidade franquista pero que estaba dirixida e inspirada por antifranquistas, característica que non se lles escapaba ás autoridades competentes. Pero o Réxime permitía —tiña que consentir— editoriais

non afectas con tal de que, non esencial, non atentasen contra as doutrinas dos vencedores da Guerra Civil, dispostos a administrar a victoria *per secula seculorum*. O Réxime tamén sabía que os directores e inspiradores de Galaxia militaban (moralmente) nun galeguismo pouco radical e que a súa plana maior, nos postulados políticos, estaba moi lonxe do marxismo, realmente a besta negra de Franco e os seus conmi-tóns. En efecto, o «anticomunismo» dalgúns homes importantes de Galaxia non era inferior ó dos «sentinelas de Occidente», circunstancia que non ignoraban as autoridades policiais e administrativas do franquismo.

Para o Réxime, pois, Galaxia era unha editorial gobernada por persoas máis ou menos de dereitas que facían, dentro da legalidade, galeguismo literario, galeguismo culturalista, o que, en principio, os intérpretes da lei consentían ou toleraban. Pero entre os intérpretes da lei, os máis «puros», os falanxistas «auténticos», aínda con certo poder dentro das «familias» do Réxime de Franco (incuestionable daquela), consideraban ese galeguismo —e as intencións caladas dos seus inspiradores— algo perigoso, algo que, nun futuro máis permisivo, podía cuestionar a unidade da patria,

dogma sagrado do nacionalsindicalismo máis belixerante.

A esta tribo pertencía Juan Aparicio, daquela director de *Pueblo* (Madrid) e que neste mesmo ano, 1951, será director xeral de Prensa. Vai ser no seu xornal onde publique unha inquisitorial carta aberta contra os «separatismos», que remata cunha consigna de Mussolini («Quien tiene el hierro tiene el pan»). Dirixida a Raimundo Fernández-Cuesta, ministro secretario do Movemento, hai nela un parágrafo que apunta —e dispara— a Ramón Piñeiro e a Galaxia:

El escritor que escribe en la colección «Grial», o redacta versos en antañona lingua de oc o en más arcaico vascuence, porque el castellano le parece toscó, infiel e inexpresivo, es un escritor que tiene faltas de ortografía en su pluma y en su alma, avergonzándose de que se le vean tales verguenzas al desnudo.

Querido y respetado Raimundo, habría que someterles a una cura psicoanalítica o traerles a Madrid por las buenas o por las malas, para que tonifiquen su sistema moral y su sistema nervioso en el competidísimo tomeo.

O escritor «que escribe en la colección “Grial”» era Ramón Piñeiro, o Ramón Piñeiro autor do ensaio «Significado metafísico da saudade (Notas pra unha filosofía galaico-portuguesa)», aparecido no primeiro número da colección, correspondente a abril de 1951. A el se refire Aparicio, sen dubida ningunha, cando, liñas antes, o tacha de «pedantón [que] traduce la filosofía alemana con ritmo de gaita». Juan Aparicio, que non era parvo, dá no branco: facer filosofía en lingua galega (nunha lingua B, diríase hoxe) implica, no autor e nos promotores da revista, unha concepción do idioma galego que vai máis alá do poema lírico e do relato folclórico, únicas dimensións adscribíbles á lingua galega polos custodios intelectuais do Réxime.



Quen manifestase ou exercese outra ambición —era o caso de Piñeiro, de Galaxia— postulaba unha Galicia, no futuro, incompatible coas esencias do franquismo, sobre todo do falanxismo. Nestas esencias estaba Juan Aparicio, jonsista de primeira liña e secretario do semanario *La conquista del Estado* en 1931. Cómpre aclarar que Aparicio non se equivocaba. Custodio da ortodoxia patria, sabía que o culturalismo de Galaxia tería inexorablemente, no seu día, unha dimensión política, que el, máis puro e máis sagaz ca outros, estaba disposto a abortar.

O primeiro que fai é denunciar, ó ministro da Falanxe, a «manobra», só en parte literaria, da editorial Galaxia, e, pasados uns meses, xa responsable da Dirección Xeral de Prensa, prohibir (sic) a publicación da colección Grial.

A prohibición —por razóns, aparentemente, técnicas— produciuse despois de saír o terceiro número, o dedicado, nos seus centenarios, a Curros Enríquez e a Emilia Pardo Bazán. Era o número de decembro de

Eric Satue. Cartel.

Ós 22 anos, eu non era —aínda non era— un cuestionador esencial do franquismo. (...) as prohibicións idiomáticas eran os feitos que máis me alporizaban intimamente

1951, no que eu, estudante universitario, me estreei como filólogo civil galego¹.

O 30 de decembro dese ano asistín, no casino de Vigo, ó acto de ingreso na Real Academia Galega, como membro numerario, do arquitecto Antonio Gómez Román, acto no que nin el nin Otero Pedrayo, o seu padriño académico, leron os seus discursos na lingua en que os redactaran: o galego. Horas antes do inicio do acto, o Gobernador Civil de Pontevedra decretou telefonicamente semellante anomalía.

En 1951, ós 22 anos, eu non era —aínda non era— un cuestionador esencial do franquismo. Alleo, na universidade, a calquera grupo clandestino verdadeiramente inconformista, as miñas únicas relacións con persoas desafectas eran as do grupo de Galaxia, Ramón Piñeiro especialmente. Nese esquema e con esas relacións persoais, as prohibicións idiomáticas eran os feitos que máis me alporizaban intimamente. Supoño que tamén o tomaba como unha cuestión persoal. Debo aclarar que o galego era o meu idioma desde os nove anos, o idioma dos meus pais e o dos meus irmáns e tamén o idioma da «nación sociolóxica» na que eu, de rapaz e de adolescente, traballaba, respiraba e soñaba. Por iso, cando a autoridade lle prohibía a don Ramón Otero Pedrayo dicir unhas palabras sobre o barroco galego —ben inocentes, por outra parte— eu tomábao como un agravio, como unha afronta, dobre quizais: a min e á «nación sociolóxica» dos meus². Non esaxero se aclaro que daquela, moi alleo eu aínda ó marxismo dos libros, tiña da miña fala unha concepción clasista non exenta de orgullo, agora mancado polos «señoritos» prohibidores. Supoño que a miña actitude «sociolóxica» ante a fala dos meus estaba reforzada por uns versos de Curros que eu sabía de memoria.

Fala de meus abós, fala en que os parias,
de trévoa e polvo e de sudor cubertos,
piden á terra o grau da cor da sangue
que ha de cebar á besta do laudemio...

C. Gil. Cartel. Italia.

Son versos da «Introducción» de *Aires da Miña terra* (1880), poema prologal que, en boa parte, é unha *laudatio* do idioma galego. No meu artigo de 1951, publicado no número 3 da colección Grial, eu citaba versos significativos desta *laudatio*.


Poucos anos despois, voume atopar con eses «señoritos» nun episodio importante da miña vida, non só da miña vida académica. Aconteceu en Santiago, no Paraninfo da Universidade, o 21 de marzo de 1957. Eu acababa de estrear como catedrático de Lingua e Literatura Españolas na Escola de Maxisterio. Era «el joven profesor de Literatura», como dicían os gacetteiros da localidade.

Nesta data entregábanse no Paraninfo compostelán os distintos premios literarios das Festas Minervais dese ano nas que fun xurado da modalidade de poesía galega. Nomeado eu mantedor do acto, algúns dos responsables decidiron que o meu discurso fose dito en galego, pero acordaron, ó mesmo tempo, que unha delegación —e, nela, eu— se entrevistase coas autoridades universitarias (o vicerrector, o secretario xeral e un decano) para ter o seu visto e prace.

Xa aquí, debo facer un inciso, consciente de que moitos lectores de hoxe asis-



Xaime Quessada. Cartel clandestino para o PCG (fragmento).



tirán, incrédulos, a este feito, acaecido case vinte anos despois de finalizada a Guerra Civil. O incrédulo lector debe saber que daquela non existía ningunha disposición legal que prohibise a utilización do galego nunha conferencia literaria no ámbito universitario (outra cousa sería dar en galego clases de xeografía, latín ou física dentro da estricta programación oficial). En efecto, non existía ningún tipo de prohibición escrita pero, na práctica, o galego nunca fora utilizado nunha tribuna universitaria desde xullo de 1936: pasaran vinteseis anos.

Quen por primeira vez vai proferir unha conferencia en galego na Universidade de Compostela vai ser don Ramón Otero Pedrayo, xusto un ano despois, o 5 de marzo de 1958, data na que o ilustre profesor de xeografía se xubilaba. El, sen solicitar a venia de ninguén, coa *autoritas* da súa obra e da súa biografía, fai uso, por primeira e única vez na súa vida de profesor universitario, da lingua galega.

Pero eu non era don Ramón. Conscientes da situación, fomos ó Rectorado da Universidade, horas antes do acto, para poñer

en coñecemento das autoridades académicas o noso desexo de que a intervención do mantedor literario fose en galego, o idioma —argumentamos— dunha boa parte dos textos premiados nas distintas modalidades das Festas Minervais. A ningún de nós se nos ocorreu a idea de aducir que non existía disposición legal que desautorizase o uso do galego neste tipo de actos: sería, pola nosa parte, naquel contexto e ante aqueles destinatarios, «chulería» extrema. Sen estendérense en moitas consideracións, as autoridades non autorizaron a opción idiomática da nosa proposta.

Horas despois, xa na tribuna de oradores, eu, que era o mantedor literario, obedecía a prohibición: non falei en galego. Pero, intimamente alporizado, inicie a miña alocución, sempre en castelán, cunhas consideracións que irritaron externamente ó decano, ó secretario e ó vicerrector que presidían o acto universitario. No meu exordio acolllíme a uns versos de Gonzalo de Berceo moi coñecidos nos que este ilustre poeta do século XIII expuña as razóns que o levaron a escribir en «román paladino» (o castelán, o seu vernáculo, o idioma da xente do común naquelas terras) e non no idioma palatino (o latín, o idioma dos letrados para as actividades culturais)³. Eu, nunha arroutada temeraria, retorcí un pouco a argumentación de Berceo, que extrapolei á miña comenencia. Dito moi esquematicamente, expuxen que eu, mantedor naquel acto literario, non fora autorizado a falar no meu «román paladino», lingua, por outra parte, da maioría dos textos premiados naquela festa das Letras. Ante esa prohibición *de facto*, non *de iure*, eu tiña que facer un esforzo moi especial para renunciar ó meu «román paladino», o galego, e expresarme no «román palatino» oficial, no latín dos libros e da Universidade, no castelán, lingua na que estaba instalado, sen dúbida, pero que constitúe para min un «humus» menos cálido, menos agarimoso. As autoridades académicas —o vicerrector, o secretario, o decano— facían xestos de desaprobación, alporizados

O incrédulo lector debe saber que daquela non existía ningunha disposición legal que prohibise a utilización do galego nunha conferencia literaria no ámbito universitario (outra cousa sería dar en galego clases de xeografía, latín ou física dentro da estricta programación oficial)

Xa recoñecín noutro lugar que eu cheguei a Marx da man de don Antonio Machado



Antoni Tàpies. Cartel "psuc per Catalunya, la Democràcia i el Socialisme".

—e avergonzados— de que alguén, en público, os presentase como inquisidores lingüísticos. Tentados estiveron de suspender o acto. Cando terminei a miña «conferencia» en castelán, un dos copresidentes, filólogo de oficio, colleume polas solapas e berroume: «¡Qué dirán ahora en Madrid!» Así pois, os presidentes do acto non só estaban en desacordo comigo, senón que temían a reacción de Madrid, supoño que a do ministro de Educación, non a do Caudillo⁴.

Non sei en qué forma, pero desde ese día (21 de marzo de 1957) houbo unha mancha negra na miña folla de servicios, que, dalgún xeito, se tería en conta cando, en 1975, por motivos políticos, fun «desterrado» do instituto de Lugo ó de Montilla (Córdoba).

De 1957 a 1962

En 1957 lin con fruición —e relín con devoción— dous traballos de don Antonio Machado, poeta amado sempre por min e autor dun libro en prosa, *Juan de Mairena* (1936), que está entre os máis incitantes do

século xx español. Os dous traballos, escritos no fragor da Guerra Civil, foron: unha alocución de 1937, o «Discurso a las Juventudes Socialistas Unificadas», e un artigo de 1938, «Lo que recuerdo yo de Pablo Iglesias». Eran, na España de 1957, literatura clandestina. Figuraban nun volume de prosas de don Antonio publicado nunha das coleccións da editorial Losada de Buenos Aires, editorial coa que moitos temos unha débeda de gratitude. O libro adquirino na sección clandestina do portal do «Xudío» (Eduardo Hernández), sito en Santiago na rúa do Vilar. Coa librería do Xudío están en débeda xeracións de letraferidos composteláns.

Xa recoñecín noutro lugar que eu cheguei a Marx da man de don Antonio Machado⁵. No ermo esquerdista do Santiago clerical, eu lía, entre outros, este parágrafo do gran don Antonio:

Desde un punto de vista teórico, yo no soy marxista, no lo he sido nunca, es muy posible que no lo sea jamás. Mi pensamiento no ha seguido la ruta que desciende de Hegel a Carlos Marx. Tal vez porque soy demasiado romántico, por el influjo, acaso, de una educación demasiado idealista, me falta simpatía por la idea central del marxismo: me resisto a creer que el factor económico, cuya enorme importancia no desconozco, sea el más esencial de la vida humana y el gran motor de la historia. Veo, sin embargo, con entera claridad, que el socialismo, en cuanto supone una manera de convivencia humana, basada en el trabajo, en la igualdad de los medios concedidos a todos para realizarlo, y en la abolición de los privilegios de clase, es una etapa inexcusable en el camino de la justicia; veo claramente que es esa la gran experiencia humana de nuestros días, a que todos de algún modo debemos contribuir.

Soletreaba estas palabras de vagariño e, por se fose pouco, con emoción clandestina.

Creo que no mesmo volume da editorial Losada figuraba o artigo de don Antonio «Sobre la Rusia actual», que brindaba ó meu espírito este texto de ouro:

El marxismo contiene las visiones más profundas y certeras de los problemas que plantea la economía de todos los pueblos occidentales. A nadie debe extrañar que Rusia haya pretendido utilizar el marxismo en su mayor pureza, al ensayar la nueva forma de convivencia humana, de comunión cordial y fraterna, para enfrentarse con todos los problemas de índole económica que, necesariamente, habrían de salirle al paso.

Así pois, cheguei ó marxismo, que empezou a entusiasmarme levado pola man de quen, «stricto sensu», non era marxista. Devoto eu de don Antonio —do home, do poeta e do autor do *Juan de Mairena*— non podía atopar mellor guía, máis fiable incitador.

Non coñecía eu en 1957 as palabras de Castelao, contemporáneas e moi semellantes ás de don Antonio Machado:

Yo no soy comunista. No sé si tengo condiciones para serlo. No sé si pesan sobre mi prejuicios adquiridos en la infancia y en la lectura de libros venenosos. Pero, [...] en mi viaje a la URSS he adquirido la convicción de que allí se está engendrando una nueva vida que ha de ser el molde de los demas pueblos del mundo.

Castelao finalizaba estas declaracións con este desexo: «Al volver de la URSS y al pasar por Londres y París he notado que viviría mucho más a gusto en la Rusia soviética»⁶.

Cheguei, pois, ó marxismo non da man de Marx nin de Engels nin de Gramsci nin de Lukács, por citar autores ós que, nalgunha medida, non tardei en coñecer.

En 1957 —ou quizais en 1958— tamén adquirín na do «Xudío» un libro de Jean-



Rafael Alberti. Cartel.



Paul Sartre que me marcou, que marcou, sobre todo, a miña condición de profesor de Literatura: *Que'est-ce que la litterature?* Publicado en 1948 —o ano en que principiei os estudos universitarios—, lino nun exemplar da segunda edición castelá (*¿Qué es la Literatura?*, 1957), unha vez máis da benemérita editorial Losada de Buenos Aires.

Remoendo estas páxinas, no curso 1958-1959 fago oposicións, en Madrid, a cátedras de Lingua e Literatura Españolas de Institutos Nacionales de Enseñanza

Juan Genovés. Cartel.

En Lugo, ó pouco de empezar a exercer como explicador de palabras e como comentarista de textos, fun cualificado de profesor galeguista e, sobre todo, comunista

O tema da literatura comprometida era para min, naquelas datas, unha teima, tanta que, *velis nolis*, saía sempre

Media (así se chamaban daquela). Despois dun ano no Instituto Jorge Manrique de Palencia (1959-1960), solicito o traslado ó masculino de Lugo onde profesei durante dezaseis cursos (1960-1976).

En Lugo, ó pouco de empezar a exercer como explicador de palabras e como comentarista de textos, fun cualificado de profesor galeguista e, sobre todo, comunista. Nos primeiros anos de Lugo (unha cidade amurallada onde as ideas entraban de contrabando) eu non era, para moitos, un comunista: era «o comunista», coma se non houbera outro naqueles eidos. Como cidadán creo que non merecía nin tanto risco nin tanta grandeza, e, como explicador de palabras e de textos literarios, confeso que o meu marxismo era moi limitado: pola miña erudición, moi exigua, e polas miñas cautelas, que, segundo parece, non sempre foron suficientes.


Na miña primeira clase de Literatura en Lugo ós alumnos de sexto curso (outubro de 1960), en vez de explicar a lección correspondente do libro de texto oficial (o alborcer da literatura española), fixen, durante unha hora, un exercicio sartreano. Fiel ó incitante libro de Sartre, *Que é a Literatura*, pronuncieime a fondo sobre a noción do compromiso, do compromiso do escritor, e

tratei de responder, entre outras, á desacou-gante pregunta: «¿para quen se escribe?» Seguindo ó radical pensador francés, aclarei que o escritor non escribe hoxe nunha sociedade sen clases, que non existe, senón nunha sociedade con clases na que se impón tomar partido: ou cos asoballados ou cos asoballadores. Poucos anos despois, xa publicado o famoso relato de Neira Vilas *Memorias dun neno labrego* (1961), eu exemplificaba desta maneira: ou se está con Balbino ou se está con Manolito.

Nas clases, falase das cantigas de escarnio ou de Góngora, de Cervantes ou de Machado, a noción do compromiso estaba moi presente. Era unha paixón.

No ano 1961, nun ciclo de conferencias do instituto, disertei sobre o compromiso na poesía española contemporánea. Atíñame, basicamente, ós textos recolleitos por José María Castellet na súa escolma *Veinte años de poesía española (1939-1959)*, que acababa de publicarse. Na miña disertación citaba e recitaba, unha e outra vez, versos de Gabriel Celaya, Blas de Otero, Ángel González, Eugenio de Nora, José Hierro, Jesús López Pacheco... Tempo despois, souben que unha profesora de historia do instituto, Ignacia Ramos, aclaroulle a unha colega: «Sólo cita poetas comunistas». A conferencia, pois, confirmou e fortaleceu, ante moitos, a miña condición de «comunista». Nesa disertación expuxen por primeira vez o que, logo, nun artigo, titulei «Parábola de las camisas, y de las corbatas»⁷. A parábola, vindo de min, estaba moi clara: en materia literaria, ¿para que fermosas gravatas se non temos camisas que poñer?

O tema da literatura comprometida era para min, naquelas datas, unha teima, tanta que, *velis nolis*, saía sempre. Saíu tamén no coloquio que suscitou, en novembro de 1961, a mostra de pintura de Villar Chao, exposta nun salón do Círculo das Artes. Ó día seguinte, alguén que se ocultaba baixo o pseudónimo Machamartelo manifestou, nunha carta aberta publicada no xornal lugués *El Progreso*, a súa desconformi-



Antoni Tàpies.
Cartel "Amnistía".

dade en termos, ás veces, un pouco faltóns: «... Su altisonante monopolización de la palabra tenía un aire sibilino, pero no explicó cómo puede ser arte un arte que acepta el compromiso. Hay palabras que no casan, que se repelen, que se descomponen si se mezclan». Reproduzo a miña resposta, publicada no mesmo xornal e na mesma data:

Sr. D. Machamartelo

Mi desconocido señor:

Le agradezco vivamente el que me brinde la ocasión de hablar sobre un tema tan sabroso como el de la literatura comprometida. Hay dos cosas que conviene advertir antes de entrar en el corazón del problema: que yo, fundamentalmente, deseaba el compromiso para la Literatura y no para todas las Artes, y que me produce una gran extrañeza su sorpresa ante el tema, ajeno a mi invención. No conociendo con exactitud cuáles son sus supuestos, me es imposible dar en el blanco. Se me ocurre, sin embargo, proponerle unos versos gallegos aparecidos recientemente en una revista española, *Papeles de Son Armadans*. Son de Celso Emilio Ferreiro:

(Poetas conformistas desta terra

[...]

mentras o home loita, chora e sofre,
cantai a violeda, a margarida,
e desfollai a rosa reticente
dos vosos mínimos problemas...

Decide sí a todo e medraredes).

Por hoy, pues, nada más. Y como es norma en el juego, escribo la cara de mi nombre y la de mis dos apellidos.⁸

O señor Machamartelo replicoume, pero eu, sen transixir coa súa pseudonimia, non contrarreplichei. Agora sei quen era Machamartelo: Pedro, poeta vergonzante e policía da Brigada Político-Social na comisaría de Lugo. Alí, anos despois, interrogoume unha vez, e non como poeta.

O Primeiro de Maio de 1962 ingresei no Partido Comunista, pero desde un ano antes xa



X. Conde Corbal. Cartel.

era para moitos, naquela cidade pequena e pobre, Alonso Montero «o comunista».

¿Comunista? Sempre pensei que, referido a min, era una fermosa calumnia. Se fose máis novo, loitaría anos e anos por merecer tanta grandeza.

NOTAS

¹ Persoas importantes de Galaxia teñen contado que se lles comunicou a prohibición cando xa estaba impreso o número 4, o derradeiro (*Aspectos económicos y jurídicos de Galicia*), impreso en marzo de 1952.

² Posúo copia do discurso de resposta de Otero Pedrayo, que coñezo ben, por tanto.

³ É a segunda cuaderna vía da *Vida de Santo Domingo de Silos*, que comeza: «Quiero fer una prosa en román paladino...»

⁴ Este episodio cóntoo polo miúdo e coméntoo no «Prologo das *Páxinas dispersas* de Antonio Baltar (Sete notas breves e un apéndice longo)», ver Antonio Baltar, *Páxinas dispersas*, Edición do Castro, 2002.

⁵ *O Meu Marx: tres notiñas*, Faro de Vigo, 7 de outubro de 1983, no suplemento Artes e Letras dedicado enteiraamente desde Galicia a Carlos Marx.

⁶ *Nueva Galicia*, Barcelona, 43, 12 de xuño de 1938, pág. 3.

⁷ *El Progreso*, Lugo, 3 de marzo de 1963.

⁸ Esta polémica recóllese no meu libro *La palabra en la realidad*, Lugo, Celta, 1963.

O Primeiro de Maio de 1962 ingresei no Partido Comunista, pero desde un ano antes xa era para moitos, naquela cidade pequena e pobre, Alonso Montero «o comunista»

JESÚS ALONSO MONTERO
PROFESOR EMÉRITO DA USC
E MEMBRO DA REAL
ACADEMIA GALEGA

MULLERES E POLÍTICA

CARMEN BLANCO

A Xoana Capdevielle.
A todas as acosadas, violadas,
torturadas e asasinadas.

*No lugar onde medran as silveiras
e discorre a auga pola estrada*

houbo antes un suco de sangue

inzando de nomes as cunetas:

A cuneta Camilo Díaz Baliño

segundo se vén de Santiago.

A cuneta Juana Capdevielle

segundo se vén dende A Coruña.

Claudio Rodríguez Fer,
"Memorial dos foxos de Lugo"


Dicía Jonathan Swift, citando outros textos anteriores, que a opresión fai tolear as persoas sabias e que, en compensación, sería desexable que puidese ensinar algo de sabedoría ás imbéciles, é dicir, engado eu, ás opresoras e ás oprimidas que non se decatán ou non se queren decatar de que o son. A conxuntiva e a disxuntiva «muller e política» é un deses problemas que, se non chega a tolear, polo menos leva a un dos seus límites máis límites a razón e a sabedoría e fóra dos límites a práctica e a actuación.

En xeral, as mulleres e a política son, polo menos, dúas realidades pouco harmónicas e foron, e aínda son, en moitos aspectos, incompatibles, impensables e irreconciliables, pero, ao mesmo tempo, indisolubles. Sen dúbida a causa destas complexas contradicións está no poder sexual sobre o que se construíu a *polis* e que permaneceu sempre na base dos distintos sistemas polí-

ticos como un centro esencial do control das mulleres e dos homes, regulamentando explicitamente a vida pública e un pouco máis implicitamente a privada, con leis e normas de exclusión ou marxinação, emanadas en cada situación histórica dos centros máximos de conxunción dos distintos poderes dominantes.

No contexto universal que coñecemos, desde sempre existiu o poder, por desgracia, pero tamén desde sempre, por sorte, existiron persoas que se resistiron e combateron como puideron ese poder. Hoxe sabemos xa moito deste grande relato histórico, universal e particular, do discorrer do poder sexual, baseado na imposición de diversos sistemas identitarios de sexo-xénero-sexualidade-subxectividade, como paradigmas máis ou menos totalitarios, que os homes que se apartaban deles e o conxunto xeral das mulleres tiveron e teñen que padecer. No ensaio *O contradiscurso das mulleres* (Vigo, Nigra, 1995) e na súa versión castelá ampliada *El contradiscurso de las mujeres*, publicado na mesma editorial en 1997, tratei de sintetizar precisamente a historia menos contada, o relato da resistencia fronte a ese poder sexual, centrándome tamén na historia, nalgúns casos, como no noso caso galego, daquela aínda nunca contada: a historia do feminismo ou do movemento de liberación da muller, de aí o seu subtítulo, *Historia do proceso feminista*.

Esta historia, a do feminismo, atacou as bases dese omnipotente poder sexual e, en consecuencia, contribuíu a modificar as relacións entre as mulleres e a política, conseguindo no noso contorno máis inmediato a case desaparición das leis e as normas



Antoni Tàpies. Cartel

explícitas de exclusión e a atenuación, en boa medida, do status de marxinación no aspecto formal do sistema político. Pero, máis alá das formas do politicamente correcto, na realidade viva, visible e palpable, do propio sistema político e da vida real da sociedade, esa marxinación persiste, porque persisten as imposicións e as opresións por razón de sexo. Neste momento, como ocorreu case sempre, a situación é complexa e a actuación resistente e combativa, moi difícil. A revolución das mulleres, a revolución sexual e a revolución profunda e total do ser humano na que as primeiras se insiren e sen a que non son posibles está en proceso, pero o seu final —esperamos e confiamos en que algunha vez o haxa, se é que o mundo dura— dista moitísimo de ser alcanzado. Polo demais, é unha revolución, coma todas, lenta —demasiado lenta— e silenciosa —moi silenciosa—, aínda que, naturalmente, aos reaccionarios lles parece que neste aspecto, coma en todos os demais, o mundo vai moi de présa, e os conservadores e reformistas que queren calar os nosos berros —ruidosos ou silenciosos—, para acalalos, os mostren en doses máis ou menos aceptables dentro do sistema e parezan mesmo compasarse á nosa beira.

No actual mundo globalizado o poder peta e retumba en todas as partes e as por el empequencidas loitas antipoder a penas lle tocan e moito menos se lles deixa que se escoiten os seus cantos. O control é férreo, moi férreo, como nun grande cárcere de altísima seguridade, construído coas máximas prestacións ultramodernas ao servizo do suposto benestar duns máis ou menos poucos e sobre o oculto malestar de moitos outros. O aspecto externo do edificio do sistema asombra e mesmo a moitos lles parece admirable. Porque o poder rouba á razón humana o sentido, dándolle a volta ao seu favor e quitándolle, por tanto, todo o seu sentido á profundísima beleza das súas formas máis humanas e aos lugares onde é posible sentir a liberdade. O disface da asimilación superficial engana e así triunfa a reacción xorda travestida de «progreso». Esta é a cara negativa da falsa política institucionalizada do politicamente correcto. Cómpre desenmascarar esa opresión na entroidada dos seus simulacros, porque rouba a mensaxe das razóns para desactivalas. Por exemplo, a aparición pública de acosadores e maltratadores e de acosadoras e maltratadoras como paladíns da liberación e da solidariedade coa causa das mulleres. Por exemplo, a venda como «feministas» e «progresistas» e «liberadores» de discursos e produtos exaltadores de retrógrados valores relixiosos, moralistas e *familistas*. Aquí está o problema. Pero hai outra cara positiva: que o poder teña que cambiar de cara. De paso, incluso, pode cambiar algo máis e mesmo alguén pode convencerse e cambiar de bando. E esta necesidade de cambios deriva, sen dúbida, da forza da razón da liberación que se fai incuestionable e necesaria, non só para quen a quere e a busca, senón tamén para quen non a quere e quere parala. Aquí radica a esperanza.

Esta é a situación presente. En Galicia. Como no mundo. Só que aquí o cárcere é máis pequeno. E sen dúbida a vixilancia e o control son máis fortes que noutros puntos

No actual mundo globalizado o poder peta e retumba en todas as partes e (...) o control é férreo, moi férreo, como nun grande cárcere de altísima seguridade, construído coas máximas prestacións ultramodernas ao servizo do suposto benestar duns máis ou menos poucos e sobre o oculto malestar de moitos outros


Mercedes Ruibal. Cartel

máis privilexiados do planeta, como son moitísimo máis fortes aínda naqueloutros puntos menos privilexiados. Avanzar contracorrente non é doado. Pero perseveramos. Porque nunca foi fácil avanzar. E hoxe temos o bo que temos porque outras e outros perseveraron e mesmo en situacións máis difíciles como a guerra e a dictadura.

Para avanzar cómpre estar facendo memoria sempre, aínda que só sexa porque o poder a oculta. E sabe moi ben por qué. En *O contradiscurso das mulleres*, igual que en *Mulleres e independencia* (Sada, Edicións do Castro, 1995), fixen memoria dos colectivos e das persoas que máis contribuíron á loita contra o poder sexual atendendo especialmente a Galicia; periodicicei as etapas e caractericei as estratexias e os logros, por exemplo, do período republicano, da revolución da guerra civil, da resistencia antifranquista e da tardía explosión feminista postsesentaioito, chegando ata fins dos noventa. Ao que neles escribín remítome. Outras persoas e grupos —entre eles, esta revista que me acolle— fixeron antes e/ou despois ca min tamén contribucións importantes, sobre todo en torno ao tema de muller e política xeral. Neste terreo avanzouse bastante gracias a un duro e silencioso labor levado a cabo fundamentalmente por profesionais progresistas da ciencia histórica e por militantes da esquerda galeguista, socialista, comunista e libertaria óu persoas que eran as dúas cousas á vez.

Pero queda moito por facer. Aínda non recoñecemos o suficiente, porque en moitos casos non o coñecemos, o labor de base e subsistencia escura pero imprescindible que moitas máis mulleres das que poderíamos pensar fixeron na resistencia progresista, antifascista e feminista. Aínda non honramos o suficiente as asasinadas, torturadas, violadas, encarceradas, perseguidas, acosadas e maltratadas polo fascismo. As que tiveron que agacharse e exiliarse e as fuxidas. As que participaron na guerrilla. As que sostiveron a difícilísima loita antifranquista desde as distintas fronteas ideolóxicas e

padeceron tamén persecución, acoso, cárcere e exilio ou se viron obrigadas a emigrar ou a cambiar de vida ou acabaron soas ou desencantadas. As combatentes contra o poder sexual, tan fortes —porque o teñen que ser— e tan fráxiles —porque as queren facer—, que padeceron o que non digo pero que se dirá un día.



Un día. Miremos o presente e tamén o futuro con activa paciencia revolucionaria. Avanzamos. Por exemplo, as mulleres están en todas as partes, aínda que isto en si mesmo non sexa garantía de nada. Por exemplo, nas actuacións propiciadas en torno á Marcha Mundial das Mulleres 2000 houbo logros, aínda que non só. E houbo sempre e haberá sempre logros nas auténticas accións solidarias, como non os haberá nunca —aínda que aparentemente e de inmediato poida parecer o contrario— na utilización interesada e puntual das persoas e dos seus problemas ao servizo da loita de poderes, pequenos ou grandes, pois, a máis ou menos longo prazo, virán e veranse os desastres.

A razón dínos que o lóxico sería que cada día puidesemos vivir un pouco mellor. Por esta razón vivimos. A revolución profunda prosegue. Será. É. Silenciosa. E o poder caerá polo seu propio peso.

Para avanzar
cómpre estar
facendo
memoria
sempre, aínda
que só sexa
porque o poder
a oculta. E sabe
moi ben por qué

CARMEN BLANCO
PROFESORA DA USC

UNHA REFLEXIÓN SOBRE A LEI DE CALIDADE DESDE UNHA PERSPECTIVA PEDAGÓXICA

MIGUEL VÁZQUEZ FREIRE

Dous modelos: comprensividade ou segregación

O proxecto de Lei de calidade aprobado polo Goberno e que axiña será presentado no Parlamento supón unha auténtica inversión do modelo de política educativa que caracterizaba a LOXSE e que é cualificado como comprensivo.

Lembremos brevemente en qué consiste o modelo comprensivo. Este define como finalidade prioritaria do sistema educativo proporcionar á **totalidade** da poboación escolar os medios para acadar uns obxectivos de aprendizaxe comúns durante o período de escolarización obrigatoria. Simultaneamente, aspira a ampliar ese período o máis posible e a establecer unhas pautas orientadas a evita-la creación de redes de escolarización con diferente valor académico.

Este modelo parte, desde logo, dun suposto previo: o de que a totalidade da poboación escolar durante esa etapa (que, como é sabido, a LOXSE ampliou ata os 16 anos) dispón, agás casos derivados dalgún tipo de doenza ou discapacidade, de capacidades de aprendizaxe suficientemente semellantes, de tal modo que as obvias diferenzas particulares entre o alumnado non xustifican a súa segregación en grupos diferentes nin impiden o traballo nun mesmo



grupo de individuos que poden levar ritmos de aprendizaxe non idénticos.

É máis, o ideal comprensivo chega ata o punto de considerar que, mesmo no caso do alumnado con discapacidades, o obxectivo debe ser mantelo no mesmo grupo de iguais, entendendo que neste caso cobran máis importancia os obxectivos de socialización cós específicos de aprendizaxe.

Son moitos (non direi todos, desde logo) os teóricos da educación que afirman que este modelo é o que mellor responde ás

Armando Cardona
Torrancell. Cartel.

X. Conde Corbal. Cartel.

Só unha
concepción
elitista da
democracia
xustificaría o
suposto de que
a educación
básica e
obligatoria
debe establecer
redes de
escolarización
diversas para
os futuros
cidadáns, sobre
o suposto de
que hai
obxectivos que
só son accesi-
bles para uns
poucos ou
outros
accesibles para
uns pero non
para outros

aspiracións dunha sociedade democrática. En efecto, a sociedade democrática caracterízase, como é sabido, por facer repousar nos cidadáns libres a lexitimidade derradeira de toda a orde social e, en tanto que as sociedades democráticas modernas teñen un carácter universal, son cidadáns libres tódolos cidadáns con independencia do seu sexo, extracción social, raza, ideario relixioso ou político. Só unha concepción elitista da democracia xustificaría o suposto de que a educación básica e obrigatoria debe establecer redes de escolarización diversas para os futuros cidadáns, sobre o suposto de que hai obxectivos que só son accesibles para uns poucos ou outros accesibles para uns pero non para outros.

Esta concepción, por suposto, non nega a diferenza na dotación intelectual e, loxicamente, as diferenzas de aprendizaxe que previsiblemente se observarán entre os diferentes alumnos e alumnas. O que nega é que esas diferenzas xustifiquen a formación de redes de escolarización segregadas durante a infancia e primeira adolescencia.

Resistencias do profesorado

Este era o modelo que inspiraba en liñas xerais á LOXSE, modelo que necesariamente había xerar problemas na nova etapa que expresaba de forma máis manifestá a ruptura co modelo precedente: a ESO. En efecto, o profesorado de bacharelato, encargado de impartir (con acompañamento dalgúns mestres procedentes da antiga EXB) esta nova etapa, atopouse cunha esixencia que rachaba frontalmente co que ata entón viña sendo a súa práctica docente habitual. Sinalo algunhas das notas características desta ruptura:

- O profesorado tradicional de bacharelato asumía como función a de dar uns determinados contidos conceptuais —a miúdo fixados a través dunha longa tradición en disciplinas académicas moi ritualizadas— a clases de alumnado pre-



tendidamente homoxéneo (de idade semellante e, sobre todo, con semellantes coñecementos de partida), e comprobar se ese alumnado tiña adquiridos os contidos transmitidos, comprobación que se facía case exclusivamente mediante exames escritos.

- O profesorado non asumía como unha función que comprometése a súa propia idoneidade a de conseguir que, se non a totalidade, a maioría do seu alumnado acadase os obxectivos de aprendizaxe previstos. Só isto explica que o profesorado de certas disciplinas nas que, curso tras curso, as porcentaxes de suspensos chegaban ata o 90 %, non só non se preguntaban en qué erros podían estar incorrendo, senón que, moi ó contrario, chegaban a exhibir esa alta porcentaxe de fracaso do seu propio alumnado como sinal de prestixio.
- A avaliación, polo tanto, reducíase practicamente ós exames escritos e só se aplicaba sobre o alumnado. Nin o profesorado nin o funcionamento do centro educativo como conxunto nin o currículo eran avaliados nin, en consecuencia, discutidos.

- A meirande parte do profesorado de bacharelato amosaba (e probablemente amosa aínda) un notorio desprezo polos procedementos didácticos e a formación pedagóxica. Un bo profesor de química ou de filosofía é un profesor que sabe química ou filosofía. **Saber ensinar** esas ou outras materias considerábase, no mellor dos casos, unha simple cuestión de habilidade comunicativa que non precisaba de ningún tipo de formación específica.
- Finalmente, boa parte do profesorado consideraba innecesaria, e mesmo moitas veces contraproducente, a participación activa dos pais e nais na vida dos centros, e víanos frecuentemente como censores incompetentes do seu traballo e non como necesarios colaboradores.

Con este marco de partida, era evidente que o éxito da nova etapa pasaba por forza pola modificación radical da concepción pedagóxica do profesorado de bacharelato, agora de secundaria. Os promotores da LOXSE sabían ben e así consta en numero-

sos documentos de traballo. O pulo dado por eses anos ós Centros de Formación do Profesorado e ós cursos de formación así o proba, aínda que por desgracia é moi dúbido que conseguisen o seu obxectivo.

O (suposto) fracaso da LOXSE

Detéñome nestes aspectos porque unha das teses fortes que quero formular aquí con claridade é que no «fracaso» da LOXSE tiveron moito que ver as resistencias do profesorado de secundaria a asumir os novos obxectivos que a lei lles propuña en tanto que os obrigaba a modificar certas rutinas adquiridas e nas que a maioría se sentían comodamente instalados. Se ós aspectos antes mencionados lles sumámo-los cambios nos currículos e as novas esixencias desde a perspectiva do traballo de equipo, temos unha ampla lista de queixas que o profesorado axiña manifestou, antes mesmo de valora-la idoneidade educativa da nova lei. Aceptar que a insistencia dos promotores da LOXSE nunha terminoloxía pretendidamente técnica, a miúdo innecesariamente innovadora e mesmo nalgúns casos francamente ridícula, favoreceu o fácil rexeitamento, non debería impedir recoñecer que desde moi cedo apareceron actitudes hostís, xustificadas máis por intereses estreitamente corporativos ca non por análises fundadas en valoracións estritamente educativas.

Por suposto, isto tampouco debería obstar para recoñecer que o modelo comprensivo, para alén destas resistencias corporativas, presentaba problemas. O máis evidente é o da atención á diversidade: ¿como compaxina-lo ideal comprensivo coa oferta de estratexias de traballo e mesmo de contidos que respondesen ás distintas motivacións e intereses dos rapaces de entre 12 e 14 anos?, ¿como compaxinalo cos diferentes ritmos de aprendizaxe dos distintos alumnos e alumnas? E sobre todo, porque aquí foi onde apareceu o problema

(...) no «fracaso» da LOXSE tiveron moito que ver as resistencias do profesorado de secundaria a asumir os novos obxectivos que a Lei lles propuña en tanto que os obrigaba a modificar certas rutinas adquiridas e nas que a maioría se sentían comodamente instalados

Pedro Díez Gil. Cartel.



Xosé Luís de Dios.
"Non pagar", cartel.



Trátase de retornar ó vello modelo segregado, por máis que o Goberno o revista co cualificativo, máis defendible, de «modelo de oportunidades», do mesmo xeito ca cando promove o ensino privada. fala de «liberdade de ensino»

máis grave: ¿como afronta-los casos de alumnos ou alumnas que se negaban a colaborar nos procesos de aprendizaxe e que coa súa actitude dificultaban, cando non impedían, o traballo da clase?

O modelo segregado

Estes son, desde logo, os auténticos problemas do modelo comprensivo. Pero, no canto de afrontalos esixindo da Administración as medidas que poderían facilitala súa solución (mellora dos departamentos de orientación, redución do número de alumnos por aula, máis profesores de apoio, incremento dos recursos dos centros), o profesorado optou por negalo valor do modelo e reclama-lo regreso ás vellas concepcións. A insistencia na crítica da famosa «promoción automática» ou «por imperativo legal» foi a manifestación probablemente máis popular deste rexeitamento que agora, como se ve, é ben aproveitada pola dereita para proclama-lo fracaso da comprensividade —da LOXSE— e presenta-lo seu modelo como a agardada panacea.

A paralela crítica sobre a «exeibización» da secundaria e a baixada dos conti-

dos cómpre sinalar que non estaba falta de xustificación. Pero é que efectivamente o modelo comprensivo persegue conseguir que **máis cheguen máis lonxe** nas súas aprendizaxes aínda que a consecución deste obxectivo poida supoñer que algúns dos menos —os alumnos de máxima excelencia— poidan chegar menos lonxe. O contrario do que ocorre co modelo segregado, que se propón atender especialmente a formación dos «mellores» (neste sentido é significativo, por exemplo, que a nova lei preste atención ó caso dos chamados «superdotados», que obviamente está lonxe de ser un problema prioritario para o ensino público).

Falemos xa, pois, deste novo modelo. De principio, o alcume de «novo» non lle acae. Trátase de retornar ó vello modelo segregado, por máis que o Goberno o revista co cualificativo, máis defendible, de «modelo de oportunidades», do mesmo xeito ca cando promove o ensino privado fala de «liberdade de ensino».

O modelo segregado adopta unha perspectiva fortemente propedéutica. Cada etapa educativa concíbese como un banzo para acceder á seguinte, prevendo que aqueles alumnos que non acaden no banzo precedente o nivel de coñecementos esixible, deberían permanecer no anterior ou finalmente seren expulsados do sistema.

Este modelo, como acontecía co comprensivo, tamén parte dun suposto previo: o de que as capacidades de aprendizaxe dos diferentes individuos desde o nacemento son moi diversas. Por iso se lle atribúe ó sistema educativo a finalidade de seleccionalos mellores separándoos dos peores. A educación é interpretada esencialmente como un mecanismo de selección destinado en última instancia a prepara-las elites que deberán ocupa-los postos directivos da sociedade. Que curiosamente esta selección, coma tantas veces teñen probado os estudos dos sociólogos da educación, acabe reproducindo na maioría dos casos a división social xa precedente, de xeito que os

fillos de clase obreira acaban abandonando os estudos para ocupar postos de traballo da clase obreira (parafraseando o título dun estudio sociolóxico británico), demostraría que despois de todo a separación das clases sociais é lexítima consecuencia das diferentes capacidades dos individuos.

Por suposto, a dereita tamén ten os seus ideólogos que «demostran» que eses estudos sociolóxicos «esquerdistas» están errados. Suxiro a ilustrativa lectura dunha obra xa vella dun dos gurús da nova dereita, o xornalista francés Jean François Revel. En *O coñecemento inútil* arremetía contra as reformas educativas dos socialistas franceses con palabras que podían estar pensadas para ataca-la LOXSE (e de feito moitos argumentos do PP semellan copiados desa obra).


Velaí témo-lo modelo segregado reconvertido en modelo «de oportunidades». Cómpre engadir que a nosa dereita (contra a «boa» dereita republicana e xacobina francesa), non confiando na capacidade da escola pública para asumir-lo reto de garantir esas «oportunidades», procura potenciar ademais a privada para asegurar que a excelencia académica estea acompañada de idearios (agora denominados «carácter propio») acordes coa súa paralela diferenciación social.

Ás voltas co fracaso escolar

Analicemos cómo se concreta este modelo na nova proposta de lei. Esta xustifica a súa necesidade polo suposto fracaso do modelo comprensivo implantado pola LOXSE, acusándoo de ser causa do alto fracaso escolar que caracteriza o sistema educativo español e que se concretaría na cifra dun 25 % do alumnado que sae do sistema sen acceder a ningún título. Que logo se acuse repetidamente a LOXSE de promover unha cultura da preguiza favorecendo a progresión automática e rebaixando os niveis de esixencia, non se percibe como contradictorio. E logo, ¿en que quedamos?: ¿a LOXSE regalaba os títu-

los ou era demasiado esixente?, ¿ou quizais simplemente o problema non está aí?

Que se recoñece que o problema, desde logo, non está aí —na progresión automática— amósase en que, despois de que o Goberno e os seus partidarios insistisen niso presentándoo como a gran barbaridade da LOXSE, postos a facer contas finalmente viñeran a acabar na famosa e deostada «PIL» («por imperativo legal»). Efectivamente, no texto do anteproxecto sinalase que un alumno só pode repetir unha vez en primaria mentres que en secundaria poderá repetir unha vez máis do que se autoriza agora (entre 1º e 2º). Pero como se establece que só



se pode permanecer no ensino obrigatorio ata os 18 anos, é obvio que, en total, entre primaria e secundaria, só poderá repetir dúas veces. Congratúlome do cambio porque, ¿alguén dá imaxinado un rapaz de 18 anos compartindo aula con outro de 12? A insistencia na homoxeneidade do nivel de aprendizaxe por aula conduciría a ese absurdo pedagóxico porque é obvio que, para os ámbitos de escolarización normal e obrigatoria, a socialización entre iguais debe considerarse un valor educativo superior que

Cómpre engadir que a nosa dereita (contra a «boa» dereita republicana e xacobina francesa), non confiando na capacidade da escola pública para asumir-lo reto de garantir esas «oportunidades», procura potenciar ademais a privada para asegurar que a excelencia académica estea acompañada de idearios (...) acordes coa súa paralela diferenciación social

Antoni Tàpies. Cartel.

cómpre garantir. Polo menos nisto semella que o ideal comprensivo non se discute.

Iso si, co novo enfoque, un alumno que cumpra 15 anos poderá ser desviado a un Programa de Iniciación Profesional, o que implica que non obterá o Título de Graduado de Educación Secundaria Obligatoria. Non parece que mediante este enfoque se vaia reducir ese 25 % de alumnos que non acadan o título senón que, máis ben, o previsible é que a proporción medre.

¿Como se vai conseguir que ese fracaso diminúa? A nova lei fai recaer todo o peso dos cambios pedagóxicos en dúas palabras máxicas —«calidade» e «esfuerzo» (ou «cultura do esforzo») — que, desde logo, non resisten unha análise rigorosa. ¿Alguén pensa seriamente que a competitividade entre centros —eixe sobre o que se fai recaer a mellora da calidade, segundo un modelo empresarial tan ó gusto neoliberal— e a multiplicación dos exames ó alumnado —dos que se espera que estimulen o seu «esfuerzo»— vaia facer que un alumnado «desmotivado» e «preguiceiro» deixe de selo? Os teóricos (supoño que os hai) inspiradores da lei esquecen nun chiscar de ollos tantos e tantos traballos onde se salientaba unha e outra vez que un exame **non é**

un instrumento de aprendizaxe, cousa que xa sabían, por certo, os pais do Instituto Libre de Enseñanza, por pór un antecedente ben antigo¹.

Unha inversión de modelo

De feito, na miña opinión, a cuestión do fracaso escolar e as acusacións á LOXSE de favorecelo e incrementalalo², aparecen tan só como un recurso meramente propagandístico co obxecto de gañar apoio na opinión pública para unha inversión do modelo educativo que formulada ás claras dificilmente sería aceptada. Analizarei de seguido algúns dos cambios máis significativos que concretan esta inversión.

As modificacións na educación infantil constitúen unha das correccións da LOXSE que supoñen unha regresión potencialmente catastrófica. O regreso á «educación preescolar» no primeiro ciclo (0–3 anos), coa recuperación do seu carácter «educativo–asistencial» e a desaparición da obriga de contar con mestres, semella evidentemente concibido co obxectivo de favorecer-la iniciativa privada ou, o que é o mesmo, volver ó vello e tan perigoso concepto das «garderías», que poderá abrir calquera persoa disposta a coidar duns cativos durante unhas horas ó día sen necesidade de ningunha cualificación educativa. Non precisa moitos máis comentarios.

No segundo ciclo (3–6 anos), a introducción dos obxectivos de iniciación na lectura e escritura (non prelectura e preescritura) e nas «habilidades numéricas básicas» amosa a concepción da aprendizaxe fortemente propedéutica que inspira a lei. Obsérvese que, ó se tratar dunha etapa non obligatoria, se corre o risco de introducir xa unha grave discriminación entre o alumnado que accede a 1º de primaria. Abonda para isto con que se atopen cun mestre ou mestra que decida darlles prioridade ós que xa lle chegan sabendo ler ou escribir e despreocuparse dos que chegan sen saber. Igualmente discu-

A nova Lei fai recaer todo o peso dos cambios pedagóxicos en dúas palabras máxicas —«calidade» e «esfuerzo» (ou «cultura do esforzo») — que, desde logo, non resisten unha análise rigorosa



Luis Seoane. Cartel.

Agustín Ibarrola. Cartel.

O anteproxecto introduce a posibilidade de que os centros privados se especialicen nun único itinerario (art. 73), posibilidade que razoablemente se lles nega ós centros públicos, o risco é que aparezan no futuro centros «de primeira» e «de segunda», co risco engadido de que os primeiros sexan privados e os segundos os públicos

pera-las tradicionais materias. Aínda que denota unha concepción fortemente disciplinar que non comparto, non me parece o máis grave. De feito, durante o período LOXSE, na práctica a maioría do profesorado ten interpretado as áreas como disciplinas ou materias. Tampouco ten maior importancia a introducción da posibilidade de repetir entre 1º e 2º da ESO porque xa vimos que de feito non vai poder elimina-los casos de progresión automática.

O grave é a concepción fortemente segregadora que domina en toda a etapa. Comeza coa introducción de aulas de reforzo xa desde 1º. En principio, a decisión faise depender do equipo de avaliación e podería adopta-la forma de «medidas de reforzo educativo» que non terían por qué implica-la segregación da aula normal. Neste sentido, podería non se diferenciar moito da situación actual das aulas de «diversificación curricular».

Emporiso, xa no artigo 20 se lle atribúe ó «equipo de avaliación» a decisión de que un alumno ou alumna de máis de 16 anos poida continua-los seus estudos ata os 18, mentres que na actualidade tal decisión depende do alumno e dos seus pais. Ábrese pois a posibilidade de que o alumnado poida ser expulsado do sistema sen obter ningún título, xa ós 16 anos, se o equipo avaliador presume que non o dará acadado. Ademais, tamén será o profesorado, e non o alumnado e os seus titores, quen decidirá (os pais serán informados pero non poderán modifica-la decisión) se un alumno de 15 anos debe pasar a facer un Programa de Iniciación Profesional ou seguir outros estudos.

En 3º ábrese os itinerarios, que serán dous (Tecnolóxico e Científico-Humanístico), para pasar a ser tres (o Humanístico sepárase do Científico) en 4º. Tamén aquí cómpre congratularse de que finalmente os itinerarios non conduzan a titulacións diferentes, co que o efecto segregador sen dúbida se atenúa. Non obstante, aparece unha incoherencia: se tódolos itinerarios teñen o mesmo valor académico, ¿que sig-

nificado hai que atribuír ó que se di no artigo 28.3, segundo o cal o «equipo de avaliación» pode decidir, sen a anuencia dos pais nin do alumnado afectado, o envío a «un itinerario máis adaptado ás súas condicións» dun alumno que non cumpre «os requisitos necesarios para pasar ó curso seguinte»?; ¿non implica isto que se está a sobreentender que hai itinerarios de maior esixencia e outros de menor esixencia académica?, ¿non se traducirá isto inevitablemente en que os primeiros (obviamente o



Científico e o Humanístico) adquirirán un estatuto superior ó segundo?, ¿non derivarán en que nos primeiros —e en 4º tan só no Científico— se concentrarán os mellores alumnos, mentres que os peores serán enviados ó segundo?

Como, ademais, o anteproxecto introduce a posibilidade de que os centros privados se especialicen nun único itinerario (art. 73), posibilidade que razoablemente se lles nega ós centros públicos, o risco é que aparezan no futuro centros «de primeira» e «de segunda», co risco engadido de que os primeiros sexan privados e os segundos os públicos.

O texto legislativo insiste na súa finalidade de recupera-la autoridade e o prestixio

Isaac Díaz Pardo. Cartel.

do profesorado. Moitas destas medidas están orientadas claramente a satisfacer as aspiracións dos sectores do profesorado de secundaria máis inmovilistas desde o punto de vista pedagóxico. Ofrecenlle un futuro de aulas homoxéneas para que poidan desenvolver-las vellas metodoloxías dirixistas unidireccionais que inevitablemente fracasan cando se aplican a grupos de alumnos con ritmos de aprendizaxe diversos. Pero ó parecer este profesorado ten a priori ben

ciais «só se levará a cabo cando as necesidades do alumno non poidan ser atendidas nun centro ordinario», na LdC dise que «serán escolarizados en grupos ordinarios, en aulas especializadas en centros ordinarios ou en centros de educación especial», decisión que non dependerá da familia do alumno senón dun «equipo de avaliación».

Unha nota sobre avaliación

Non me vou ocupar a penas do bacharelato e nada da FP. Considero excesiva e desorientada a polémica arredor da proba extraordinaria do bacharelato. Non me parece nin moito menos o maior problema da LdC, aínda que comprendo a preocupación do alumnado polo incremento de barreiras académicas. Penso mesmo que, se o seu obxectivo é fundamentalmente de avaliación do sistema, como se está intentando xustificar por parte do Goberno, nada impedía que a PEB tivese un carácter exclusivamente avaliador sen efectos académicos, como as probas xerais de avaliación que se introducen na primaria e na secundaria e que constitúen dúas achegas francamente positivas. En xeral, unha das maiores carencias da LOXSE (e da que, sen embargo, raramente se ten falado) é que nunca se aplicaron as previsións avaliadoras que nela se recollían (por outra parte, de xeito excesivamente xenérico). Neste sentido, das poucas cousas que considero en principio positivas da LdC é a introducción destas probas así como a maior precisión que se establece sobre a avaliación do sistema educativo (título VI, arts. 93-99). Non obstante, todo isto dependerá dos criterios avaliadores que se utilicen e de que non derive nunha absurda competitividade entre centros.

E gustárame concluír xustamente cunha reflexión sobre a avaliación. Nos anos iniciais do proceso de reforma que conduciu a LOXSE (fálase tamén pouco de que a presentación desta lei para a súa aprobación no Parlamento foi precedida dun debate de varios anos e mesmo dun proceso

A vontade segregadora faise particularmente visible no tratamento do alumnado estranxeiro e do alumnado con necesidades especiais. No artigo 39.2 precísase claramente a creación de «aulas específicas» para atende-los primeiros

dez.eme 33 MARZO 2003



claro que a eles non lles vai corresponder ocuparse das aulas dos torpes, dos preguiceiros, dos insubmisos escolares. A lei nada di, sen embargo, sobre a quen lle vai corresponder lidar cos escépticos mozos das aulas de reforzo, dos itinerarios tecnolóxicos ou os Programas de Iniciación Profesional.

A vontade segregadora faise particularmente visible no tratamento do alumnado estranxeiro e do alumnado con necesidades especiais. No artigo 39.2 precísase claramente a creación de «aulas específicas» para atende-los primeiros. A comparación entre o artigo 37.3 da LOXSE e o 42 da LdC evidencia a notoria diferenza de enfoque: mentres que na LOXSE lemos que a escolarización de alumnos con necesidades espe-

Juan Genovés. Cartel.

de experimentación, que neste caso o PP obvia alegremente), participei nun seminario de traballo da Coordinadora dos MRPP sobre o tema da avaliación. No documento que xurdiu daquel seminario afirmábase que a avaliación era unha das condicións determinantes de todo proceso educativo e advertíase de que só modificando radicalmente as prácticas avaliadoras do profesorado os obxectivos da Reforma, cos que no esencial se coincidía, poderían cumprirse.

Hoxe cabe dicir que aquela profecía se cumpriu, desgraciadamente na súa expresión negativa. Non se modificaron as prácticas avaliadoras da maioría do profesorado e a Reforma fracasou. Fracasou, por certo, porque non conseguiu incorporar esa maioría ás novas prácticas, non no sentido que lle atribúe o actual Goberno, posto que non existe ningún dato que permita afirmar que o nivel de aprendizaxe do conxunto da poboación escolar española retrocedera por mor da LOXSE.

A LdC trae o retorno ás vellas concepcións avaliadoras: a entronización do exame como instrumento practicamente exclusivo para medi-la aprendizaxe do alumnado. E canda ela os seus inevitables correlatos: a aprendizaxe memorística, a imposibilidade de utiliza-lo erro na aula como instrumento de aprendizaxe, o desprezo pola participación do alumnado. A análise dos novos currículos proba tamén que se vai cara ó ateigamento de contidos conceptuais, co esquecemento dos procedementais e dos valores. Lonxe daquel vello ideal constructivista de poucos contidos sobre os que se traballa en profundidade, coa confianza de que o dominio dos procedementos lle permitirá ó alumnado ampliar autonomamente os seus coñecementos.

Unha derradeira reflexión. A LOXSE tivo un efecto pernicioso inesperado sobre os MRPP. De feito, desde entón a vida de moitas das organizacións que o compoñen devalou nun vagaroso esmorecemento. Moitos dos cadros desas organizacións acabaron burocratizando as súas actividades como «profesores de pro-



fesores» nos CEFORE. Quen sabe, se cadra esta ameaza de regreso ás vellas prácticas faga acordar a moitos deles do seu soño burocrático. Quizais a LOXSE adoecía de exceso tecnocrático, psicopedagógico. A LdC, desde logo, peca de ausencia pedagóxica. Un berro, pois, final: MRPP, ¡volvamos ás barricadas!

NOTAS

- 1 A referencia ó ILE reclámame unha apostila sobre a interpretación histórica da política educativa española que se nos proporcionaba na primeira redacción da exposición de motivos que abría o anteproxecto de Lei, e que non se debería deixar de lado nunha revista como esta, orientada ós estudos históricos. Nesa interpretación, a ILE nunca existiu e en cambio as «iniciativas da Igrexa católica» son explicitamente loadas; o Ministerio de Instrucción Pública e Belas Artes da Restauración é sinalada como a grande iniciativa transformadora da educación pública mentres que sobre a República cae un pesado silencio; a Lei xeral de educación do franquismo supuxo «un salto cuantitativo e cualitativo» mentres que a LOXSE só contribuíu na «vertente cuantitativa». Un bo modelo da recuperación da grande e auténtica Historia de España que tanto preocupa a este Goberno e que na nova redacción non foi modificado senón só disfrazado.
- 2 Acusacións non só nunca probadas, senón que ademais datos recentes parecen demostrar que son simplemente falsas: «El fracaso escolar en la secundaria ha pasado del 37 % al 23,6 % en diez años» (*El País*, 7-9-02).

MIGUEL VÁZQUEZ FREIRE
PROFESOR DE ENSINO
SECUNDARIO
miguelvf@wanadoo.es

34 MARZO 2003 dez.eme

O anteproxecto introduce a posibilidade de...
A LdC trae o retorno ás vellas concepcións avaliadoras: a entronización do exame como instrumento practicamente exclusivo para medi-la aprendizaxe do alumnado

A ARTE NA HISTORIA: FUNCIÓNS E PROTAGONISMO DA MIRADA ARTÍSTICA

MAÍTA RODRÍGUEZ CONDE / CARLOS GONZÁLEZ

Tradicionalmente, a arte ten sido un dos aspectos máis descoidados no currículo escolar de historia. Fóra da disciplina específica da historia da arte, que deixaremos de lado neste artigo, a súa presenza nos programas de historia universal, contemporánea ou de España, tanto no extinto BUP/COU coma na ESO e o bacharelato actual, é vítima dun tratamento marxinal e anecdótico, deficiencias sobre as que queremos reparar aquí.

Dous factores teñen incidido nesta depreciación da arte, a «cinsenta» curricular. Primeiro, a dificultade de tomala en maior consideración debido á inveterada teima das autoridades educativas por dictar temarios tan exhaustivos coma inabordables. Empeñados en facer dos estudantes pequenos expertos en cada área, confunden a iniciación a unha rama de coñecemento co compendio sistemático dun manual académico. E se alguén chegou a ilusionarse co tímido asomo de flexibilidade dos DCB (deseños curriculares básicos) para planificar con certo acougo, o *disciplinazo* da contrarreforma en marcha volve retrotraernos a esa *Idade de Ouro* tan devecida pola dereita, cando o alumnado estudiaba, o profesorado era esixente e os programas contiñan *toda a cultura* que había que saber. De aí que desde o vindeiro curso a historia de España regrese á noite dos tempos para pescudar en Atapuerca as recónditas raíces das esencias patrias...² Non parecen



estas as circunstancias máis oportunas para lle propoñer ó atribulado profesor que sobrecargue con Velázquez, Goya ou Picasso os xa ategados contidos.

Pero non botemos tódolos balóns fóra e recoñezamos que na marxinação da arte tamén inflúen *efectos colaterais* da nosa propia formación universitaria. Coa difusión de enfoques marxistas na renovación historiográfica española dos sesenta e setenta, no politizado marco da loita contra a ditadura, arraigou nas promocións que saltaron masivamente das facultades á docencia unha interpretación materialista da historia (Cuesta Fernández, 1998: 172) pouco interesada na esfera cultural do pasado. E moito menos por unha historia da arte presa de arcaicos esquemas formalistas

Xaime Quessada. Cartel para a "Mostra de teatro galego" (fragmento).

Xaime Quessada. Cartel para a "Mostra de teatro galego" (fragmentos).

Hoxe en día o alumno recibe gran parte da información por canles extraescolares, pero en cantidade e forma de ruído enxordecedor que atorda a conciencia e aliena as facultades críticas

e confusas lecturas *idealistas* das obras, estudiadas coma encarnacións dun etéreo espírito do estilo ou nación correspondente: demasiado hegelianismo para os fillos de Marx³.


O resultado foi que a arte quedou relegada á periferia da curiosidade científica do profesorado e non houbo tempo nin maior preocupación para abrialle oco no currículo. E se malo era isto, peor podía ser cando se optaba por seguir ó pé da letra os manuais, demorándose nos capítulos culturais da *Xeografía e Historia de España (e dos países hispánicos)* á custa de non pasar do Século de Ouro, e embarrancando na dura rocha da descrición fragmentaria de nomes, obras e tópicos reiterativos. Era o verniz rechamante para completar unha correcta —e libresca— formación cultural, a mesma perdida co pecado da masificación e o materialismo e que agora nos restitúen en forma de *calidade educativa*.

O lugar da arte no currículo de historia

Pero aquí propoñemos, como materialistas pertinaces, camiñar en diferente dirección. Circunscribindonos agora á etapa do bacharelato⁴ —outros criterios habería que barallar na ESO, cuestión na que non imos entrar—, a arte debe cumprir no discurso histórico non tanto —ou non só— o papel subsidiario de ilustración dun episodio, senón o protagonismo que lle corresponde no escenario simbólico da confrontación ideolóxica. Damos por suposto que neste nivel educativo a materia de historia da arte de 2.º curso cobre dabondo a tarefa de introducción a esta disciplina, con obxecto e metodoloxía propios, e polo tanto non coidamos necesario reservar apartados específicos á arte contemporánea ou española nos currículos das respectivas historias⁵.

Pode argumentarse que só unha minoría dos bachareis cursan historia da arte, mentres que os contidos artísticos en historia (de España e Galicia), común a todos, propor-

cionarían polo menos un recordatorio sumario de fitos universais da nosa arte. Pero estaríamos incorrendo outra vez nun modelo *culturalista*, tanto na xustificación aducida como no tratamento que dela se desprende: un achegamento descritivo e tópico onde buscámo-lo (re)coñecemento



da obra de arte sen integrala no discurso histórico en que funcionou. Hoxe en día o alumno recibe gran parte da información por canles extraescolares, pero en cantidade e forma de ruído enxordecedor que atorda a conciencia e aliena as facultades críticas (Morin, 2000). Xa que logo, cómpre temermos máis a ignorancia có descoñecemento, e o noso esforzo non ha de dilapidarse en acumular máis información, senón en organizala significativamente mediante claves de comprensión. Claves que non acharán na listaxe e visualización

de imaxes famosas ou en dous ou tres trazos estilísticos, todo o cal, convenientemente memorizado, só permitirá que nun futuro indeterminado, nun museo ou ante un libro (perdón: ante un vídeo, pantalla ou móbil), identifiquen o artista, a obra... e lembren que unha vez a estudiaron.

Reproducción e representación

O primeiro que case sempre vén á cabeza perante unha obra é sabe-lo que representa, o que narra. Pregunta mal formulada, froito dunha deficiente formación artística —que só ensinou a identifica-lo autor e o título—, ignorante de que fóra de períodos moi concretos da arte occidental (a Antigüidade clásica e a arte europea do Renacemento ó impresionismo), as imaxes *non representan* a aparencia visual das cousas, porque non responden á concepción ilusionista á que estamos afeitos (Gombrich, 1968: 11).

Incluso nese caso, *representar non é reproducir-las cousas tal cal son*, e ningunha imaxe, por moi convincente e realista que semelle, copia a realidade tal cal é, senón tal cal é percibida polo artista que mira. Un retrato pode ser en maior ou menor grao detallado e fidedigno, pero nunca poderá reducirse a pura fasquía porque os trazos fisionómicos han de concretarse nun ambiente, unha pose, un vestuario, unha expresión, unha mirada e tantos outros detalles que constrúen en conxunto un discurso do retratado. Que ese discurso sexa atinado ou errado, que responda á imposición do personaxe ou á perspicacia do retratista, dependendo da relación xerárquica de ambos, pouco importa para a nosa argumentación. A conclusión é que nin sequera o retrato máis realista é un fragmento de realidade conxelada. Non é o dobre da persoa retratada, senón a súa imaxe cargada de significados sobre ela. Detrás do obxectivo artificial da cámara fotográfica está o ollo —e o cerebro— que apunta e dispara.

Unha obra de arte é algo máis que a eti-

queta escrita no pé dun cadro ou dunha fotografía. Comporta un pensamento visual ou espacial, unha reflexión sen palabras materializada en espacio, figura ou imaxe que todos «lemos» de xeito intuitivo. Non é exacto que non entendámo-la arte. Todos e sempre percibimos e interiorizámo-la experiencia que entraña a obra cando habitámo-lo seu espacio ou contemplámo-la súa imaxe. De seguro que nos escapan moitos simbolismos codificados, alusións iconográficas que os iniciados gozaban descifrando e comentando e que a Historia da Arte converteu en obxecto preferente da súa investigación⁶. Pero que, por descoñecemento do código, perdamos determinados niveis de lectura non implica que non entendámo-la obra e, sobre todo, que esta non actúe sobre nós como espectadores comunicándonos visualmente a súa perspectiva peculiar, cargada de valores, que contribúe a formarlá nosa propia visión da realidade. Non é imprescindible coñecer-lo mito de *Dánae* para captar-la evidente dimensión erótica da versión de Tiziano⁷ ou reparar na sensual indolencia coa que o corpo feminino, reducido a obxecto reificado e pasivo de desexo, se ofrece ó espectador home que a contempla. Todo o cal era perceptible antes de que un rigoroso estudio historiográfico o documentase⁸ (Checa Cremades, 1994), como tampouco mingua un ápice a excepcional calidade desta obra maxistral que, gracias ó encargo do refinado Felipe II, gozamos hoxe no Prado.

A mirada da arte

A metáfora da arte como *mirada* alude a esta virtualidade como discurso figurativo, como xeito de ver ou imaxinar un fragmento do mundo, de recrear-la realidade. No escenario da cultura, a arte desempeña un papel medular polo seu impacto no imaxinario colectivo, modelando as consciencias e as pautas de conducta. Un poder que lle vén da natureza visual da súa transmi-

Representar non é reproducir-las cousas tal cal son, e ningunha imaxe, por moi convincente e realista que semelle, copia a realidade tal cal é, senón tal cal é percibida polo artista que mira

Xaime Quessada. Cartel para a "Mostra de teatro galego" (fragmento).



A arte debe
abordarse entón
entre os territorios
onde se crean e
difunden valores
simbólicos e
percepcións
sociais
ineludibles na
dinámica
histórica

sión que, ó contrario da verbal, traspasa con facilidade o limiar de comprensión consciente para integrarse directamente na capa dos valores e prexuízos máis enraizados cos que miramos e xulgámo-lo contorno onde vivimos. Ó cabo, é o mesmo mecanismo que herdaron e desenvolveron os poderosos medios audiovisuais que hoxe colonizan a cultura de masas (Berger, 1974).

A arte debe abordarse entón entre os territorios onde se crean e difunden valores simbólicos e percepcións sociais ineludibles na dinámica histórica. No exemplo do retrato, nado no seo da imaxe relixiosa de devoción con doador que prolifera a fins da Idade Media, a súa emancipación como xénero propio no Renacemento (Francastel, 1978) expresa a conciencia de identidade persoal e un triunfo decisivo no progreso do individualismo moderno e a secularización da cultura. No XVI diversifica a

súa tipoloxía para connota-lo rango social do retratado que, por certo, representa como condición innata, *natural* do personaxe. Pero contado así, parecería que o xénero artístico vai a remolque desta evolución, que dá puntual rexistro arqueolóxico dela, sen nos decatarmos de que é o retrato mesmo o que, convertido en artigo de necesidade nestes círculos europeos, contribúe a moldear e fitar, a proclamar e difundir os valores e manifestacións que coutan e marcan tales grupos como categorías sociais diferenciadas.

Por iso non resulta correcto consideralo simple testemuña, xa que ese termo designa un obxecto externo que desde fóra presencia un acontecemento ou rexistra pasivamente unha realidade allea. A testemuña é accidental, independente do suceso relatado, co cal non establece contacto ningún. En cambio, o obxecto artístico constitúe un produto material, real, localizado no interior do proceso, creado mesmo para unha función especificamente relacionada co seu contido. É, daquela, unha peza que nace para funcionar *dentro* da historia; non se limita a reflectir, senón que pretende dar forma, modelar activamente as realidades nas que está chamado a intervir.

A consecuencia didáctica desta forma de enfoca-la arte lévanos, xa que logo, máis aló da ilustración complementaria. Cando traballamos na aula un asunto histórico, a obra artística pode servir de valioso documento de comprensión para entrarmos na súa realidade a través dun suxeito que está actuando nela: Ademais, é un medio visual que comunica dun modo inmediato e intuitivo valores e contidos difíciles de trasladar verbalmente. De feito, se indagámo-las noções históricas máis arraigadas no alumnado toparemos, confundidas entre a morea procedente de fontes extraescolares (cine, contos, xogos...), outras escolares aprendidas nas imaxes dos manuais ou, máis propiamente, da particular e fantasiosa interpretación que delas fixeron algunha vez, seica mentres as decoraban con *artísticos graffiti*.

A arte como instrumento do poder

Pero cando usemos este recurso na aula non esquezamos que a arte que ensinamos, a dos museos, as diapositivas e os libros de texto, ten sido, ata a Modernidade, arte dos poderosos. Non o dicimos como descualificación, senón para comprendela adecuadamente no escenario histórico en que actúa. Arte dos poderosos porque formaba parte substancial da *alta cultura*, elaborada por elites letradas que seleccionaron e asignaron valor e prestixio a certas destrezas artesanais, elevándoas ó rango de artes liberais, fixando criterios de calidade para xulgalos seus produtos⁹. Dos poderosos tamén porque, á parte da contemplación estética —signo de distinción nos restrinxidos círculos cortesáns—, foron obra da súa iniciativa para desempeñar funcións no escenario público.

Que a arte ten sido desde sempre un poderoso instrumento de poder foi abondo coñecido polas clases dirixentes, que a controlaron secularmente. Comitentes poderosos como a Igrexa primeiro, á que se sumaron despois monarquía, aristocracia e outras institucións emerxentes, repañaron con ela para que funcionara como representación, prestixio, propaganda ou adoutrinamento. Certo que desde o Quatrocento algúns artistas con *mirada orixinal* participan polemicamente coa súa proposta nas controversias dunha alta cultura na que están integrados e que, lonxe do monolitismo, son escenario conflictivo de intereses e escalas de valores plurais e contradictorios¹⁰. Pero cando unha obra máis independente e persoal rebate audazmente o discurso do poder, carece da incidencia histórica da arte *pública* e fica sen proxección social ningunha por falta dun *suxeito histórico* capaz de se identificar con elas¹¹. Aqueles artistas nunca foron quen de imaxinalo poder da súa actividade como instrumento de cambio histórico. Seica porque a orde social era pensada como inmutable e *natural*. En maior medida porque,

se ben acadaron unha estimable consideración social como hábiles creadores de obxectos preciosos, ningún deles foi dono do seu produto —e sobre todo do destino do seu produto— logo de rematado, e o *valor de uso* da súa xenial artesanía veulles imposto desde fóra antes mesmo da fabricación.

Que a arte anterior á Modernidade corresponda, case sempre, á *mirada do poder*, non quita que moitas das obras describan agudamente mentalidades, actitudes, encrucilladas ou procesos con implacable penetración. Coma cando Tiziano capta na estoica expresión meditabunda de *Carlos V en Mühlberg* a devastadora carga dunha empresa imperial desmesurada e, sen minguada solemnidade e contida maxestuosidade, suxire o anacronismo que a conduce ó esgotamento e ó fracaso (Morán Turina, 1994: 140). Ou cando o Greco retrata o orgullo de casta de cristián vello, a adusta espiritualidade da fidalguía castelá que une espada e fe como sinais de identidade no *Cabaleiro da man no peito* ou no friso de devotos asistentes ó *Enterro do Señor de Orgaz* (Calvo Serraller, 1999). Ou a lacónica linguaxe, portentosamente táctil, coa que Zurbarán logra que o milagre aconteza coa verosimilitude e espontaneidade dun feito cotián ante os ollos abraizados do monxe, alimentando a súa relixiosidade severa e parca, desintelectualizada e elementalmente contemplativa (Brown, 1990: 113). Son todos eles, e moitos máis exemplos que poderían citarse, documentos *onde* o poder (eclesiástico, monárquico, aristocrático...) constrúe o seu discurso figurativo, o xeito en que se ve e quere ser visto, o horizonte cultural e ideolóxico que pretende difundir e inculcar.

A emancipación da arte contemporánea

Todo iso mudou drasticamente na época contemporánea, cando a creba revoluciona-

Que a arte
ten sido desde
sempre un
poderoso
instrumento de
poder foi
abondo
coñecido polas
clases
dirixentes, que
a controlaron
secularmente

Dúas tendencias percorren dialecticamente toda a arte moderna e polemizan na función que atribúen á arte (...) para os clásicos ha de ser instrumento de servizo social e compromiso ético; para os románticos, afirmación persoal e manifestación da individualidade

ria ceiba a arte da súa subordinación histórica e cancela as vellas funcións. A filosofía da arte e a propia historia da arte como disciplina científica nacen entón reclamando a autonomía e dignidade da esfera estética e situando por vez primeira a *función* da arte no centro dun debate público no que o artista terá voz, pero non —esa vai se-la súa frustración— a derradeira palabra. Porque, tras unha primeira metade do XIX de inxenue e apaixonado activismo, a arte caerá outra volta baixo a tutela das forzas que acaparan o escenario cultural. Na segunda metade do oitocentos, o Estado e a opinión pública burguesa impoñen na Academia e o Salón o seu gusto murcho e conformista baixo a coartada da moral bempensante. De seguido, cando esa miopía entumecida sexa desbordada pola creatividade rompedora do impresionismo, tomará a suplencia o mercado, santo patrón da civilización triunfante e, como veremos, único mecanismo capaz de engulir e neutralizar tódalas utopías e compromisos da vangarda contemporánea.

Dúas tendencias percorren dialecticamente toda a arte moderna e polemizan na función que atribúen á arte (Argan, 1975, I: 10): para os clásicos ha de ser instrumento de servizo social e compromiso ético; para os románticos, afirmación persoal e manifestación da individualidade. O dilema da cultura contemporánea —e da arte como parte dela— nace desa complexa contradición bipolar entre orde e liberdade, sociedade e individuo, entre a urxencia de recompoñer unha nova lexitimidade social e política acorde cos principios ilustrados ou impulsa-la emancipación persoal, a proclamación da autonomía do individuo e o seu dereito absoluto a vivi-la vida sen ningún constrinximento externo. Tódolos movementos que se suceden desde entón reinterpretarán unha ou outra alternativa nunha controversia inacabable que actualiza de continuo en termos inéditos o mesmo e vello interrogante, unha pregunta que se cadra carece de resposta.

Xénero histórico e pintura política no XIX

É no marco da pintura de historia onde o academicismo ilustrado impulsa desde o XVIII como xénero superior e emblema da función cívica da arte, onde David, Goya ou Delacroix crean as primeiras obras explicitamente políticas, alegacións de soado impacto público en conxunturas críticas. Ás veces, algunha delas furga nos acontecementos cunha profundidade reflexiva na que paga a pena repararmos na clase. Nos *Fusilamentos da Moncloa* (Tüngel, 1981) a loanza gloriosa do heroísmo español para agrado dos poderosos muda na máis lúcida denuncia contra o absurdo da violencia e a guerra. Sendo un cadro realista que documenta a represión desapiadada da revolta, tal coma hoxe sería unha reportaxe fotográfica das atrocidades de tantos conflitos, transcende o episodio para crear unha imaxe universal. No medio da noite, mentres a cidade dorme ó abeiro dunha igrexa, cobra corpo o terror á luz dun farol, testemuña muda pero implacable dun crime anónimo onde monicreques sen face uniformados exercen a *orde revolucionaria* dexenerada en violencia e morte. O enigmático presaxio de que *o soño da razón crea monstros* adquire aquí o sentido de terrible verdade que non fará senón reiterarse ata a loucura. Amargamente escéptico, Goya non toma partido polos patriotas que morren sen heroísmo, presos de fanatismo ou horror. A propia composición oblicua mecaniza os executores a contraluz mentres pecha co penedo o breve espacio onde os civís han morrer e nós habemos presencialo. En manchas bosquexadas, as figuras son xa as *masas* protagonistas da historia, actos que se encarnan en personaxes e non individuos que se expresen en actos. Pero nesta historia que o nacionalismo mitificará (Álvarez Junco, 2001: 119), Goya ve a desfeita absurda da morte núa da roupaxe ideolóxica que a xustifica, a razón de Estado convertida en puro e sim-



Xaime Quessada. Cartel para a "Mostra de teatro galego" (fragmentos).

croix de *Quíos* e a *Liberdade conducindo o pobo*, entusiasta na revolta do 30, fique en silencio en 1848 (Argan, 1975, I: 57).

Tanto arrouto revolucionario reflúe tralo fracaso do 48, soterrado baixo a primeira onda de prosperidade moderna (Hobsbawm, 1977). Mentres o realismo volve a mirada á vida cotiá e o impresionismo proba unha linguaxe innovadora entre as modernas formas de ocio burgués, o xénero histórico encístate na loanza do pasado patrio, material co que a nova clase dirixente cimenta o Estado-nación do que se está a apropiar.

A vangarda como impugnación radical dunha civilización traizoada

Moito menos politizada ca na centuria anterior, a arte do xx resulta ser paradoxalmente moito máis comprometida, revirándose iradamente contra os valores dominantes da súa propia época. O arredamento progresivo entre os círculos intelectuais máis creativos e críticos e as clases dirixentes acaba en ruptura completa cando as vangardas rachan con ese modelo de sociedade, impugnan os seus fundamentos e guindan unha protesta que, alén do estrictamente político, adquire a dimensión dunha crise de civilización. Se a burguesía goza tamén dalgunhas tendencias artísticas favorables —*modernismo* ou *art deco* por cita-las máis sobranceiras—, non se pode obviar que a vangarda foi, en gran medida, construída contra ela.

Certamente, o rexeitamento das propostas plásticas vangardistas, inintelixibles para a meirande parte dos espectadores afeitos a un academicismo superficial e oco, provoca como mecanismo defensivo o agrupamento dos artistas, a súa marxina-ción autoafirmativa e o desprezo dos convencionalismos burgueses —*épater le bourgeois*— (Colorado, 1993: 14). Pero as complexas raíces do fenómeno cómpre buscalas no antagonismo ideolóxico dunha

ple asasinato, en horror nocturno e real que a civilización durmida ignora.

Anos antes, Jacques Louis David, actor relevante da Revolución que encarna a metamorfose da burguesía desde o radicalismo xacobino ó pragmatismo napoleónico, intervén na dinámica política co *Xuramento dos Horacios*, o *Jeu de Pomme*, a *Morte de Marat* ou as *Sabinas* (Carmona, 1996), discursos públicos que na aula permiten non só reconstruír documentalmente motivos, ideoloxías ou dilemas do proceso histórico, senón contextualizalas no marco ético e a transcendencia desde as que foron vividas. Mesmo na atmosfera da primeira metade do XIX, tan cargada de apaixonada confrontación revolucionaria, calquera episodio con certa resonancia pública *politizábase* de contado¹², pero inða así, a aparatosa retórica política dos románticos ten máis de arrouto rebelde ca de proxecto maduro e compartido, de afán de protagonismo máis ca de compromiso ético: de aí que o Dela-

Moito menos politizada ca na centuria anterior, a arte do xx resulta ser paradoxalmente moito máis comprometida, revirándose iradamente contra os valores dominantes da súa propia época

Xaime Quessada. Cartel para a "Mostra de teatro galego" (fragmento).

A Primeira Guerra Mundial espertou cunha terrible conmoción a estes soñadores dunha harmonía universal. Atrapados pola feroz loita entre nacións que se tiñan por civilizadas, o horror absurdo do ardor patrioteiro úrxeos a abateren a cultura que xustificaba tales desfeitas


minoría de artistas antiacadémicos comprometidos coa utopía dun modo de vida auténtico e igualitario —do cal o traballo artístico, creativo e humanizador, era modelo—, en conflito coa civilización burguesa satisfeita que se desviaba ás cegas desa meta nunha dinámica suicida de alienación e autodestrución que sementará de negación e morte o século do holocausto (Argan, 1975, II: 366).

Un breve repaso por algunhas destas vanguardas ha servimos en historia contemporánea para eleva-la vista a rentes dos acontecementos e contemplalos desde esa perspectiva histórica. Sen nos demorar máis aló do imprescindible nas audaces sintaxes artísticas, paga a pena reparar na lúcida intuición da crise que as clases acomodadas, bébedas de éxito e compracencia, se negan a ver. Poderemos así decatarnos de correntes profundas no proceso histórico que pasan inadvertidas no relato secuencial dos programas en uso e entende-lo —doutro xeito incomprendible— xiro do xx, cando o rotundo triunfo da sociedade capitalista liberal que a principios de século se espalla irresistible polo planeta —e a súa prolongación artificial nos felices vinte— descarrila nas catástrofes das guerras mundiais, a depresión e o fascismo, ó tempo que se materializa a esperanza logo frustrada da revolución social. Vexamos algún exemplo significativo desas liñas de forza coas que poderíamos traballar na aula.

A conciencia dunha crise de civilización

Mentres os ismos máis formalistas —cubismo, constructivismo, neoplasticismo, Bauhaus, abstracción— se concentraban na exploración de linguaxes plásticas inéditas coas que, anticipándose ó seu tempo, estaban a descubri-la *terra prometida* para contribuíren en vangarda á súa conquista¹³, outras renegaban da civilización corrupta, decadente e deshumanizada á que contraponían a limpa autenticidade do primitivo. Nesta segunda liña, os expresionismos alemáns da *Ponte* e o *Xinete Azul* adoptan un discurso radical que transcende o político para se dirixir contra a orde social na súa totalidade, na procura da rexeneración moral do home que a padece. Porque o expresionismo non responde a un reformismo social clásico, senón a unha rebelión romántica contra a civilización que degrada o individuo. Ceibalo das inhibicións impostas pola moral dominante —eco de Nietzsche e Freud— e restituílo á inocencia primixenia é o seu obxectivo, que traerá como efecto engadido a rexeneración do corpo social.

A Primeira Guerra Mundial espertou cunha terrible conmoción estes soñadores dunha harmonía universal. Atrapados pola feroz loita entre nacións que se tiñan por civilizadas, o horror absurdo do ardor patrioteiro úrxeos a abateren a cultura que xustificaba tales desfeitas. O berro nihilista e provocador de *Dada*, «materialización do noxo» (Bernárdez, 1994), peta contundente contra todo o establecido, comezando pola propia arte moderna que o mercado está a prostituír en simple mercadoría. Pero a orde social sae indemne do demoledor acoso crítico dedicado a amosa-la súa perversidade. Con ironía clarividente, Marcel Duchamp desvela o poderoso escudo que preserva o sistema dos ataques: o mercado, corazón frío da orde social, mecanismo que engule e dixire todo produto cultural, por revulsivo ou revolucionario que sexa, desactivando a súa potencial carga explosiva



(Ramírez, 1994 a). Cunha roda de bicicleta ensamblada boca arriba sobre un tallo ou un urinario sobre un pedestal co rótulo de *Fonte*, un Duchamp sardónico e truculento ridiculiza o sentido litúrxico co que o sistema sublima a apreciación da arte, desafiando unha sociedade afeita a venera-las imaxes sen máis criterio có valor atribuído no mercado¹⁴. Pero a arroutada acabou inocua no estómago do sistema: a *Fonte* e a *Roda de bicicleta* que guindou coma insultos sobre os museos fican hoxe sacralizados nas salas do vangardista Centro Pompidou en París.

Á crueldade da guerra, Alemaña acumula o trauma da derrota e a convulsa traectoria da república de Weimar, preñada de tensións e ameazas. Abríndose paso entre a insuficiencia do nihilismo dada e o arrepentimento dos fillos pródigos que regresan á orde, a *Neue Sachlichkeit* —Nova Obxectividade— alemana reacciona contra o esteticismo *deco* cunha representación figurativa ácida e esgazada, denuncia dos aspectos máis sórdidos e degradados nos vertedoiros do sistema social (Peter, 1989). A sátira desapiadada e corrosiva de Grosz, apoiada na versatilidade dun debuxo caricaturesco e eficaz que di aprendido nos graffiti dos urinarios, retrata con acritude a dobre moral da burguesía enriquecida e a miseria dos desclasados, a fachenda dos militares e a amargura dos mutilados. Un breve percorrido por esas imaxes ilumina as interioridades ocultas da sociedade enferma que xesta primeiro e se entrega despois en brazos do fascismo.

En Francia, quizais porque o clima político e social era ben distinto, o surrealismo encabezado por André Breton non chegou a se-lo que prometía e deixou a estraña sensación de ocasión perdida, de movemento que non soubo aproveita-lo potencial crítico que manexaba. O seu asalto irracionalista contra a rixida tiranía da razón non foi quen de dar contido a unha alternativa consistente. As súas propostas a penas teñen calado no plano social¹⁵, e as

súas labazadas contra a moral burguesa semellan, vistas desde hoxe, simples trasnadas retóricas dunha elite recluída na súa torre de marfil. O soño de Miró, o mellor e máis surrealista do grupo, crea un universo propio e intransferible, infantil e evasivo, tan fascinante para refuxio como alleo á axitada atmosfera de entreguerras, aínda que o tenso ambiente dos trinta non puido por menos que tinxila.

O cadro político do século xx: *Guernica*

Para soste esta opinión abonda con comparármola inconsistencia extravagante e oca do *Agoiro da Guerra Civil* de Dalí (Bozal, 1995, I: 452) coa lucidez do *Guernica* de Picasso. O preciso acabado daliniano abraia a primeira vista pero decepciona cando rañamos nel e non atopamos reflexión senón morbo, seica porque Dalí tampouco tiña moito que dicir. Mentres case que tódolos surrealistas optaron decididamente pola República, Dalí inhibiuse da contenda e, sen se decatara da transcendencia histórica do que estaba en xogo, só viu a confirmación da antropofaxia propia dos instintos humanos e a morbosa fascinación da barbarie colectiva. No *Agoiro*, a paisaxe mineralizada e o forzado escorzo hipertrofiado prestan á traxedia unha dimensión cósmica e aparatosa moi do gusto do autor pero, ausente toda referencia ós valores e ideoloxías dos contendentes, elude toda diferenza moral entre as partes e iguala vítima e verdugo coma se dunha liorta ritual e inevitable se tratara (Ramírez, 1989: 98).

En cambio, sen a sólida educación intelectual de Dalí, Picasso viña de supera-la frivolidade da década dos vinte —a do *regreso á orde*— desenvolvendo unha conciencia política coa curiosidade, intuición e solidariedade que o caracterizaban (Ramírez, 1994 b: 42). Conciencia comprometida a que o leva a contesta-lo desafío do fas-

Mentres case
que tódolos
surrealistas
optaron
decididamente
pola República,
Dalí inhibiuse da
contenda e, sen
se decatara da
transcendencia
histórica do que
estaba en xogo,
só viu a
confirmación da
antropofaxia
propia dos
instintos
humanos e a
morbosa
fascinación da
barbarie
colectiva

Icona cultural
potentísima e
omnipresente,
Guernica
gravitaría na
conciencia do
século como
denuncia
recorrente
dunha barbarie
que, lonxe de
minguar, medra
desde aquela

cismo coa creación do cadro político por antonomasia do século XX. Mentres o sofisticado intelectualismo non lle evita a Dalí esbardallar sobre o conflito, Picasso discerniu con perspicacia en *Guernica* o salto cualitativo deste asasinato masivo de civís como acto de Estado e planta ese significado ante os ollos do mundo. Alén de detalles dramáticos, patéticos ou alegóricos, intensamente emotivos pero que ficarían en catarse consoladora, o mural remexe a conciencia coa forza imperativa que deriva, non dun contido ben coñecido, senón do seu *comentario* mediante os recursos plásticos da vangarda.

Guernica conserva o esqueleto do cadro clásico, dinamitado pola linguaxe cubista, na simetría compositiva, a perspectiva nos personaxes caídos abaixo e o trazado espacial, a gradación tonal en branco, negro e gris, o ritmo ascendente desde o motivo nobre que empuña a espada rota ó rincho magoante do cabalo ferido de morte. Pero este esquema clásico estoupa en mil anacos na descomposición cubista, e unha vangarda inventada como a *construcción* racional do mundo polo ollo moderno, vólvese fragmentación violenta, *destrucción* para escenificar-la morte. «A arte é entende-la vida como natureza, civilización e historia: estas son as cousas que a violencia mortal arrinca do mundo, suprime. Ó mataren os cidadáns de *Guernica*, os aviadores alemáns mataron a civilización [...] O artista non asiste ó feito con piedade ou terror: *está* dentro do feito; non compadece as vítimas, *é unha delas*. Con el morre a arte, a civilización clásica» (Argan, 1975, II: 572).

Icona cultural potentísima e omnipresente, *Guernica* gravitaría na conciencia do século como denuncia recorrente dunha barbarie que, lonxe de minguar, medra desde aquela. Porque non foi máis que punto de partida dun horror repetido e aumentado ata a extenuación en Dresde e Toquio, no Holocausto e os cincuenta millóns de mortos da Segunda Guerra Mundial, nas innumerables e anónimas vítimas civís das contendas

localizadas da guerra fría e nos conflitos non declarados onde os gobernos masacran por razón de Estado a súa propia poboación civil con inusitado e impune sadismo (Arxentina, Chile). E todo sen que ó cabo a flamante *nova orde internacional* do imperio único albisque a fin de tanta violencia que continúa no XXI en Iraq, Afganistán, Alxeria, Palestina de novo, o Golfo e tantas guerras máis esquecidas en África...

A arte despois de Auschwitz

Por forza a arte tiña que ser diferente despois de Auschwitz¹⁶ e o expresionismo americano destilou ese abatemento existencial de raíces surrealistas no desaforado salvaxismo de Willem de Kooning ou a teimuda reiteración case ritual coa que Robert Motherwell rende homenaxe ó compromiso emotivo e vital da súa xeración coa República española¹⁷. Entre as correntes neofigurativas, se o pop americano peca dunha insubstancialidade que en Andy Warhol dexenera en produción para o mercado tan rechamante coma superficial, en Europa a densidade intelectual do debate artístico eleva o seu rigor crítico, herdeiro do espírito neodadaísta (García Felguera, 1993: 110), por máis que a trivialización mercantil das modas artísticas terminen engulindo os fillos de Duchamp como fixera co pai.

En España, outras circunstancias esixiron compromisos máis rexos e constantes. O grotesco discurso ideolóxico do franquismo —non cabe falarmos de discurso artístico fóra do mimetismo da arte fascista na primeira posguerra (Bozal, 1995, II: 36)— perdeu a batalla ideolóxica desde ben cedo (Fusi, 2000: 171) e, malia súa brutal represión cultural contra toda manifestación de modernidade, aniquilada, expulsada ou silenciada no exilio interior, non conseguiu substituíla. Neste ermo volveron agromar voces e miradas ineludiblemente críticas porque todo imperativo ético creador conducía de xeito inexorable a tomar unha pos-

tura comprometida e militante. Sen ánimo de exhaustividade, algunhas obras e artistas atinaron a expresa-la atmosfera atafegante e as aspiracións reprimidas, e desde elas podemos hoxe achegármola aula a esas páxinas negras do pasado recente.

O informalismo catalán de Dau al Set ou o madrileño El Paso reintroduciron unha vangarda que non puido subtraerse a unha lectura política. Motivos que o réxime sacralizou como esencia eterna do tópico español, só agresivamente deformados en horribles monstros que se reviran feroces contra os seus manipuladores. Saura transforma os *Crucificados* en iconas laicas, amasillo humano absurda e cruelmente cravado nunha cruz perdida no baleiro, símbolos amargos da opresión, ou retrata a *Felipe II* coma un espantallo arrepiante para quen Manolo Millares constrúe un descomposto *Sartego* (García Felguera, 1993: 64). En Cataluña, Antoni Tàpies asume a función de se-lo eco onde clama o silencio de tódolos sen voz, a quen presta as súas superficies de pintura matérica minuciosamente traballadas, muros esborrachados e rabuñados, tapias urbanas onde mans anónimas deixan o son apagado de queixumes e protestas prohibidas. «Seica os meus esforzos —escribe— son un xeito de testemuñar esta procura febril debida á miña, á nosa cegueira neste país e nesta época, un xeito de testemuña-la nosa arela de luz e liberdade» (García Felguera, 1993: 69). Non se pode pintar unha arte agradable e *bonita* nunha época de miseria e opresión.

Nos sesenta, o *desarrollismo* ten como reverso o humor irreverente da nova figuración que, inspirada no pop, instrumentaliza a linguaxe visual para combater-lo pasmo dunha sociedade que descobre pampa o consumo e a torpeza coa que o poder manipula a nacente cultura de masas. A man de Eduardo Arroyo, o Equipo Crónica ou *Crónica da Realidade* ridiculizan en imaxes insólitas, tinxidas de ironía e humor, tópicos oficiais e populares, desmitificando as glorias imperiais con deformacións non



expresivas senón significativas, con asociacións intencionadamente conscientes (Viñuales, 1998: 168) que cómpre comparar cos informalistas da década anterior.

Unha mirada que fornece de sentido

Os exemplos poderían multiplicarse, pero coidamos que, en todo caso, as obras que se introduzan no discurso histórico da aula deben elixirse non tanto pola súa relevancia artística ou cultural, como pola carga reflexiva que acheguen ó alumnado, porque máis aló dos datos ou os acontecementos están os seres humanos anónimos e silenciados que teñen *sufrido a* historia, que sempre actuaron no fondo do escenario, inadvertidos para o estetoscopio da ciencia e visibles en cambio para a mirada atenta e solidaria dunha morea de artistas estratexicamente distribuídos ó longo da andaina da humanidade. «Hai xeitos de mirar —afirma Valeriano Bozal—: a mirada do poder, a

Xaime Quessada. Cartel para a "Mostra de teatro galego".

O informalismo catalán de Dau al Set ou o madrileño El Paso reintroduciron unha vangarda que non puido subtraerse a unha lectura política

Hai xeitos de mirar que anulan a diferenza e consagran o establecido ou, pola contra, amosan a diversidade e rexeitan o homoxéneo

mirada convencional, a mirada sexista... Hai xeitos de mirar que anulan a diferenza e consagran o establecido ou, pola contra, amosan a diversidade e rexeitan o homoxéneo. A arte é, por excelencia, unha forma de mirar, un modo que impregna as cousas miradas, ás que fornece de sentidos específicos» (Bozal, 1995, II: 656). Aprendamos a mirala na aula de historia.

BIBLIOGRAFÍA

Álvarez Junco, J. (2001), *Mater dolorosa. La idea de España en el siglo XIX*, Madrid, Taurus.
 Argan, G. C. (1975), *El arte moderno*, 2 vol., Valencia, Fernando Torres ed. (reeditado por Akal).
 Berger, J. (1974), *Modos de ver*, Barcelona, Gustavo Gili.
 Bernárdez, C. (1994), *Historia del Arte. Primeras vanguardias*, Barcelona, Planeta.
 Bozal, V. (1995), *Arte del siglo XX en España*, 2 vol., Madrid, Espasa Calpe.
 Brown, J. (1990), *La edad de oro de la pintura en España*, Madrid, Nerea.
 Calvo Serraller, F. (1999), *El entierro del conde de Orgaz*, Madrid, Electa.
 Carmona Mato, E. (1994), *Caravaggio*, Madrid, Historia 16.
 (1996), *David*, Madrid, Historia 16.
 Cirlot, L. (1990), *Las claves del dadaísmo*, Barcelona, Planeta.
 Colorado, A., e outros (1993), *La pintura contemporánea en el Museo Thyssen-Bornemisza*, Madrid, Fundación Thyssen-Bornemisza/M.E.C.
 Cuesta Fernández, R. (1998), *Clío en las aulas. La enseñanza de la Historia en España entre reformas, ilusiones y rutinas*, Madrid, Akal.
 Checa Cremades, F. (1994), *Tiziano y la monarquía hispánica. Usos y funciones de la pintura veneciana en España*, Madrid, Nerea.
 De Diego, E. (1996), *Arte contemporáneo II*, Madrid, Historia 16.
 Francastel, P. (1978), *El retrato*, Madrid, Cátedra.
 Fusi, J. P., e outros (2000), *Franquismo. El juicio de la historia*, Madrid, Temas de hoy.
 García Felguera, M. S. (1993), *El arte después de Auschwitz*, Madrid, Historia 16.
 Gombrich, E. (1968), *Meditaciones sobre un caballo de juguete*, Barcelona, Seix Barral (reeditado por Debate).
 (1977), *Tras la historia de la cultura*, Barcelona, Ariel (reeditado por Debate).
 Hobsbawm, E. J. (1977), *La era del capitalismo*, Madrid, Labor (reeditado por Crítica).
 Morán Turina, M. (1994), *Tiziano*, Madrid, Historia 16.
 Morin, E. (2000), *La mente bien ordenada. Repensar la reforma, reformar el pensamiento*, Barcelona, Seix

Barral.
 Nieto Alcaide, V., e F. Checa Cremades (1983), *El Renacimiento*, Madrid, Istmo.
 Peter, S. (1989), *La pintura expresionista alemana*, Madrid, Alianza.
 Ramírez, J. A. (1989), *Lo crudo y lo podrido. El cuerpo desgarrado y la matanza*, en *La Balsa de la Medusa*, 12.
 (1994 a), *Ecosistema y explosión de las artes*, Barcelona, Anagrama.
 (1994 b), *Picasso*, Madrid, Alianza.
 (1999), *Guernica*, Madrid, Electa.
 Rosenberg, J. (1987), *Rembrandt. Vida y obra*, Madrid, Alianza.
 Tüngel, R. (1981), *Los fusilamientos del 3 de mayo*, Madrid, Alianza.
 Viñuales, J. (1998), *Arte español del siglo XX*, Madrid, Encuentro.
 Xeitos de Ver (1997), *Xaime Quessada. Pintura e compromiso político*, Santiago de Compostela, Fundación 10 de Marzo.

NOTAS

¹ Este artigo aproveita parte do estudo sobre función e compromiso na arte contemporánea que o grupo Xeitos de Ver, do que os autores formaron parte, publicou como guía didáctica da exposición «Quessada. Arte e compromiso. 1962/97», organizada pola Fundación 10 de Marzo (Xeitos de Ver, 1997: 11-20)
² Literalmente, o Decreto 3474/2000, do 29 de decembro, do MEC, inclúe no tema 1, titulado «As raíces históricas», «O proceso de hominización na Península Ibérica: novos achados», puntualmente transcrito pola Xunta no Decreto 231/2002 co engadido «Os primeiros poboadores de Galicia» (¿primates, homínidos, celtas...?).
³ Moitos colegas de Xeografía e Historia lembran cun pavor dulcificado pola nostalgia, os empachos de Summa Artis, Angulo ou Martín González, manuais a penas contrapesados coas primeiras lecturas de Bozal ou Hauser. A historia da arte tardaría aínda algúns anos en actualizarse coa tradución serodia da bibliografía europea e a difusión das novas metodoloxías na década dos oitenta.
⁴ Os postulados que defendemos neste artigo son aplicables para as dúas materias de historia deste nivel, do mundo contemporáneo en 1.º curso, e de España e Galicia, aínda que non leve ese título, en 2.º.
⁵ A arte segue ausente do currículo da historia do

mundo contemporáneo, pero acicala a historia de 2.º curso na modificación dos programas de bacharelato implantada no Decreto 231/2002.

⁶ A historia da arte é, e presume de selo, continuación dunha alta e refinada cultura humanística que desde o Renacemento desvela, valora e comenta o contido, fascinante e complexo, *implícito* no obxecto artístico. Gombrich mesmo identifica as humanidades como unha «tradición do coñecemento xeral» (Gombrich, 1977: 75-99).

⁷ A *Dánae* de Tiziano é un óleo de 1553 conservado no Museo do Prado, que narra o intre en que Xúpiter fecunda, en forma de choiva de ouro, a moza encerrada nunha torre polo seu pai temeroso do oráculo que vaticinou a súa morte a mans do seu neto, destino que o fillo alí concibido cumpriría.

⁸ Ideadas como parella, *Dánae* e *Venus e Adonis* formaron a primeira entrega do encargo de Felipe II. «E porque a *Dánae* que xa mandei á V. M. víase toda pola parte de diante —escribe Tiziano ó rei—, quixen variar estoutra poesía [*Venus e Adonis*] e amosala parte contraria, de costas, de xeito que resulte o camerino onde haberán de estar máis agradable á vista». Reservadas para un espazo privado, estas pinturas estaban destinadas ó pracer ou *diletto* do príncipe, que non excluía o sensual ou erótico como documentan textos da época. Así, o embaixador Francisco de Vargas referíase a esta última obra nunha carta de 1554, considerándoa «cousa de grande estima e na que Tiziano se ten esmerado moito, pero demasiado lasciva» (Checa Cremades, 1994: 99).

⁹ Son as elites con poder cultural as que definen en cada época o que ha de ser tido e valorado como arte, e sobre esta tradición traballa, revisando xuízos de valor e movendo fronteiras, a disciplina da historia da arte e a museografía (Ramírez, 1994 a).

¹⁰ Actitude que ilustra Caravaggio, quen polemiza cos convencionalismos do cadro de altar introducindo novidades escandalosas que non discuten a función da obra, senón máis ben o xeito de incrementala súa eficacia (Carmona, 1994: 98), caso paralelo a tantos outros artistas *rebeldes* do Renacemento e o Barroco.

¹¹ Como pode observarse na obra de Rembrandt, fiel a si mesmo aínda á custa de pasar de moda e estragala posición social que gozou na súa xuventude, mesmo pintando para o incipiente mercado artístico holan-

dés do XVII, medio máis diversificado onde a aposta persoal dun artista podía crear unha clientela propia (Rosenberg, 1987).

¹² Lembrémo-la lectura política da *Medusa* de Gericault como crítica contra a corrupción e a venalidade da Restauración (Argan, 1975, I: 46).

¹³ Tentemos que o alumno comprenda o compromiso de vangardas para eles tan opacas como as devanditas, nas que a investigación formal estaba ó servizo dun proxecto que redundaría en beneficio da sociedade: é o tema que se discute en Moscova trala Revolución do 17 ou na Bauhaus dos anos vinte (De Diego, 1996).

¹⁴ O contido *antiartístico* de dada pretende destruí-lo valor de cambio da obra de arte como mercadoría, un valor que o mercado estaba a converter na única función da arte, de novo fóra do control do artista (Ramírez, 1994 a).


¹⁵ A tempestuosa militancia no comunismo francés dos anos trinta, repleta de desconfianzas mutuas, non se proxectará nunca en pintura política xenuinamente comprometida.

¹⁶ Así titula a *Historia del Arte* de Historia 16 o volume dedicado á segunda metade do século XX (García Felguera, 1993).

¹⁷ En máis de cento sesenta lenzos da serie de *Elexías á República española*, entre 1949 e 1990, grandes manchas ovais negras sobre fondo branco evocan un berro mudo e lacónico que transcende a dor e asume a unión inextricable entre vida e morte, faces dunha mesma e trágica realidade.

O tratamento culturalista da arte nos currículos de Historia omite o seu protagonismo na confrontación ideolóxica

MAÍTA RODRÍGUEZ CONDE
CARLOS GONZÁLEZ
PROFESORES DE
ENSINO SECUNDARIO
carlos-GL@terra.es



O GUERNICA EN RELEVO

ENTREVISTA Á DIRECTORA DO PROXECTO,
M.^a DE LA SOLEDAD BARRAL

CARME ALVARIÑO ALEJANDRO

Se visita-la cafetería do Instituto de Sar en Santiago de Compostela, impresiona a presenza dun gran relevo do *Guernica* de Picasso. Este mural foi elaborado por cinco alumnas e un alumno da materia volume do 2.º de bacharelato de artes baixo a dirección de M.^a de la Soledad Barral.

CARME ALVARIÑO: ¿Pódesnos explicar en que consistiu a vosa experiencia?

M.^a DE LA SOLEDAD BARRAL: Inicialmente íamos facer un mural pintado para o exterior do centro, para o que pedíramos unha axuda ó Concello. Ó fracasar este proxecto, retomei o tema e decidín facer coas alumnas de volume un mural en cartón pluma e así llelo propuxen a elas. Interpre-

tar volumetricamente o *Guernica* nun mural en relevo de 244 x 122 cm.


C. A. ¿E por que precisamente do *Guernica*?

S. B. O *Guernica*, por unha razón moi particular, é para min unha das realidades máis absolutas que se fixeron na arte. Para traballa-lo volume en cartón pluma podo escoller *As fiandeiras* de Velázquez ou o que sexa, pero aquí estaban moi claros os plans. Xa traballara co *Guernica* en Trives, onde fixeramos unha reprodución en pintura case de tamaño natural, mesmo tivemos que utilizar estadas. Coñezo a obra e, ademais, para a selectividade estabamos facendo a interpretación en volume dunha

imaxe plana. E logo tódalas situacións políticas, as guerras, o terrorismo... creo que non pasa un día que o *Guernica* non estea de actualidade, moito máis que por chamarse *Guernica* e estar no País Vasco, é unha mensaxe de terror pedindo a paz.

C. A. Cando iniciáche-la experiencia, ¿tiña o alumnado xa coñecemento do significado da obra coa que ían traballar?

S. B. Non. Eu expliquéille-lo que significaba o *Guernica* no seu contexto histórico e a mensaxe que o autor quería transmitir, o significado do acromatismo, aínda que os grises teñen unha tonalidade verdosa. Tentamos ademais conseguir ese ton, polo que non usamos só branco e negro senón tamén verde. Non me limitei a unha explicación introductoria. Trátase dunha materia de catro horas semanais na que continuamente intercambiamos ideas; son frecuentes as súas preguntas, non só por cuestións máis ou menos técnicas, moitas veces gardan relación coa historia da arte ou mesmo co trasfondo filosófico dalgunhas correntes artísticas; por exemplo, a pomba ¿por que berra? Moitas veces, cunha lección maxistral desde o encerado non se consegue transmitir certos significados, senón partindo dun comentario, con preguntas, e ó final ti lles di-lo resultado. Independentemente de que sobre o *Guernica* hai milleiros de concepcións diferentes de cada un dos seus elementos. ¿Que é o cabalo?, ¿que é o touro?, ¿e o guerreiro roto?, ¿por que florece unha flor?, porque a cultura realmente sempre florece. Iso quedoulles moi claro. Nas clases complementábase o volume co mundo da filosofía, da historia. Non se pode representa-lo *Guernica* sen representa-la sensación que dá o *Guernica*. ¿Como podes reproducilo se tes que amosa-lo horror?, os cortes que fas teñen que falar de horror, e cando falas do berro, estaste preguntando por qué berra. Eu son como unha directora de cine e eles interpretan, eles son os actores.



C. A. ¿Descubrironche algo que ti non viras no *Guernica*?



S. B. Si, axúdame a facer conscientes moitas das miñas ideas, algo que, se non che preguntan, non sempre é posible; é entón cando te das de conta, descubres unha verdade que nunca dixeras para ti mesma. Un traballo en grupo, ademais, sempre achega algo.

O que pasa é que eran poucos pero cun grao de madurez e formación moi desigual. Algúns expresaban moitas ideas, ían por libre e cando tiñan unha dúbida había que atendelos dun xeito «especial» porque a súa dúbida era unha dúbida tremenda. Outros carecían desas ideas propias, eran moito máis dependentes.

C. A. ¿Nalgún momento chegou a ser para eles algo rutineiro, reiterativo?, ¿non chegou a asfixialos?

S. B. Non, ás veces poñámolo en vertical e viámolo desde o fondo da aula, que-

Moitas veces, cunha lección maxistral desde o encerado non se consegue transmitir certos significados, senón partindo dun comentario, con preguntas, e ó final ti lles di-lo resultado



dabamos impresionados, daba novas forzas para continuar. Alí facíamo-la análise. Eu penso que lles gustou.



Foi algo moi apresurado, ata fins de decembro deixamos pintado e preparado o taboleiro porque non nos chegou antes o material, e empezamos en realidade a debuxalo en xaneiro, así que foi un traballo moi duro e tiveron que seguir vindo unha vez rematado o curso.

O mural estaba feito para poñer na cafetería, para o gozo do alumnado, e eles tiñan que sabelo desde o principio. Logo

está a connotación pacifista, por qué é tan terrorífica a guerra.

C. A. Noutras ocasións, cando no instituto facemos concursos de carteis para o día 8 de Marzo, as xornadas sobre o Islam etc., xeralmente fixéanse só na cuestión estética máis que na mensaxe.

S. B. Iso significa un traballo na aula, fai falta tempo. Non abonda só con transmitirilles unha mensaxe porque pode entrarlles por unha orella e estar xa saíndo pola outra. Empezan a facer preguntas, a intere-



sarse, despois dun tempo, como unha planta de tomate: hai que esperar a que madure.

C. A. ¿Que novos proxectos tes?

S. B. O pasado curso empezamos a facer (aínda non está rematado) un díptico dun home e unha muller espidos, o corpo humano, cunha idea un pouco atravesada, se cadra. Buscaba a diferenza e, a través da diferenza, a igualdade do sexo. As mulleres facían a parte do home e os homes a da muller.

C. A. Iso, ¿por que quixeron eles?

S. B. Non, non. A idea foi miña e xa non era a primeira vez que o facía. Partindo da idea que eles e elas teñen feita do outro sexo, búscase despois a realidade, tentando facer unha simbiose; estudian na historia da arte as representacións que se teñen feito e logo póneno en práctica. De tódolos xeitos, eu propoño o traballo e eles dinme se queren facelo ou non. Aínda que parta dunha idea miña, eles aceptan levala a cabo.

A educación plástica ou o debuxo de antes sempre se tomaban como unha «maría»; normalmente era debuxo técnico, de aí que se considerara afín ás matemáticas, a física ou mesmo a bioloxía. Coa LOXSE a educación plástica colle moitísima forza

C. A. ¿E non notaches unha falta de naturalidade, que estaban máis cortados que de costume?

S. B. Os homes marcan moitísimo os peitos e o ventre, é onde ven o maior misterio, marcan a zona fetal porque para eles alí radica o misterio; elas manteñen o contrario, unha vergonza extrema a marca-los xenitais.

Cústalles máis ás mulleres ca ós homes, por cuestión da educación, a pesar dos cambios fisiolóxicos que se dan no corpo das mozas a esas idades.

O que eu busco é que aprendan a representa-lo corpo humano, a coñece-lo corpo do outro pero tamén a trata-lo tema dun xeito natural.

C. A. ¿Poderíamos falar dun bacharelato en feminino?

S. B. Non, o número de alumnas e alumnos que o cursan está bastante equilibrado. Á arte chégase tanto por creatividade coma co cerebro. ¿Quen escribe novelas? Din que os novelistas teñen un compoñente moi feminino precisamente polo feito de narrar; na arte atopamos desde un grao de abstracción cientifista, moi abstracto (que sempre se di que é dos homes), a unha realidade como, por exemplo, o hiperrealismo, os novos realismos... A arte é linguaxe plural, ¿por que homes e mulleres?, calquera dos dous. Hai unha sensibilidade increíble tanto por un lado coma polo outro.

C. A. Este instituto foi un dos pioneiros en Galicia en implanta-lo bacharelato de artes, unha das novidades da LOXSE. ¿Que destacarías deste bacharelato?, ¿que ten de novo?


S. B. O bacharelato de artes é unha nova saída para os que queren unha vertente artística. Cando eu estudiaba COU (tamén Artes e Oficios) fixen unha elección que rompía calquera horario: collín grego e historia da arte, non había saída, agora si a hai.

A educación plástica ou o debuxo de antes sempre se tomaban como unha «maría»; normalmente era debuxo técnico, de aí que se considerara afín ás matemáticas, a física ou mesmo a bioloxía. Coa LOXSE a educación plástica colle moitísima forza. A arte (non a xeometría), o coñecemento do medio, da estética é fundamental nun mundo no que predomina a imaxe; pasouse dun tecnicismo a un humanismo da arte e iso creo que o teñen o bacharelato de artes e a ESO. Na ESO é educación plástica, visual, xeometría, o coñecemento do volume, unha maravallada, un caixón de xastre onde metemos todos eses contidos que logo o bacharelato desagrega. O debuxo artístico é a materia máis importante do bacharelato, importante para a arquitectura, o deseño, a imaxe, a xoiería... O debuxo, que chamaban a ciencia da arte no Renacemento, é xustamente o eixe deste bacharelato; debuxo artístico, non xeométrico. Darlle importancia a toda a industria de produción de obxectos, publicidade, imaxe; falo da televisión, do cine... todo é artístico, todo é estético. Non é suficiente coa vella división en ciencias ou letras, todo o que ves na vida normal: papeleiras, avisos de buses, todo é deseño.

Sei que a algunha xente non lle gusta, politicamente hai persoas contrarias a este bacharelato pero é nega-la realidade. A imaxe ten moita más forza có son.

C. A. Entón, ¿por que pensas que se mantén na nova estrutura do bacharelato da LOCE?

S. B. Aqueles que din que non serve para nada, que son manualidades, non saben en qué se converte un artista. Un artista ten unha mirada moitísimo máis crítica, analítica, máis profunda cá dun empresario. O científico, o científico de verdade, é creativo, de aí a idea dun científico «tolo» como Einstein, con gran capacidade creativa como a que ten un artista. Mantense porque hai todo un estudio feito pero non porque se crea nel.



A imaxe é moito máis ca unha mera palabra, leva incorporada unha serie de mensaxes subliminais. A min gústame especialmente o caso da cervexa, vemos rapazas superdelgadas, cun ventre plano e bebendo cervexa, paradoxal

C. A. Na ESO, ¿que se esperta?, ¿a capacidade de observación?


S. B. E sobre todo de análise do que te conforma. Os rapaces van ver unha película e quedan coa historia, coa narración. Moitas veces é algo máis ca unha narración e non a entenden. Nun anuncio de dous ou tres minutos eles pensan que tomando iogures Danone ou bebendo cervexa van estar divinos, cando xustamente o que lles están vendendo non é o produto; é dicir, non son capaces de ter unha actitude crítica diante do que lles están vendendo: a imaxe. A imaxe é moito máis ca unha mera palabra, leva incorporada unha serie de mensaxes subliminais.

A min gústame especialmente o caso da cervexa, vemos rapazas superdelgadas, cun ventre plano e bebendo cervexa, paradoxal.

C. A. Volvendo ó bacharelato, ¿repetiría-la experiencia do *Guernica* con outras obras?

S. B. Para facer unha interpretación dun cadro ten que te-la especial relevancia que ten o *Guernica*, pero ¿que obra actual? Hai obras preciosas como a *Danza de Matisse*, pero non é suficiente. O *Guernica* é real hoxe, cando se fixo e será actual no 2004 e no 2005 porque marca o horror, e iso non o atopei en ningunha outra.

**CARME ALVARIÑO
ALEJANDRO**
PROFESORA DE SECUNDARIA



dez.eme 54 MARZO 2003

CULTURA E POLÍTICA

FUNDACIÓN 10 DE MARZO

Nesta nova achega de DEZ·EME, a sección «Dosier documental» complementa o tema que lle dá título á revista: as relacións entre cultura e política. Como en números anteriores, tódolos documentos proceden dos fondos custodiados pola Fundación 10 de Marzo, tanto do Arquivo Histórico do Sindicato Nacional de CC.OO. de Galicia como da hemeroteca.

Presentamos nesta ocasión nove documentos que abranguen un período que corre dende 1922 ata 1989. O abano ideolóxico dos documentos é

tamén amplo, da esquerda á dereita. Esta escolma documental está ordenada cronoloxicamente, agás o documento número 2, que en realidade é triplo. Poderase comprobar que os contidos da maior parte destes facsímiles están relacionados coa lingua e, máis en xeral, co problema da normalización da cultura galega. O contido máis ou menos reivindicativo de cada documento está en consonancia tanto coa data na que se xerou como coa forza política que o subscribe.

FUNDACIÓN 10 DE MARZO

BOLETÍN MENSUAL

DA

Irmandade da Fala
DO FERROL

ANO II

Xaneiro, 1922.

N.º 2

A política e o Nazionalismo

O nazionalismo galego non ten que ver nada coa política nin cos partidos políticos. O nazionalismo galego non ten nada que ver co rexionalismo catalán e, pol-o tanto, con Cambó e compañía, qu'os nazionalistas coidamos verdadeiros traidores á os seus ideaes. O nazionalismo galego non ten nada que ver cos rexionalistas nin cos galegistas e, pol-o tanto; cō Leonardo Rodríguez, que é pra nos un político como os demais. O nazionalismo galego non ten que ver nada cos que falan da *morriña* e da *vaquiña*, nin ten que ver tampouco cos pobres diaños que falan do lacón con grelos e do viño do Ribeiro.

Non. O nazionalismo galego, como xa ten dito o Castelao, é un nazionalismo d'hotel e coarto de baño. Os nazionalistas somos, tamén, internazionalistas. Queremos que Galicia sexa libre, pra que poida desenrolare o seu espírito privativo, e pra que poida sere, no futuro, patrimonio da humanidade.

Pra iso queremos a liberdade de Galicia. Porque sendo escrava, como é hoxe, non falará á humanidade do seu, e Castela falará por ela, como nos tempos vellos falaban por Galicia as Cortes de Zamora.

As nazionalidades—e Galicia é unha nazionalidade—son os órganos de humanidade. E a humanidade percisa pra o seu progreso, descompor as suas funcións xeneraes en outras tantas particulares, das que están encargadas as nacións.


Pro a nación non é o Estado. Oides falardes da nación ingresa, da nación francesa, da nación hespañola, e, pol-o costume d'ouvilo



n^{os} 16-17

segundo
y tercer
trimestre
de 1970

Inova Galicia



Peninsular Maderera
 ¡Pola Libertade!
 Linguas Vernáculas
 Movemento dos Estudiantes
 ¿Qué pasa no campo?
 Folga na Suiza
 Héroes da revolución
 As nacionalidades
 Chamamentos - Documentos

REVISTA CULTURAL Y POLITICA

dez.eme 56 MARZO 2003

Presentamos nesta ocasión un dossier de documentos que abranguen un período que corre desde 1922 ata 1939. O mesmo está en consonancia tanto cos datos que se creou como coa forza ideolóxica dos documentos e política que o subscibe.

En col do Día das Letras Galegas

Xa é coñecida a iniciativa da Academia Galega de celebrar cada ano, dende 1963, o Día das Letras galegas, 17 de maio, adicándollola a un escritor.

Iste ano Tocouille a Marcial Valladares Nuñez de quen publicamos aparte algúns datos biográficos.

Compre decir que polo que toca a Galicia —pois o Día das Letras Galegas tamen se celebrou en Barcelona e no extranxeiro— as primeiras celebracións tiñan un carácter máis amplo, caseque popular. Mais agora vense degradando a unha cousa minoritaria, de elite sen o calor, nin tan siqueira de sautores amplos da intelctualidade galega. A memoria de Marcial Valladares tivo dereito na Estrada, a súa vila natal, a unha misa e unhas cantigas folclóricas no solar da que foi a súa morada e mesmo un banquete. Houbo algunha cousa máis valiosa, como a Feira do Libro Galego o algunha conferencia, na Coruña.

Pola súa parte a Universidade tamen organizou un concurso literario. Nembargantes, todos eses autos non chegaron nin chegan a romper un certo carácter «oficial» «banqueteiro» (ven de banquete non Banco), do conxunto da celebración.

O que é raro, é que o día non tivo un carácter de lotta pola liberdade da lingua e da cultura. A opresión nacional de Galicia neste senso tan importante, da lingua, anda a búsqueda dunha dispersión a medida do descontento do pobo. Ista celebración tan amables son sospeitosas, con independencia das bóas intencións dos que as organizan, de xógalo xogo da «integración».

Non somentes somos nós os que pensamos así. O escritor Xavier Costa Clavel opinou, segun podemos saber pola prensa que: «Tal como se celebra actualmente, el día de las letras galegas es poca cosa. La fiesta no llega al pueblo y esto es lo lamentable». «A no tener ni una raíz ni una proyección popular, carece de trascendencia».

Pola súa parte Xesus Alonso Montero tamén dixo que la «fiesta del 17 de mayo es algo así como un reconocimiento oficial de una cultura y de un idioma, aunque este reconocimiento apenas trascienda el nivel de los episodico y de lo fugaz».

Resumindo: A nosa lingua e cultura tenen un obstáculo: o franquismo e a súa represión contra todo o que cheira a democracia, mesmo no terreo nacional. O Día das Letras Galegas tiña que berrar forte que lites no se poiden cultivar sin autonomía o respecto de nosa nacionalidades, ¡SIN AS LIBERTADES!

A loita polas liberdades e en conquistar as mesmas está pois a clave.

VALLADARES NUÑEZ (Marcial)

Abogado y escritor, n. en Santiago (o en La Estrada) en 1823. Cultivó el gallego en prosa y verso, colaborando en varias revistas regionales y en La Ilustración Gallega y Asturiana, donde dio a conocer una novela, Majina ou a filla espurea, que fue la primera obra de este género escrita en la lengua del país. Publicó en 1884 un Diccionario gallego-castellano, en el que reunió —según sus propias palabras—, «más de diez mil seiscientos vocablos, cuatrocientos sesenta refranes, proverbios y dichos, fragmentos poéticos y doscientos cuarenta y dos cantigas que a la moral no ofenden y patentizan la suavidad, delicadeza y hermosura de nuestro dialecto, próximo a desaparecer entre el humo de las locomotoras, o a ser lastimosamente aduterado, efecto de la emigración y otras circunstancias no aquí del caso». Diccionario que, dentro de su limitación, sigue siendo de utilidad para los que cultivan la literatura gallega. M. Marcial Valladares murió en La Coruña en 1902.

SOBOR DAS LINGUAS VERNACULAS

Nas Cortes vense de face-la discusión da Ley de Educación. Coese gallo surxin o problema, non podía non surxir, das linguas vernáculos. O espectáculo foi divertido porque os percuradores, o que percuraban era non saír da confusión e das incertidumes. Houbo un xogo de enmendas que reflexaza por un lado o insostenible da opresión das falas catalana, vasca e galega. Por outro lado, a resistencia franquista a medidas inequívocas de apoio a enseñanza nas diversas falas nacionais.

Houbo algun distes percuradores que iba un pouco mais pra adiante, chegando a pedir a implantación da enseñanza bilingüe, mentras que aos outros (a maioría) todo se lles volvia recelar contra calquer concesión que poidera «disgregalo» o uniformismo cultural imposto pola poder da dictadura.

E asin, pasándose os uns os outros a mao polo lombo, botándose froles reciprocamente engadiron os proleutos unha chea de formulas ambiguas que no fondo non cambian tan siqueira a fachada tradicional da fama, ben ganada, que teñe iste réxime como opresor das linguas nacionais ou vernáculos de catalás, vascos e galegos.

¿Que pintan entón ises percuradores que din, que van as «Cortes» por Galicia? Ise non teñen moita preocupación por desamordazalo pobo galego. Pen-

sando quizabes que ise día, i probes deles!

O que xa non poide deixar contento a ningún son as concesións declaratorias e demagóxicas a que se ven obrigados os franquistas. Hay que tomaras medidas prácticas e presupuestarias que fan falta. Por exemplo: si hay que enseñar en gallego, a primeira cousa e formar maestros que coñezan o gallego, editar textos de estudio en gallego e o mesmo tempo, decretalo insino do gallego nas escolas e apricalo na practica alionde a maioría dos nenos falen gallego. Mais a mordaza temosla que arrancar nos mesmos, os galegos, coa nosa loita. Compre decir que neste senso as institucións culturais e de todo tipo en Galicia non se portan moi enérxicamente na defensa da fala galega no insino. Valeria apenas seguido o exemplo de Cataluña, na que mais de 2.000 institucións suscriberon un documento pedindo a insino xeneralizado do catalán en toda a súa area lingüística, dende a educación preescolar deica o bachillerato inclusivo. ¡Con decir que hasta os club de Fútbol Barcelona, Español e Sabadell firmaron o documento!

Da pena o ridiculo con que se cobren certos dos nosos, chamados liberales que aínda se resisten nistas cousas, o non chegan tan siqueira as concesións que, aunque sexan de palabra e hipócritas, ven-se obrigados algus percuradores nas Cortes franquistas.

Hoxe os tempos están pra unha maior largueza democrática. O mito da unicidad nacional de España non se ten de pé, e o feito da plurinacionalidade érguese mostrando unha vez mais o carácter anacrónico do rexime franquista e o seu radical divorcio coa realidade española. Divorcio insalvable tamén, no que respecta as nacionalidades e insostenible na medida en que as masas van pasando a loita por cambios radicais.

A acción en defensa da lingua galega pode ser unha importante contribución a loita Nacional de Galicia, ampliando a mobilización de sautores mais vastos do pobo, e dándolle mais profundidade a alianza das forzas galegas do traballo e da Cultura.

O Partido Comunista de Galicia ten un programa consecuente de liberdade pra a lingua e a cultura galegas.

Nós pedimos que se reconozca o gallego como lingua oficial de Galicia. O bilinguismo oficial pra todo: literatura, relacións coa administración, ensino (Según que a maoria dos rapaces fale gallego ou castelan fátase o insino nise idioma básiaco, adprendendo o outro coma asignatura). Pedimos en xeneral o dereito a usádo gallego na universidade, na Radio, na Televisión, en todo los autos culturais etc. E que cada quen fale coma lle veña en gana. Cando haxa que falarlle a un funcionario do Estado ou chamarlle a atención a un burócrata ou recibir explicacións nunha ventanilla, que tamen se poida facer en gallego.

Resumindo: As discusións nas «Cortes» (as Cortes en gallego, o menos na algus sitios, tamen son cuadradas, con perdón) amosra que pra alcanzala liberdade da fala, que non se pode olvidar que é unha liberdade nacional básiaca, o mesmo que pra conquistar as outras liberdades, hay que pasar sobor do cadaver do franquismo.

E que non se lle esquezna a niquen que o pobo galego non quere unha liberdade a cachos, rota, aínda que loite por arrancar unha porción deica cada día. Quer unha liberdade enteira e de verdade. Por iso sendo moi importante a liberdade da fala, ista serviría de ben pouco si o pobo non poidera decir coela o que pensa e sente. E disto percisamente do que se trata.

ZERBA e ZEMPO

Voceiro da Union do Pobo Galego

A REPRESION NA CULTURA HOXE

O incremento da toma de conciencia nacional-popular en Galicia leva aparullado unha meirande re-
presión por parte do goberno feixista. Este axion alcanza tamen ó aspecto cultural, que nistes derradeiros tempos ven desenrolando se considerablemente debido á aparición dun bó número de grupos e asociacións culturais de carácter galeguista. Non cabe dúbida que iso é un avance na toma de concen-

cia nacional-popular en Galicia. O goberno feixista alarmado por iso intenta impedir este avance cultural e pra elo utiliza tódolos medios que atopa diante. Eles varden a prohibición espresa de actos e conferencias hastra as máis sutís de non dar os permisos hastra unhas horas denantes co gall de que non se poidera anunciar así a xente non se entere, pasando polas intimidacións a membros

(11)

das directivas, ameazas de peches, presións a donos de salas colexios ou outros establecimentos pra que non se deixen pra ig-tas Sociedades.

Vexamos algúns exemplos desta represión que se exerce sóbora Sociedades Culturales da nosa Terra.

Agrupación Cultural "Abrente":

A "autoridade gubernativa" prohibe un recital do cantante portugués Xosé Afonso, así como a representación da obra teatral "Oratorio" polo grupo de teatro Bites, na 1ª Mostra do Teatro Galego, celebrada en dita vila (Ribadavia). Por outra banda o gobernador civil de Ourense intenta instrumentalizar a "1ª Mostra do Teatro Galego". Como lle dá mal a manobra presiona pra que certas entidades bancarias e o grupo Barrié, que prometeran dar cartos á Mostra, lles retiren a promesa. Por último, a maioría da prensa galega silenciou sistematicamente senellante actividade, transcendental pra cultura galega.

"O GALO" (Santiago): prohibese lle unha conferencia sobre teatro ao director teatral Manuel Lorenzo, outra sobre poesía a un recital do Catedrático Méndez Ferrín; outra sobre a muller, da escritora Mª Xosé Queizán; un recital de poesía dos poetas Babade e Darío X. Cabana, ademais de enviar moitas veces os permisos, cunhas horas antes da conferencia pra que vaia o menor número posible de xente, debido a que non deixan facer propaganda hastra que chegue o permiso.

"VALLE INCLAN" (Lugo): prohibese unha conferencia de Manuel María, outra de Mª Xosé Queizán e outra de Carlos Casares, nun ciclo de "Nova Narrativa Galega".

"SEMENTEIRA" (Viveiro): prohibese unha conferencia de Manuel María.

Liceo de Noia: prohibese lle un ciclo de conferencias sóbora "Cultura Popular e Galicia". Ian ser dadas por Ramón Piñeiro, X.M. Casarín e A.L. Rodríguez Pardo.

A autoridade académica da Universidade Galega prohibe un ciclo de conferencias en galego organizadas polos estudantes, mentras o decano de Económicas aconsella que as conferencias se den en castelán.

É curioso que todas as conferencias e actos que se prohiben son en galego. Mentragantes non se opón ningunha trabo as charlas que son en castelán. Polo que se deduce que a represión, centrada sistematicamente contra do noso idioma.

¿Por qué tarán tanto medo?.

Este atentado contra da cultura galega pode vir dun Estado feixista cunha misión histórica ó tomar mentalmente á xente pra seguir vivindo catro á costa de cento. Todo revolucionario debe mobilizarse contra da represión cultural posto que é un deber defender a nosa cultura nacional-popular. Cada prohibición de goberno feixista español debe ser utilizada pra mobilizar as masas. Que todo o mundo se entenda da prohibición. Anuncialas, cuentalas, espallalas, deica conqerir que o número maior de xente condene estes atentados culturais deste tristemente célebre Estado feixista.

A hora de pechar esta edición elegáncas a nova da que a Asociación Cultural de Nonfantes foi pechada por orden gubernativa. Eforamos os motivos.

(12)

Mes de
XULIO-
AGOSTO
1973

FEBREIRO 2003
58
dez. eme

!!Proletarios de todos los países e pobos asoballados, XUNTEMONOS!!

GALICIA EN LOITA

VOCEIRO DA ORGAIZACION GALEGA DO MOVEMENTO COMUNISTA DE ESPAÑA

N 3

-1975-

Febreiro -- Febrero

-10-

E por último as consignas de senso político que berraronse nas manifestacións que nos demostran o calado que esta en un sector importante dos estudantes o problema da represión e da falla de liberdade.

Finalmente e a modo de conclusión os direi que anque, de momento, non se haya logrado a readmisión do compañeiro expulsado, non se pode ter moral de derrota; por outra banda os oito compañeiros da Guis están de novo en crase.

O salto cualitativo que en todo-los aspectos xa citados supuso esta loita é nosa mellor victoria. Se pode afirmar sin medo a equivocarse que estamos asistindo a progresiva formación de un Movemento Estudantil amplo e combativo, cunha capacidade de loita e mobilización formidables.

Istas espléndidas condicións oxigen por parte de todo-los estudantes realmente conscientes novos esforzos cara a conquistar a organización ampla e unitaria, estable, de funcionamento interno democrático e clandestino que o estudantado vigués necesdita pra abordar novas e importantes loitas.

Vigo:29-II-1975

Corresponsal

ABAIKO A REPRESION DA CULTURA GALEGA

A xenreira que o feixismo tenlle a calquera manifestación cultural galega, como á das demais nacionalidades asoballadas de España, é xa coñecida e sufrida polo pobo galego den de fai moito tempo.

Mais, dun tempo pra eiquí a represión da nosa cultura nacional non fai senon medrar. O mes de Xaneiro estivo cheo de provocacións e represións sobor da cultura galega.

Ademais da política, xa tradicional, de boicot das autoridades feixistas ós recitales dos cantantes progresistas galegos, en este mes foron prohibidos en moitas cidades e vilas galegas unha chea de actos culturais.

O mais destacable foi a prohibición en Vigo, Porriño, Moaña, Ourense, Lugo, Cruña e moitos outros sitios de mesas redondas e conferencias que, co gallo do aniversario da morte do gran artista e galego Castelao, iban se celebrar.

Por outra banda o gobernador civil mandou a policía requisar as películas, moitas delas feitas en galego, que foron proiecadas nas terceiras Xornadas de Cine, celebradas en Ourense.

O feixismo e a cultura galega son dúas cousas antagónicas. O feixismo odia todo o que cheire a galego e progresista. Mais o pobo galego é cada día mais consciente de esta situación i érguese disposto a non deixar que os feixistas alduaxen e tenten afogar mais a nosa cultura.

O asoballamento nacional é un factor mais de enfrentamento do pobo ca gran burguesía e o feixismo. A nosa laboura, o deber dos comunistas, e facer do malestar e noxo odio contra o feixismo, que provoca nas masas do pobo cada feito represivo contra da nosa cultura nacional, un potente torrente que bata forte nos inimigos do pobo.

;; OPOÑAMONOS A REPRESION DA NOSA CULTURA NACIONAL ;;

;; POR UN DESENROLO CEIBE DA CULTURA GALEGA ;;

;; POR UNHA GALICIA CEIBE NUNHA REPUBLICA DEMOCRATICA E POPULAR ;;



Educación



Universidades e Investigación



Cultura



Sanidad y consumo




Servicios sociales



Juventud y deportes



La protección del medio ambiente



Agricultura



La política pesquera gallega

Programa de Gobierno para Galicia 1990-1993



Industria

Construcción naval



Comercio




Turismo



Organización político-administrativa



Administración Pública



Ordenación del territorio y obras públicas

Un gran Futuro para un gran Pueblo

Partido
Popular de Galicia

con el urbanismo y con el medio ambiente.

- • • • Promover la formación, creación y difusión culturales en un ámbito de máxima libertad.
- • • • Construir y renovar infraestructuras y equipamientos culturales para que las actividades lleguen a todos los lugares, comarcas, pueblos y ciudades a través de una oferta diversificada y constante.
- • • • Propiciar el desarrollo de centros locales y comarcales dedicando una atención especial a las zonas menos pobladas y menos favorecidas.
- • • • Potenciar los intercambios culturales con todas las instituciones públicas y privadas, de dentro y fuera de nuestra Comunidad Autónoma.
- • • • Proyectar al exterior nuestra cultura, mediante intercambios constantes con las otras culturas del Estado Español y del extranjero.
- • • • Potenciar el desarrollo de las infraestructuras necesarias (museos, salas de concierto, teatros...) que puedan favorecer la difusión de las artes y las relaciones de los artistas con el público.
- • • • Estimular la participación de los artistas en la restauración, conservación, utilización y difusión del Patrimonio Cultural. El artista será protegido, defendido y ayudado en su libertad de creación. Se procurará ofrecerle incentivos para que pueda tener contacto vivo con otras culturas.
- • • • Intentar que los jóvenes tengan posibilidad de actualizar sus conocimientos mediante estímulos y ayudas, como la concesión de bolsas o licencias de estudio.
- • • • Dedicar especial atención y el mayor apoyo posible a las actividades de aficionados en toda su diversidad.
- • • • Conseguir que las tareas de difusión favorezcan, por su prestación y trata-

miento, una actividad activa del público frente al consumo pasivo de productos culturales.

- • • • La mujer, en igualdad con el hombre, como es obvio, participará en todas las parcelas del mundo cultural.
- • • • Ofrecer a los jóvenes una amplia variedad de actividades culturales que respondan a sus inquietudes, procurando despertar su interés por nuestro Patrimonio Cultural y por la cooperación en un espíritu de amistad y de comprensión internacionales.
- • • • Garantizar la integración de las personas que requieran educación especial, y ofrecerles la posibilidad de contribuir con su propia creatividad.
- • • • Prestar especial atención a las actividades culturales para la tercera edad, y establecer programas específicos para personas internadas en larga permanencia en hospitales o residencias.
- • • • Organizar actividades que favorezcan la integración de marginados y de internos en establecimientos penitenciarios.

Nuestra cultura cara al futuro

1. Conservación y difusión

Nuestra política cultural se caracteriza por su «marchamo» europeo y se vincula a las nuevas tecnologías, fomentando la labor creativa en sus diversas manifestaciones culturales, en el deseo de servir con modernidad y rigor a Galicia.

La actuación del gobierno en la tarea de difusión incidirá en la democratización de la cultura, en la potenciación de los canales de participación, en el respeto a la legítima diversidad, alejándose de cualquier intervencionismo y aumentando el grado de información y difusión de la cultura entre todos los ciudadanos.

En el marco general de descentralización se intensificará la colaboración entre las diversas administraciones públicas con el fin de rentabilizar al máximo los recursos humanos y materiales existentes y futuros.

Nuestro programa parte de la idea de que poseemos un legado cultural heredado que llegó hasta nosotros y que ahora tenemos la obligación de conservar, restaurar y mejorar para transmitírselo a las generaciones futuras. Para conseguir que la información llegue de una manera directa a los usuarios se impulsará un sistema informatizado que contenga los catálogos e inventarios de nuestro patrimonio histórico, artístico, bibliográfico y documental.

Se contribuirá a crear una conciencia colectiva del valor de nuestro patrimonio realizando una labor de difusión e información desde la escuela hasta los medios de comunicación, en colaboración con asociaciones profesionales y organismos relacionados con el mundo de la cultura para la consecución de diferentes logros (museos locales y de oficios, archivos comarcales, bibliotecas de barrio e itinerantes de préstamo, ferias de libro, exposiciones, escuelas de restauración).

Se incrementará la formación de personal especializado para la mejor atención a los diferentes servicios: excavaciones, archivos, bibliotecas y museos.

Se reforzarán los programas de subvenciones y convenios para la conservación y conocimiento del Patrimonio Histórico-Artístico y Etnográfico.

Para acciones de promoción sociocultural se potenciarán las casas de cultura, los centros juveniles y de la tercera edad y los centros gallegos de todo el mundo.

Patrimonio arqueológico y etnográfico

Elaborar la Carta Arqueológica de Galicia que contendrá el inventario y catalogación de los yacimientos arqueológicos del país con la previsión de su permanente actualización.

Prestar atención especial a los museos arqueológicos tanto en su infraestructura como en el personal, promoviendo, también, la creación de museos «in situ» subsidiarios a los yacimientos arqueológicos que su interés y proyección social aconsejen.

Establecer rutas arqueológicas de especial interés turístico-cultura.

Potenciar los trabajos de arqueología submarina y de arqueología en cuevas.

Crear el Instituto de Investigación Arqueológico-Etnográfico como organismo del más alto nivel en este campo y de prestación de servicios de colaboración con otras instituciones de la Comunidad o extracomunitarias que lo requieran.

Elaborar una Carta Etnográfica de Galicia que contenga el inventario y catalogación de las diversas manifestaciones etnográficas en su doble vertiente, material y espiritual.

Conservar los oficios artesanales y restaurar la casa gallega, los hórreos, molinos, hornos, palomares, aperos de labranza, etc.

Recopilar sistemáticamente fiestas y romerías con sus exhibiciones folclóricas de baile y musicales u otras manifestaciones populares reflejadas en oraciones, refranes, cantigas y romances, adivinanzas, cuentos y narraciones.

Llevar a los centros de enseñanza programas selectivo-divulgativos de Arqueología y Etnografía.

Patrimonio artístico-monumental

Establecer y reformular una clara política cultural que integre el Patrimonio en programas de planificación general y coordine las acciones que realizan distintos organismos e instituciones.

Asegurar al máximo su proyección y rentabilidad social, dándole a sus bienes una función activa en la vida del pueblo (museos generales o temáticos, salas de exposiciones, conferencias, etc.).

Proteger el Patrimonio con criterios definidos y medios tecnológicos avanzados, difundiendo y utilizándolo para consolidar la conciencia cultural gallega y favorecer la promoción cultural, artística y de sensibilización popular.

Impulsar la nueva creatividad arquitectónica como instrumento para poder transmitir una aportación cultural contemporánea de calidad a las generaciones futuras.

Elaborar programas de rutas culturales.

Crear el Instituto de Restauración y sus unidades técnicas, el Centro de Estudios y Di-

fusión del Patrimonio Histórico y la Comisión Superior del Patrimonio Histórico.

Propiciar convenios con entidades e instituciones varias.

Ayudar a las iniciativas de rehabilitación y difusión. Fomentar las **Escuelas Obradoiro** y los módulos de rehabilitación artesanal.

Convocar premios en el campo arqueológico-artístico.

El patrimonio documental

Inventariar y recoger los documentos históricos de nuestro pasado documental esparcido por innumerables archivos nacionales y extranjeros.

Conservar los fondos documentales en locales con medidas de seguridad apropiadas y con estructuras modernas.

Dotar los archivos de personal especializado y de medios adecuados.

Crear el **Archivo Histórico Nacional Galego** como centro de información e investigación en donde se recojan originales por donación, compra o depósito, o bien copias por cualquiera de los procedimientos modernos más idóneos.

Museos

Proteger los museos existentes con la triple finalidad de conservar, estudiar y exponer el conjunto de elementos de valor cultural, científico, artístico y técnico. Dotarlos de instalaciones adecuadas, medios técnicos y modernos y de personal especializado. Impulsarlos como centros de investigación y cultura.

Restaurar todo aquello que no llegó hasta nosotros en condiciones idóneas.

Procurar la exhibición de piezas y colecciones propiciando, con garantías y, cuando sea posible, exposiciones itinerantes.

Elaborar catálogos y guías didácticas.

Promover convenios de colaboración entre los medios de comunicación y las direcciones de los museos con el fin de que puedan ser utilizados en beneficio de la educación escolar y general.

Fomentar los clubes de museos con la finalidad de permitir la participación de la juventud en sus actividades.

Propiciar que la entrada a los museos sea gratuita o cuente con bonos o precios reducidos.

Crear el **Museo Nacional Galego**. En él se dispondrá de la catalogación y el inventario de todo el Patrimonio Artístico.

Política lingüística

La política lingüística llevada a cabo por el Partido Popular de Galicia a lo largo de su mandato en el Gobierno de la Xunta fue una política coherente, eficaz, efectiva, decidida y, al mismo tiempo, respetuosa y equilibradora y, de manera implementada, continuará por ese camino.

Nuestras acciones irán encaminadas a:

1. Promoción e implementación del gallego en el interior.
2. Proyección en el exterior.

En ambos casos la finalidad es la misma: recuperar la lengua y prestigiarla promoviéndola en los diversos ámbitos de la sociedad gallega, siguiendo el mandato estatutario, la Ley de Normalización Lingüística y los Decretos y Ordenes que la desenvuelven.

1. En el primer caso, nuestro programa incidirá sobre el fomento y defensa del gallego en la Administración Autónoma y Local, Administración periférica del Estado, en la Iglesia, medios de comunicación y enseñanza, etc. Se añadirán aquellos aspectos no contemplados en la Ley de Normalización Lingüística, entre otros: el mundo laboral, mercantil y publicitario, así como la promoción y apoyo al libro gallego en la enseñanza y demás vertientes de la cultura.
2. En el exterior. Es preciso llevar el gallego, en primer lugar, a las zonas del llamado «gallego exterior» que, desde hace tiempo, llevan reclamando una atención que aún no se le ha prestado. También a Europa y a América. Para esto, es necesaria una política coordinada con Universidades extranjeras,

Institutos de Investigación, Organismos Culturales, etc., sin olvidar nuestras comunidades gallegas dispersas por el mundo. Todo ello contribuirá a la difusión del gallego como patrimonio de la cultura universal.

Será competencia fundamental llevar a cabo la Ley de Normalización Lingüística y se velará por su cumplimiento y aplicación.

La meta de la planificación lingüística tendrá, por lo menos, las siguientes funciones: educación, ámbito legal y oficial, administración pública, comercio e industria (mundo laboral), religión y culto, seguridad y orden público, salud pública, uso ambiental y recreativo, ambiente familiar e interpersonal, además del tercer aspecto contemplado en la Ley de Normalización Lingüística: los medios de comunicación.

Como premisa fundamental es necesario hacer un estudio sociolingüístico que permita un conocimiento real de la situación actual, total y por sectores, con vistas a incidir posteriormente en una planificación lingüística rigurosa y eficaz.

Los Caminos de Santiago y su proyección y repercusión cultural

Dado el especial valor simbólico de los Caminos de Santiago, como patrimonio gallego, español y europeo, se potenciará su conservación desde su propia identidad y origen espiritual con atención preferente al Camino Francés, por antonomasia, «El Camino».

Se realizarán acciones en el Camino tendentes a:

- • • • Delimitar, mejorar, conservar o construir el objeto físico del Camino declarando la zona por donde atraviesa «Comarca de acción especial».
- • • • Recuperar el patrimonio arquitectónico situado en los alrededores del Camino (monasterios, iglesias, pazos, etc.).
- • • • Dotarlo de elementos básicos de apoyo al peregrino: albergues, fuentes, centros de información, servicios varios.

- • • • Establecer programas de actividades culturales y creación de museos locales.
- • • • Promover el turismo rural en las comarcas del Camino.
- • • • Apoyar y colaborar con las entidades locales y provinciales en todas las actuaciones y actividades que realicen.
- • • • Crear la figura del **Comisario del Camino de Santiago** como autoridad encargada de coordinar las acciones que se realicen en torno al Camino.
- • • • Creación de un **Museo Jacobeo** en la ciudad de Santiago y de un **Archivo** que recoja los «Fondos» de documentación del Camino.
- • • • Montaje de la gran **Exposición Jacobea** en Santiago con motivo del Año Santo 1993.

Libro y bibliotecas

Potenciación del libro gallego que incluya las ayudas porcentuales necesarias al editor y a las editoriales, que compensen incluso las pequeñas tiradas, a través de conciertos económicos, compra de ejemplares, subvenciones a la traducción, subvenciones a publicaciones infantiles, etcétera.

- • • • Apoyo económico a escritores jóvenes y consagrados para estimular la creación intelectual.
- • • • Campañas para el fomento de la lectura encaminadas fundamentalmente a la población infantil y juvenil.
- • • • Impulso de las bibliotecas como centros de difusión de lectura.
- • • • Creación de nuevas bibliotecas y mejora de las existentes, no sólo en cuanto a fondos sino a la dotación de medios y avances tecnológicos.
- • • • Fomento de la existencia de bibliotecas en el mayor número posible de barrios y parroquias. Ampliación de las bibliotecas infantiles.



SECRETARIADO XERAL

Santiago de Chile, 26. entresuelo - Izqda

Teléfonos 599: 50 - 4

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Resolucións do I Congreso S.Ensino - 2

C. Ensino e Cultura Nacional

1. O Sindicato reconece a existencia en Galicia dun fato de diferenciacións culturais que plantexan a necesidade dunha análise específica.
2. Que dentro desta análise a cuestión da lingua é un dos aspectos do feito cultural no que os traballadores do ensino teñen unha maior responsabilidade cara a súa progresiva normalización.
3. Que a asunción polos traballadores do ensino da complexa problemática que conleva a especificidade do feito cultural é un xeito moi importante de vencellar as loitas sindicais coa necesidade de transformar a realidade galega.
4. Que dada a importancia desta cuestión a Sindicato levará a cabo unha elaboración máis detida desta problemática que posibilite unha meirande incidencia na actual discusión encol do ensino en Galicia.

Santiago, 20 de maio de 1978

Santiago, 17 de maio de 1979



O SINDICATO DE CC.OO. DE GALICIA, CO GALLO
 DO DIA DAS LETRAS GALEGAS; EN TANTO QUE SINDI-
 CATO NACIONAL E DE CLASE, CONSCIENTE DO DECISI-
 VO PAPEL DA CULTURA NA CONSTRUCCION DA NOVA
 NACION GALEGA, EXPRESA A SUA MAIS FIRMA VONTA-
 DE DE LOITAR CON TODAS A SUAS FORZAS PO-LA NOR-
 MALIZACION DA CULTURA GALEGA

- Neste senso, amósase como obxectivo priori-
 tario crear o distanciamento existente entre o ga-
 leguismo cultural e o conxunto das clases traballa-
 doras. Distancia que ven xenerada historicamente non
 soio po-lo impacto do centralismo no conxunto do po-
 bo galego, senón tamen po-lo propio contido de cer-
 tas formulacións culturais que manteñen unha alleida-
 de notábel aos intereses dos traballadores.

- Non se trata de propiciar un achegamento
 dos traballadores a unha cultura xa feita con exte-
 rioridade a eles, senón de implicar a súa participa-
 ción creadora no proxecto de construción dunha no-
 va cultura.

Santiago, 17 de maio de 1972

- Semente esta participación permitirá, romp
pende co-alleidade do pobo ca cultura, a necesaria
redefinición dos seus contidos nunha perspectiva
progresista. Nova formulación da cultura que non
implicará, alón de todo servilismo e manipulación,
en definitiva mais que a súa emancipación de certas
servidumbres de clase historicamente herdadas. Re-
definición que mais alá de toda nova subordinación
política implicará a liberación da imaxinación e
das enerxías creadoras do conxunto do pobo galego
implicando na construción dunha cultura mais libre,
mais nacional, mais auténticamente galega.

FINALMENTE, NO MOMENTO POLITICO NO QUE NOS
ATOPAMOS XUZGAMOS DECISIVA A APROBACION DUN ESTATU
TO DE AUTONOMIA QUE, DESENVOLVENDO AO MAXIMO AS FA
CULTADES DE AUTOGOBERNO CONTIDAS NA CONSTITUCION,
PERMITA ENTRE OUTRAS COUSAS O DESENVOLVEMENTO DUNHA
POLITICA CULTURAL GALEGA QUE SIGNIFIQUE O ESTABLECI
MENTO DUNHAS BASES SOLIDAS CARA A NORMALIZACION DA
NOSA CULTURA, E PRIMARIA E URXENTEMENTE DA NOSA LIN-
GUA.

Santiago, 17 de maio de 1979

DIA DAS LETRAS GALEGAS

*17
de
Maio*

**POLA PLENA
NORMALIZACION
DA NOSA
LINGOA**



Partido Comunista de Galicia

O PCG, prá chegar ó socialismo e á liberación nacional de Galicia, basea a súa estratexia eurocomunista nunha política de reconstrucción nacional, que dito do xeito máis sinxelo, quere dicir que a clase traballadora galega ten que facer Galicia. Corresponde á clase obreira, xunto coas forzas progresistas, situarse na vangarda da loita nacional, pra deste xeito facer efectiva a loita de clases. Nesta tarefa estamos empeñados os comunistas galegos.

Diante o próximo 17 de Maio, Día das Letras Galegas, o PCG chama ás clases traballadoras e ás forzas da cultura galega a celebralo reivindicando a plena normalización da nosa lingoa.

Se estamos por reconstruir a Galicia coma comunidade nacional temos que lle dar pulo ó idioma, reivindicar de cotío o seu uso en tódalas esferas, mais para eso somentes temos un vieiro: usalo normalmente. Este ten de ser o primeiro paso do rexurdimento cultural da nación galega.

Nesta tarefa, de todo galego, de normalizar nas súas relacións o uso do galego, os comunistas galegos entendemos que son tres os eidos, a nivel institucional, fundamentais, de cara á plena normalización da lingoa: o sistema educativo galego, os medios de comunicación social e o sistema administrativo.

No marco da involución centralista de UCD, significativa en Galicia dende que Quiroga preside a Xunta, e sobre de todo, pola agresión permanente do partido do goberno á autonomía galega (imposición dun Estatuto centralista e caciquil, Lei Orgánica do Referendum, negativa a convocar o Referendum galego, etc.); neste marco político UCD sacou o chamado "Decreto de bilingüismo". O PCG, aínda valorando as aportacións positivas de individualidades na comisión correspondente da Xunta, rexeita clara e inequivocamente o decreto de UCD encol da lingoa e a Orde Ministerial que regula a súa aplicación. Por conter serios atrancos administrativos para a normalización do galego, vítima dunha situación diglósica. O ensino en galego debe ser un feito, dende o comenzo do proceso escolar, primado pola administración, que xunto con partidos, sindicatos e asociacións de pais e cidadáns, han de concienciar sistemáticamente á poboación encol da necesidade de recuperar a nosa lingoa e cultura, superandos valoracións discriminatorias dos nosos valores culturais nacionais. A Administración de UCD fai o contrario. Mesmo deixa sen aplicar os aspectos positivos do propio decreto.

O PCG convoca ó pobo galego a celebrar o 17 de Maio pola normalización da lingoa, polo ensino do galego e en galego, polo uso do galego en prensa, radio e TV, por unha TV de Galicia ó servizo nen dun partido nen dun señor, senón do pobo galego, polo uso normal do galego en todos os escalóns da administración e por unha auténtica autonomía para Galicia, obxectivo que pasa inescusablemente pola realización inmediata do referendum, pola reforma da Lei de Referendum e polo NON ó Estatuto da UCD.

Santiago, 8 de Maio de 1980

O SECRETARIADO DO COMITE CENTRAL DO P. C. G.



ISAAC DÍAZ PARDO: NON HAI FUTURO SEN MEMORIA

VÍCTOR F. FREIXANES

A forza tena nos ollos e, se cadra, nunha aparente fragilidade física, que non é tal, senón a firmeza correída dos vimbios na tormenta. Así vexo a Isaac. Enxoito. Chaqueta de pana marrón. Oitenta e dous anos. Austero ata converte-la austeridade nun principio existencial, non exento de estética. Cabeza e motor do Grupo Sargadelos, que inicia a súa andaina nos primeiros anos sesenta (1963) e que hoxe constitúe unha das referencias obrigadas no discurso da cultura galega contemporánea.

«A idea naceu de Luís Seoane», explica. «El foi quen o concibiu, no exilio

da Arxentina, e quen o puxo en marcha despois, deseñando a súa estratexia e buscando apoios. Eu non fun máis ca un mandado».

O discurso da cultura galega ten nese período dúas liñas de acción complementarias, en certo modo paralelas, non necesariamente idénticas. Dunha banda a editorial Galaxia, que nace en 1950, e doutra, o Laboratorio de Formas de Galicia, apoiado no grupo de empresas cerámicas do Castro e Sargadelos. En certa maneira, o primeiro representa o posibilismo do galeguismo interior. O segundo, a volta dos exiliados

Isaac Díaz Pardo
en Magdalena, 1958.

republicanos. «En Magdalena (Arxentina) puxemos a andar unha empresa de cerámica que acadou certa importancia. Alí había un departamento que se chamaba Laboratorio de Formas. Usámo-lo nome para o novo proxecto. Seoane vivía no Castro. Tiña alí o seu estudio...».

Arredor do Laboratorio de Formas de Galicia e das empresas que o alimentan, xorde o Museo Carlos Maside e Edicións do Castro. Anos despois, xa na transición política cara á democracia, o Instituto Galego da Información, idea inicial de Lorenzo Varela, e o intento de recupera-lo vello Seminario de Estudos Galegos (1979).

VÍCTOR FREIXANES: Un proxecto estratéxico....

DÍAZ PARDO: Así foi como se concibiu. Seoane tiña claro que había que actuar aquí, no país, no marco de posibilidades que a nova fase da dictadura permitía, e que debiamos facelo dende a independencia da empresa privada, conxugando a iniciativa empresarial e económica coa produción cultural ó servizo da identidade e a reconstrución do país. Non hai proxecto empresarial sen compromiso. O noso compromiso, dende o principio, foi contribuír ó proceso de recuperación da memoria e da dignidade de Galicia, segundo o que os devanceiros nos ensinaron.

V. F. Eran tempos difíciles...

D. P. Pero tiñamos ilusión, forzas, imaxinación e entusiasmo. Hoxe os tempos non son mellores. Cambiaron moitas cousas, é certo. Dispoñemos de liberdades democráticas formais, temos liberdade de expresión, podemos dici-lo que pensamos, pero hai factores novos, extraordinariamente poderosos, que condicionan moi gravemente o noso futuro. A transición democrática fixose sen nós, os galeguistas. En certa maneira, baleiráronnos, utilizaron os nosos símbolos, incluso as nosas palabras, os nosos discursos. Trouxeron a Castela, que houbera preferido descansar en

Pontevedra, non onde o puxeron. Oficializaron a lingua galega. Enchéronnos de subvencións. Incluso se autodenominan galeguistas... Pero o poder está practicamente nas mesmas mans que antes, e iso é deprimente, frustrante, porque as novas xeracións están xa noutro rexistro e eu non vexo claro o horizonte, francamente. ¿Como explicas que no momento da construción da autonomía ninguén lle preguntase nada a un home como Lois Tobío, por exemplo, especialista en teoría do Estado, que tan activamente participara na elaboración do Estatuto do 36 e que aínda hoxe está extraordinariamente lúcido, canto máis daquela? Poño un caso e podería poñer máis. A transición fíxose sen nós, obviounos totalmente. Falo do pensamento da esquerda, dos nacionalistas, do federalismo republicano...

V. F. Paréceme percibir en ti, polo menos aparentemente, un discurso pesimista e crítico que, aínda que compensas cunha actividade constante, non deixa moitas portas abertas á esperanza. ¿Tan negro ve-lo futuro?


D. P. Non é un discurso negativo. Non quixera que o fose. Pero a realidade é como é e non debemos enganarnos. O futuro de Galicia, como identidade, como colectivo humano que quere desenvolve-lo seu propio proxecto, xa metidos no novo século, depende dunha estratexia e unha vontade política que non existe. Ou polo menos, eu non vexo que exista. Os nosos gobernantes están noutro discurso. Utilízannos, repito, pero están noutro discurso. O país está entregado a intereses que non son nosos. Os centros de decisión están fóra. Os nosos recursos naturais, sobre os que deberiamos construí-lo futuro, non nos pertencen, ou non os administramos nós. Os nosos economistas, algúns moi informados, falan de grandes cifras, din que non temos capacidade económica para administramos, que necesitamos dos recursos de fóra para soste-lo noso crecemento. ¿De que incapa-

No ano 1970, cando se remataba a planta circular de Sargadelos.

cidade falamos, cando nin sequera é noso o aire que respiramos, que nos enchen o país de aeroxeradores sen contar connosco? ¿Onde pagan os impostos as empresas que traballan no país? ¡En Madrid! ¿E o leite, que era unha riqueza inmensa, agora nas mans dos franceses, coutados os nosos mercados potenciais? ¿E a pesca? A nosa capacidade de acción, cando existe, é moi limitada. Velái o caso do *Prestige*. ¡Que papel o das nosas institucións! Non se trata de critica-las persoas. O problema está no sistema, este capitalismo feroz que nos abafa e non nos deixa respirar. ¿O futuro da cultura galega? Difícil. Moi difícil. Non hai desenvolvemento cultural sen desenvolvemento económico, e non hai desenvolvemento económico sen un modelo político que impulse, a partir do autogoberno, a xestión dos propios recursos, que eu vexo coutados.

V. F. Vivimos na era da globalización.

D. P. Sempre houbo globalización. Pero o modelo que agora queren vender-nos como paradigma de progreso e de futuro é un modelo estrictamente económico, ó servizo dos grandes mercados e dos grandes capitais. Trátase dun modelo inspirado e potenciado polos intereses norteamericanos, sobre todo. Europa ten un papel secundario. Fálase de abrir fronteiras, de liberalizar mercados, pero ¿en que consiste esa liberalización? No espolio sistemático dos recursos dos países pobres ó servizo dos países ricos. Non hai máis ca lle botar unha ollada ós periódicos. ¿Que mecanismos de defensa temos para lle facer fronte a esa situación? Moi poucos. América Latina, por exemplo, converteuse nunha gran leira particular administrada polos norteamericanos. A doutrina Monroe, pero á medida das estratexias USA. O





conflicto de Iraq non se entende sen os intereses do petróleo. ¿Canto vai durar o petróleo? ¿Canto máis tempo podemos soste este modelo de civilización baseado na explotación e no esgotamento dos recursos naturais? Estamos instalados na civilización do lixo. Vivimos na civilización do lixo...

V. F. Intelectualmente tamén...

D. P. Vivimos nunha civilización que se fundamenta basicamente na produción para o consumo, tanto no ámbito material coma no ámbito das ideas. Productos fáciles para un consumo fácil, rápido, masivo e barato. Productos e ideas para usar e tirar. O sistema fundaméntase niso: eu produzo e ti consumes, produzo para que consumes e estímulo constantemente a túa necesidade de consumir, sen ningunha formulación crítica, para volver producir axiña, canto máis barato e máis rápido, mellor: máis doado de dixerir e máis rendible para os produtores. ¿De que cultura falamos nestas condicións? As masas tragan o que se lles bota, afuzadas polos mecanismos de comunicación. Tragan indiscriminadamente, sen sentido crítico ningún, porque ó sistema non lle interesa o discurso crí-

tico, e nós, os galegos, non somos unha illa, formamos parte desa xigantesca argallada. Falar do futuro da cultura galega nestas condicións tes que recoñecer que é moi problemático.

V. F. Algunha vez tes falado da diferenza que, na túa opinión, existe entre cultura e culturalismo. O culturalismo é unha vía escapista da expresión cultural. ¿Que entendes exactamente por culturalismo?

D. P. Unha maneira de enfronta-la cultura sen atender eses outros factores que a condicionan, pensar que a cultura é unha realidade illada, algo que se xustifica exclusivamente en si mesma, unha especie de gratificación interior, que pode prescindir do resto. Ese é un erro moi serio e, desgraciadamente, moi común. A cultura non son os libros. Ou non son exclusivamente os libros, as artes, etc. A cultura é todo: a economía, a empresa, a organización do territorio, os comportamentos sociais (tamén os comportamentos políticos), a investigación, o coñecemento científico... Iso é a cultura. Pensar que o noso problema se reduce a estudia-la lingua ou a publicar un maior ou menor número de

O novo complexo de Sargadelos polo ano 1980.

Con Ramón Piñeiro, García-Sabell, Fernández del Riego, Fernández de la Vega e Ricardo García na fundación do Instituto Galego de Información, en 1977.



novelas ó ano é pecha-los ollos á realidade. A lingua é un produto do comercio. Se os propietarios dos recursos falan inglés — agás que consigamos modificar esa relación de propiedade—, todos acabaremos falando inglés, que é o que está sucedendo. Se as empresas non son nosas e falan castelán, todos falaremos castelán. Así o entenden as xeracións novas, que se sitúan no pragmatismo porque hai que vivir. A cultura galega vive instalada nunha especie de autocompracencia interior que non vai a ningures...

V. F. ¿E cales deberían ser, logo, as nosas actuacións?

D. P. Cómpre actuar na política, para modifica-lo modelo ó que me refería antes, e cómpre actuar asemade na economía. Sen recursos económicos que nos permitan un crecemento racional e equilibrado, non hai futuro e, polo tanto, tampouco desenvolvemento cultural. Cómpre estimula-lo espírito crítico, a información e o coñecemento. Así o entendía a Galicia máis consciente anterior a 1936. Daquela, tivemos unha oportunidade. En 1979 intentamos recupera-lo Seminario de Estudos Galegos, que traballaba nesta dirección. Intentámolo porque criamos que seguía sendo unha forma válida, útil, de organiza-los

coñecementos ó servizo dun proxecto coherente para o país, e non foi posible.

V. F. Outra das túas teimas é a reconstrucción crítica do pasado, a recuperación da memoria. Un país sen memoria é un país (e unha cultura) morto.

D. P. En certa maneira, a Galicia roubáronlle a memoria. Ou deixamos que nola roubasen, se queres velo así. Non falo de desquites. Falo de xustiza histórica e, xa que logo, de poñe-las cousas no seu sitio para, dende esa consciencia, avanzar. Con esa idea naceu, por exemplo, a colección «Documentos para a historia contemporánea de Galicia», que publicamos en Edicións do Castro. A Guerra Civil e a posguerra actuaron coma unha apisoadora. A consigna estaba clara: borrar canta consciencia ou memoria puidese haber do que noutroa se fixo, que foi moito, e moi valioso. ¿Como formularse o futuro das novas xeracións? ¿Que saben as novas xeracións do que se fixo e do que se puido facer? ¿Quen se lembraba xa dos exiliados, cando volveron? Eu dicíallelo sempre na Arxentina. «Alí xa ninguén se acorda de vós. ¡Hai que volver!», e Rafael Dieste dábase golpes no peito, porque non quería crelo. Lorenzo Varela suicidouse. Bebeu unha botella enteira de whisky,

Con Ramón Piñeiro e Francisco Fernández Del Riego nun seminario celebrado no museo Carlos Maside, 1982.



enfermo do corazón como estaba, porque non quería seguir. Era demasiado duro enfrontarse ó que aquí atopaba. ¡As vellas ilusións, aquel poderoso entusiasmo, do que falaba Dieste, engulido pola gran máquina da transición, que todo o asumía, aparentemente, para que non cambiase nada! As cousas puideron facerse doutra maneira.

V. F. Daquela naceu o proxecto «Galicia», un xornal para canalizar todas estas ideas. ¿Por que non callou?

D. P. Porque pouco a pouco morreron os seus principais animadores, e porque un xornal non son só os xornalistas. Un xornal é unha empresa, esixe esa cultura da que falabamos antes, grupos económicos e

políticos que o apoien, con solidez, unha infraestrutura... Para impulsa-lo periódico creámo-lo Instituto Galego da Información, que pretendía e pretende ser un centro de estudos para este ámbito, que segue parecéndome fundamental para calquera proxecto de futuro propio. Dende o Instituto promovemos iniciativas dirixidas a dar a coñecer ese discurso da memoria ó que antes me refería: exposicións, traballos monográficos, seminarios... Para artellar proxectos viables é moi importante o seu estudio. Temos un importante déficit neste sentido. Hai estudiosos, especialistas moi dotados, xente preparada, pero que non necesariamente comparte esta visión da realidade.

V. F. O exilio, a guerra civil, marcan moi poderosamente a túa biografía. O asasinato de teu pai, por exemplo, Camilo Díaz Baliño, e mais doutros compañeiros seus, como Ánxel Casal, Víctor Casas, Alexandre Bóveda, Huici...

D. P. A guerra civil e o exilio marcaron poderosamente a biografía de Galicia, diría eu, á marxe das traxedias familiares, que houbo moitas. A miña non foi a única. Marcáronnos por activa e por pasiva, tamén dende o silencio, que actuou sobre a consciencia común coma unha lousa esmagadora. Nesta liña van moitas das miñas preo-

Con Xesús Alonso Montero e o almirante portugués Rosa Coutinho no Ateneo ferrolán, nunha mesa sobre Xosé Afonso e a revolución dos caraveis.



Con Manuel Colmeiro, Rafael Dieste e as súas mulleres no castro de Samoedo, 1968.

(abaixo)
Con Emilio Pita, García Sabell, Elena Tromo e Carmen Arias no castro de Samoedo.

cupacións, é certo. Nestes momentos estamos a celebrar en Barcelona un ciclo de conferencias arredor do movemento cultural que existía en Galicia durante a República. Entre outros personaxes importantes daquel momento, artistas e intelectuais, estaba o grupo dos que traballaron en *Alfar*, por exemplo. Huici, Mazas, Francisco Miguel, Cebreiro... A Huici e Francisco Miguel tamén os mataron. Queremos facer unha exposición itinerante coa súa memoria. A cultura galega vivía daquela un momento de forte compromiso coa transformación da sociedade, e eu sigo a pensar que a Galicia de hoxe ten un compromiso cos exiliados, unha débeda histórica, deberíamos dicir, que aínda non pagamos. Aquí quedaron outros, por suposto: Carlos Maside, Francisco Fernández del Riego... Poucos máis. A meirande parte acomodouse ás circunstancias, que eran moi difíciles.

V. F. Antes falabas de posibles cambios políticos. A Galicia de hoxe non é a de 1936, certamente. Pero tampouco a da posguerra. Nin sequera a da transición. ¿Ves no horizonte algunha esperanza neste sentido?

D. P. Non o sei. Maragall, en Cataluña, parece que o ten claro, pero sospeito que



está só. O PSOE non dá entendido isto tampouco. É máis cómodo deixarse levar. A máquina do Estado é moi poderosa e as mentalidades tardan moito en modificarse. O discurso internacional pertence ós norteamericanos, ós que tampouco ninguén quere parar. ¿Que queres que che diga? Na República intentouse, pero parcialmente. Pediamos unha República federal e quedou a cousa, xa entón, en «federable». Non acabamos de entender que España é un estado plurinacional e que como tal deberíamos organizalo, dotando as nacionalidades de recursos e capacidades para xestionalo seu propio futuro e o seu propio desenvolvemento, tanto no plano político como no plano económico. O desenvolvemento cultural, artellados estes dous primeiros aspectos, virá de seu. España non é unha realidade única nin uniforme. Galicia ten máis afinidades con Portugal cá con outros pobos do Estado español...

V. F. ¿E non cres que o novo marco que dende 1986 establece a Unión Europea, con distintos niveis de soberanía e unha posible nova articulación das rexións e os estados, por riba das vellas fronteiras administrativas, pode ser unha oportunidade? Falo do espazo atlántico, por exemplo, das relacións entre Galicia e Portugal, aparentemente fortalecidas nos últimos anos, cando menos na práctica...

D. P. A Unión Europea naceu basicamente como un espazo comercial. Hai





Con Gonzalo
Torrente Ballester,
1968.

(dereita) Con
Santiago Álvarez en
Sargadelos, 1984.

outras ideas de Europa, certamente, baseadas na harmonización política, na construción dun espacio novo de relacións entre os pobos, pero a realidade tamén neste caso é contundente. Europa, tal como se está a deseñar, é un conxunto de intereses económicos, un gran mercado, e os grupos ou países que dominan o discurso baséano moi fundamentalmente en intereses de carácter comercial. Mandan os alemáns e os franceses, sobre todo. Poida que o modelo capitalista europeo non sexa tan brutal coma o norteamericano, pero a súa fundamentación é a mesma, e carece da forza necesaria para lle facer fronte ós Estados Unidos. Só unha Galicia consciente de si mesma, capaz de dotarse de formas de organización propias que lle permitan dispoñer dos seus recursos, ó servizo das súas necesidades e enmarcada nun novo modelo internacional, ou supranacional, que harmonice os intereses dende unha nova filosofía de xustiza e solidariedade, poderá abrir horizontes de esperanza para nós. Para nós e para os pobos e as culturas nas nosas condicións. ¿Poden cambiar as cousas? É posible. Sucesos como o do *Prestige*, coa reacción popular que provocaron, presentan situacións novas, non previstas, que deberían facernos pensar.

V. F. A sociedade non está morta. Ten capacidade de reacción. Esa é a principal lección do *Prestige*.


D. P. Por suposto. A reacción social e maila reacción solidaria que veu de fóra, que é outro aspecto salientable, diante do cal debemos tomar nota. Os nosos dirixentes políticos, tanto do poder como da oposición, moi principalmente da oposición, teñen a obriga moral e política de artellar respostas diante dun acontecemento destas dimensións, que é gravísimo. Manuel Fraga tivo unha oportunidade histórica que desaproveitou: poñerse á fronte do país, plantarlle cara ó Goberno de Madrid, convocarnos a todos para poñer en marcha un proceso de recuperación e dignidade histórica. Era o que correspondía ó presidente de Galicia. Pero non o fixo. Está por ver que outros saiban facelo, ou que estean dispostos a intentalo.

**VÍCTOR FERNÁNDEZ
FREIXANES**

PROFESOR DA USC
DIRECTOR DA
EDITORIAL GALAXIA
MEMBRO DA REAL ACADEMIA
GALEGA

NOVIDADES

en defensa do mar



Mans salgadas

Javier Teniente

Prólogo de Fran Alonso

En edición trilingüe (galego-inglés-castelán)

Un gran libro fotográfico sobre o mar e o os mariñeiros de Galicia



A casa da duna

Fran Alonso / Manuel G. Vicente

O álbum infantil ilustrado concibido como obra de arte




Area maior

Manuel M. Barreiro

Ilustrado por Marcela Santorun

Unha batalla en defensa do mar e dos seus habitantes



Gameleiros

Manuel Álvarez

Poemas de Miro Villar

O retrato fotográfico e poético dos mariñeiros galegos

XERAIS

xerais@xerais.es • <http://www.xerais.es>



UN CONCEPTO

Hexemonía

FRANCISCO FERNÁNDEZ BUEY

Hexemonía» é un termo utilizado arreo nas discusións políticas e no ámbito da teoría política. Pero nestas discusións non sempre se precisa ben o concepto ó que se fai referencia coa palabra, nin cando se di que tal partido ou clase social aspira á hexemonía nin cando se critica os que din aspirar a ela.

En principio, a palabra ten unha connotación militar. A hexemonía alude ó predomínio e liderado do *hegemon*, do conductor ou guía militar, do que vai á cabeza. E, por extensión, adóitase identificala hexemonía co primado dun estado sobre outros nas relacións internacionais ou coa dominación dunha clase ou grupo social sobre outros no interior das nacións. Así, fálase adoito da hexemonía militar dunha nación en tal ou cal período histórico, da hexemonía (en sentido amplo) dos Estados Unidos de Norteamérica no actual concerto das nacións, da hexemonía da burguesía no capitalismo ou da hexemonía deste ou desoutro partido político a teor dos resultados electorais nas democracias representativas.

Todos estes usos da palabra «hexemonía» connotan a idea de superioridade material sobre outros, primacía, primado, preeminencia ou dominio. E nos Estados modernos e contemporáneos esta idea leva consigo a idea de coerción pola forza, en última instancia militar, aínda que non sempre nin necesariamente militar.



Na tradición socialista que calla no século XX, a palabra hexemonía seguiuuse usando na mesma acepción. A maioría dos teóricos social-comunistas do século XX empregou a palabra para se referir á inversión do tipo de dominación existente baixo o capitalismo, ó cambio de signo social e político do poder. Así, foi posible dicir que as revolucións do século XX mudaron (ou aspiraron a facelo) o signo da hexemonía social anteriormente existente. A maioría dos

Xaime Quessada. Cartel para cc.oo. (fragmento).

teóricos social-comunistas manteñen que o proletariado aspira á hexemonía, entendendo por isto que pretende ocupa-lo lugar social, económico e político que antes era da burguesía. E pensou, polo tanto, que a hexemonía só cambia de signo cando a nova clase, a clase subalterna, toma o poder e pódese exercer-la dominación sobre as outras clases sociais. «Hexemonía» segue implicando, segundo isto, coerción estatal na orde nova, só que co signo social trocado: onde antes mandaba o capital, mandará o traballo; onde mandaban os capitalistas, mandarán os obreiros. *Hexemonizar* é mandar; e mandar, co que ten de coerción, é algo necesario mentres a sociedade estea dividida en clases sociais.

Este imperativo do hexemonizar como mandar continúa dándose mesmo despois da revolución e da toma do poder pola clase (ou as clases) subalterna(s); por una razón ben sinxela, a saber: porque unha clase social subalterna pode conquista-lo poder político e non ter aínda o poder económico, o cal, como se sabe, acostuma ser un requisito básico do poder militar. Como existe evidencia histórica abonda de que non hai clase social dominante que renuncie ós seus privilexios sen resistencia, incluso despois de ser derrotada pola revolución ou nas urnas, é razoable pensar que a hexemonía así entendida, como «mandar» (incluída a hexemonía militar), segue sendo un asunto clave mesmo despois de que a hexemonía social e política cambiara de signo, no que se acostuma chamar «período de transición». Esta é a base, argumentalmente razoable, do que Marx primeiro e Lenin despois chamaron dictadura do proletariado (ou dictadura «democrática» do proletariado).

Coas expresións «dictadura do proletariado» e «dictadura democrática do proletariado» preténdese subliña-lo vínculo necesario entre a idea de hexemonía como supremacía e a idea de coerción

nunha sociedade aínda dividida. Durante moitas décadas, os teóricos social-comunistas preferiron estouttras expresións ó concepto mesmo de hexemonía para chama-la atención sobre tres cousas: 1.^a) que, independentemente da forma política do mandar, o que realmente existía nas sociedades capitalistas era unha dictadura de clase; 2.^a) que o que viría, nunha sociedade que xa cambiara o signo social do mandar, sería aínda unha dictadura porque nela habería Estado e o Estado implica sempre coerción social e política; e 3.^a) que esta dictadura alternativa tería unha forma sociopolítica máis democrática ca tódalas democracias realmente existentes polo feito elemental de que representaría o interese da inmensa maioría da poboación (a suma dos de abaixo, dos proletarios e campesiños de entón).

De feito, a maioría dos teóricos social-comunistas estiveron convencidos, polo menos ata os anos cincuenta do século XX, de que aquilo que eles chamaban dictadura (ou dictadura democrática) ía ser unha ampliación da democracia representativa ata entón coñecida (en Suíza, en Inglaterra, nos Estados Unidos de Norteamérica, etc.). Para entender isto no seu contexto histórico hai que ter en conta que ata 1919 o sufraxio estivo limitado na maioría dos países europeos e que, falando con propiedade, o que hoxe chamamos regras básicas da democracia ou eran descoñecidas ou non rexían daquela. Basta con lembrar a este respecto que antes de que a primeira constitución soviética recoñecera en Rusia o dereito de voto ás mulleres, só sete países no mundo o fixeran; e que estes sete países (Nova Celandia, Australia, Finlandia, Noruega, Dinamarca, Islandia e Holanda) contaban pouco no concerto imperialista da época.

Hai, emporiso, unha excepción interesantísima no uso do concepto de hexemonía na tradición social-comunista. Esa

Xaime Quessada. Cartel para CC.OO. (fragmento).



excepción é Antonio Gramsci. Nos *Cuadernos de la cárcel*, o concepto gramsciano de hexemonía oponse á idea de dominio. Gramsci distingue entre dirixir e dominar, entre unha clase que dirixe a outras persuadindo e unha clase que basea o mandar na coerción e a dominación. Desta maneira amplía o concepto de hexemonía máis alá do ámbito militar, económico e político.

O concepto gramsciano de hexemonía inclúe o primado ou preeminencia cultural e intelectual na formación económico-social ou bloque histórico de que

se trate. A hexemonía non se reduce, polo tanto, ó *orden e mando*, á forza (económica e militar), senón que presupón o consenso social e, en consecuencia, a capacidade que unha clase ou grupo ten para dirixir intelectualmente, e de forma sostida, o conxunto da sociedade. Isto quere dicir que a hexemonía efectiva, no sentido de Gramsci, complementa forza e consenso, e que a dirección á que se aspira na sociedade non é só político-económica senón tamén cultural, moral-intelectual. O papel dos intelectuais, da subxectividade e da conciencia convértese así nun elemento clave para a conformación da hexemonía. A loita cultural, a batalla das ideas, a organización dos intelectuais e a conformación colectiva da propia concepción do mundo, das crenzas e das ideoloxías cobran deste xeito unha relevancia que non tiñan noutros teóricos contemporáneos da hexemonía.

Este concepto gramsciano de hexemonía vale sobre todo para sociedades complexas, nas cales o papel das institucións da sociedade civil mediatiza e limita a coerción do Estado en que finalmente cristaliza o dominio dunha clase social. Foi pensado, obviamente, para diferencia-la situación que se daba na Rusia prerrevolucionaria (onde o Estado o era todo) da situación dos países da Europa occidental (onde hai moitas casamatas nas que se combate durante décadas en termos culturais e ideolóxicos para conquista-lo primado intelectual). Hexemonía é, antes ca nada, primado moral e civil derivado dunha reforma moral e intelectual na que desempeñarán un papel substancial os intelectuais que, como educadores e persuasores, contribúen a crear unha nova tradición, a socialista. A supremacía social, ou sexa, a hexemonía no sentido tradicional, dependerá de ata qué punto callara na sociedade estoutro primado moral e intelectual.

FRANCISCO FERNÁNDEZ BUEY
CATEDRÁTICO
DA UNIVERSITAT
POMPEU I FABRA

GEORGE STEINER: O HOME DESDE A LINGUAXE

JOSÉ ALBERTO BERRIOCHOA ESNAOLA

A concesión do premio Príncipe de Asturias na categoría de Comunicación e Humanidades e as conferencias que pronunciou en España no ano 2001 déronlle a George Steiner certa presenza nos xornais e mesmo nas televisións. Aínda que a súa figura é moi coñecida nos ámbitos literarios e intelectuais en xeral, trátase dun autor minoritario tanto polos temas habituais dos seus traballos como polo rigor que esixe ós seus lectores. Non obstante, dada a relevancia de moitas das súas ideas e a ampla influencia que estas teñen nos sectores máis dinámicos do mundo do pensamento e, *last but no least*, porque estamos convencidos da necesidade de que aqueles que se reclaman progresistas superen as evidentes limitacións de posicións simplistas, parécenos de interese un achegamento á obra de Steiner.

Antes de comentarmos máis polo miúdo as características principais desa obra, gustaríame subliña-lo que considero o aspecto capital dela: o intento totalizador que, partindo dun campo en principio limitado, a crítica literaria, aspira a explica-lo mundo. O que isto significa non é realmente doado de lograr. Trátase de poñer en xogo unha erudición inmensa, pero cómpre tamén honradez intelectual¹ e conciencia dos límites das propias capacidades. Nun mundo esnaquizado pola especialización, onde o humanista que abarca tódalas ramas do pensamento hai moito que pertence ó pasado, onde a incomunicación ameaza non só os homes de letras e científicos

senón os especialistas de diversos campos dunha mesma disciplina, poucos están en disposición de ofrecer unha visión do mundo coherente e radicalmente innovadora.


¿Quen é George Steiner?

Nun ensaio dedicado ó crítico e filósofo marxista Georg Lukács, comeza Steiner: «En el siglo xx no es fácil para un hombre honrado ser crítico literario» (Steiner, 1990: 74). Estas palabras, obvias se considerámo-la dimensión dramática da vida do autor húngaro (que viviu a revolución de Bela Kun, o stalinismo e a revolta do 56), pódense aplicar tamén a Steiner, un apracible profesor universitario apartado da actividade política. Nace en París en 1929 no seo dunha familia xudía de orixe centroeuropea, culta e políglota, ligada á burguesía liberal. Diante da marea nazi, os Steiner foxen ós Estados Unidos; alí George estudia no Lycée Français de Nova York, con Maritain, Lévi-Strauss, Saint-John Perse e Simone de Beauvoir entre outros, e despois en Yale e Harvard. De volta a Europa fai en Oxford a súa tese sobre a desaparición da traxedia como xénero literario e traballa en *The Economist*. O resto é unha vida académica que se vai desenvolvendo nas universidades máis prestixiosas e a publicación progresiva dos libros que configuran unha obra orixinal que o converte, aínda en vida, nun clásico do século xx.

A crise da cultura occidental

Para un xudeu que se atopa no epicentro do horror e da barbarie do século non é doado explica-los terribles feitos que Europa acaba de vivir. Non nos podemos enganar pensando que se trata dun accidente. Non. Steiner ve na cultura, na alta cultura do XIX, signos premonitorios desa barbarie que se había desatar logo. Unha e outra vez insiste no feito de que é posible ser polo día un funcionario do campo de exterminio e gozar de Bach pola noite. Jefferson dixo: «Non se queimarán máis libros», Trotski proclamou que o home común se elevaría, no socialismo, á altura de Aristóteles, de Goethe, de Marx (Deutscher, 1968: 189); pero os feitos son inapelables e din que o soño da Ilustración está esnaquizado. Hai, pois, que repensa-lo que entendemos por cultura e acantoa-los lugares comúns, cheos de boa vontade pero baleiros de contido real. No excelente ensaio —que debería ser un texto de cabeceira dos homes de letras— *Para civilizar a nuestros caballeros*², analiza Steiner a evolución do paradigma cultural, a perda inevitable de peso da tradición grecolatina —cerna da formación das clases cultas europeas ó longo de dous mil anos—, o papel, lonxe da inocencia, dos profesores do *establishment* académico e as consecuencias do desenvolvemento científico-técnico no feito cultural, aspecto este último que acada nas derradeiras décadas do século XX dimensións descoñecidas ata o de agora.

Noutro traballo, «En el castillo de Barbazul», tomando como referencia o coñecido mito do Barbazul asasino das mulleres que traspasan a derradeira e prohibida porta, interrógase sobre o problema de se o home ten pechado ou non algún camiño na súa insaciable sede de coñecementos, tema este que os recentes avances na investigación xenética poñen en primeiro plano da actualidade e que constitúe a característica fundamental da cultura occidental, do home fáustico europeo. Partindo do libro



Xaime Quessada. Cartel "Pola industrialización de Galicia" (fragmento).

do poeta e crítico T. S. Eliot, *Notas para una definición de la cultura* (1948), analiza Steiner as características da cultura liberal tradicional e subliña as súas eivas máis evidentes, como a limitación ás clases máis favorecidas ou a súa utilización como mecanismo de control social³. O que realmente se debate é decisivo: ¿pode a civilización resisti-la tendencia do ser humano á autodestrución e á violencia? Fronte ó pesimismo de Freud, Steiner non renuncia á esperanza pero, lonxe desas máxicas solucións de manual ás que estamos afeitos, sinala a verdadeira dimensión do problema máis que os camiños de saída.

O problema da cultura de masas, cuestión central no debate intelectual do século XX, é abordado dun xeito recorrente por Steiner. Na súa conversa con Antoine Spire pregúntase, e pregúntanos: «¿Con qué derecho puede uno obligar a un ser humano a alzar el listón de sus gozos y sus gustos?»; e continúa: «Yo sostengo que ser profesor es arrogarse ese derecho. No se puede ser profesor sin ser por dentro un déspota, sin decir te voy a hacer amar un texto bello, una bella música, las altas matemáticas, la Historia, la filosofía.» (Steiner, 1999: 67). Estamos xa, como é evidente, nun terreo pura-

mente político e quizais non moi lonxe, coído eu, do pensamento de Isaiah Berlin da irreductibilidade dos valores: o home ten que escoller entre valores contrapostos: liberdade e igualdade, liberdade e cultura, e é unha va ilusión pensar nun camiño «correcto» para a solución dos nosos dilemas. Ou por dicilo coa linguaxe de Max Weber: a ética do sermón da montaña non é realmente válida no mundo da política porque unha ética absoluta, a ética das conviccións, non se pregunta polas consecuencias das súas accións (Weber, 2001: 153).

¿Vivimos nun epílogo?

Outra das teimas —case unha obsesión— de Steiner é a crise da palabra, a crise da linguaxe. Marlowe, Shakespeare, para falar-mos do idioma inglés, «utilizan las palabras como si fueran nuevas, como si ningún toque previo hubiera empañado su esplendor o disminuido su resonancia. Erasmo nos ha contado cómo se inclinó en éxtasis en un camino enlodado cuando sus ojos descubrieron un trozo de papel impreso, tan nuevo era el milagro de la página impresa. Así es cómo los siglos XVI y XVII parecen mirar el lenguaje. El gran tesoro aparece ante ellos repentinamente al descubierto y lo saquean con la sensación de que es un recurso infinito» (Steiner, 1990: 394). Pero despois dun uso de séculos, a lingua do noso tempo está desgastada. Ben sexa unha consecuencia do declive de valores morais e políticos ou, pola contra, que tal declive proveña da perda da forza vital da lingua, o feito é que a linguaxe non expresa xa toda a realidade e a experiencia: o mundo da palabra está encolleito e xa é dubidosa aquela afirmación de Pound que Steiner cita: «Gobérrannos as palabras, as leis están escritas en palabras e a literatura é o único medio de manter vivas e precisas esas palabras».

A lingua sofre tamén a agresión totalitaria: o idioma alemán esmagado baixo o

nazismo pola bestialidade e a falsidade políticas. Pero esa opresión deuse tamén no stalinismo soviético e, non nos enganemos, estase a dar, dun xeito máis sutil, nas democracias liberais coa chegada da cultura de masas. «El inglés hablado por el señor Eisenhower en sus conferencias de prensa, como el que se utiliza para vender un nuevo detergente, no estaba destinado ni a comunicar verdades urgentes de la vida nacional ni a agilizar la inteligencia de sus oyentes. Estaba encaminado a evadirse de los requisitos del significado o a evadirlos» (Steiner, 1990: 395).

Chegados a este punto, fai ó caso subliñar —é son eu quen fala— que debates hoxe de actualidade como as reformas na educación ou a crise das «humanidades» son só os aspectos máis visibles destes problemas centrais que Steiner vén considerando desde hai moitos anos. Pensar que os problemas da educación nunha sociedade como a nosa dependen só do partido que deseñe a lei correspondente ou das materias que integren os programas é unha insensatez chea de irresponsabilidade, como o é converte-lo debate educativo nunha liorta partidista entre progresistas e reaccionarios sen ver máis aló. Non, certamente o problema fundamental non é a selectividade ou a inclusión dunha porcentaxe maior ou menor dos programas polas comunidades autónomas. O problema é que non sabemos qué facer coa educación porque non temos resposta ós problemas que se nos presentan. E non a temos porque a escola é, aínda e a pesar de todo, o último refuxio da palabra, que se bate en retirada; da palabra e do acceso ó silencio, condición previa da lectura e de todo pensamento serio. A escola nada das Luces «muere hoy» porque «se ha abierto un abismo entre la moral común y ese lugar regido por la idea extravagante de que no existe autonomía sin pensamiento y no existe pensamiento sin trabajo sobre uno mismo» (Finkielkraut, 1990: 130).

Habítamos, pois, un epílogo, un tempo despois do *logos*; eclípsase a memoria, que

é a nosa posesión do pasado. E aínda que non teñamos respostas, Steiner pensa que debemos resistir, mantendo fronte ó inglés a riqueza das nosas linguas, porque cada unha é un universo; resistir afrontando ese pasado indicible pero que é infinitamente noso. Estas ideas, expostas nunha conferencia en Lisboa hai poucos anos, foron reiteradas por Steiner na recepción do Príncipe de Asturias.

A crítica ó crítico. Racionalismo fronte a relixión

Ata aquí resumimos algunhas das ideas principais do pensamento de Steiner. Gustaríame agora citar un artigo de Vicente Molina Foix, «El gallo de Steiner», publicado no xornal *El País* despois da conferencia que este pronunciou no Círculo de Bellas Artes de Madrid no mes de xaneiro de 2001. Paréceme interesante facelo por dúas razóns: dunha parte, pola pertinencia das opinións vertidas no dito artigo e, doutra, por se tratar dunha voz crítica nun unánime coro de loanzas, un tanto sospeitosas por certo, con titulares

que o alcuman como «profeta» ou «o último sabio».

Despois de recoñecelo como o máis importante dos críticos literarios dos últimos trinta anos e de confesala súa débeda intelectual, Molina Foix pasa a expresar os seus reparos. En esencia, acusa a Steiner de ir evolucionando nos últimos tempos a un ton entre apocalíptico e relixioso, sacerdotal incluso. Chega a cualificar a conferencia de Madrid de «predicación evangélica» e subliña tamén que está «Exageradamente volcado en la tradición hebraica, lo más moderno que cita es Primo Levi y parece compartir el lugar común de que el holocausto nos ha quitado la voz narrativa.» Probablemente moitos lectores, en particular aqueles que profesen ideas de esquerda, poidan compartir algunha destas opinións. De tódolos xeitos, paréceme significativo o final do artigo. Aludindo a un texto do propio Steiner, «Dos gallos», incluído no seu libro *Pasión intacta*, compara os momentos derradeiros de Sócrates e Xesucristo, partindo das figuras simbólicas dos galos que ámbolos dous citaron nos postreiros intres. Se Xesús deixa un dogma e confía nun ceo ultraterreal, Sócrates «só especula con lo poco que lega: la mundana virtud de la verdad intelectual.» Noutras palabras, Molina fai unha defensa do racionalismo expresado metaforicamente cun texto do autor criticado, que cualifica de «bellísimo». En certo modo, unha homenaxe.

En calquera caso, á marxe de discrepancias e polémicas de todo punto lexítimas, a obra de Steiner fica aberta á nosa espera e só me resta dicir que estas notas terían logrado o seu propósito se axudasen algo ó seu coñecemento.

Unha invitación á lectura

Case toda a obra de Steiner está publicada en castelán. É posible un doado achega-



Xaime Quessada. Cartel "Pola autonomía de Galicia" (fragmento).

Xaime Quessada. Cartel para os pobos de Centroamérica (fragmento).

mento a ela consultando a páxina web do ISBN, que nos dará unha información completa e actualizada. Sen pretensións exhaustivas, o que segue é o fundamental desa obra.

Un libro que permite unha aproximación ó conxunto das súas ideas, pero difícil de atopar hoxe, é *Lecturas, obsesiones y otros ensayos* (Madrid, Alianza Editorial, 1990), unha escolma moi representativa.

O apartado biográfico pode consultarse en *Errata: el examen de una vida*, (Madrid, Siruela, 1998) ou *La barbarie de la ignorancia. George Steiner en diálogo con Antoine Spire* (Madrid, El Taller de Mario Muchnik, 1999).

Un dos volumes máis fermosos, e quizais máis accesible tamén a un público amplo, é *Lenguaje y silencio: ensayos sobre la literatura, el lenguaje y lo inhumano* (Barcelona, Gedisa, 1994). Unha visión sobre a crise cultural contemporánea ofrécea en *En el castillo de Barba Azul: aproximación a un nuevo concepto de cultura* (Barcelona, Gedisa, 1991). Sobre a linguaxe e a traducción trata *Después de Babel* (Madrid, Fondo de Cultura Económica, 1981). En *Antígonas: una poética y una filosofía de la lectura* (Barcelona, Gedisa, 1996) analiza o mito clásico desde Grecia á actualidade. *Presencias reales* (Barcelona, Destino, 2001) estudia a relación entre cultura e transcendencia, en última instancia Deus. *Pasión intacta: ensayos (1978-95)*, (Madrid, Siruela, 1997) é unha recompilación dos ensaios deses anos.

Outros libros son *Homosexualidad, literatura y política*, (Madrid, Alianza Editorial, 1985) e *Nostalgia del absoluto* (Madrid, Siruela, 2001).

A obra narrativa, menor sen dúbida, está representada por *Pruebas y Tres Parábolas* (Barcelona, Destino, 1993), *El traslado de A. H. a San Cristóbal* (Madrid, Mondadori, 1994) e *El año del señor* (Barcelona, Andrés Bello, 1997).



BIBLIOGRAFÍA

- Deutscher, Isaac (1974), *Trotsky, el profeta desarraigado*, México, Era.
- Finkelkraut, Alain (1990), *La derrota del pensamiento*, Barcelona, Anagrama.
- Steiner, George (1990), *Lecturas, obsesiones y otros ensayos*, Madrid, Alianza Editorial.
- Steiner, George (1999) *La barbarie de la ignorancia. George Steiner en diálogo con Antoine Spire*, Madrid, El taller de Mario Muchnik.
- Weber, Max (2001), *La ciencia como profesión. La política como profesión*, Madrid, Espasa-Calpe.

NOTAS

¹ Valla unha cita de *Lenguaje y silencio*: «Un humanismo neutral, o es un artificio pedante o es un preludio de lo inhumano. No puedo expresarlo de un modo más exacto ni con una fórmula más sucinta.»

² Incluído en *Lenguaje y silencio*.

³ Noutros escritos refírese con certa nostalxia a esa cultura tradicional. Por exemplo, nese fermoso ensaio, *El lector infrecuente*, incluído en *Pasión intacta*.

JOSÉ ALBERTO BERRIOCHOA
ESNAOLA
PROFESOR
DE SECUNDARIA

POLÍTICA CULTURAL EN GALICIA: XUNTA, CONCELLOS E SECTOR PRIVADO

JOSÉ LUIS MÉNDEZ ROMEU

I. Os protagonistas

Falar de política cultural na Galicia do ano 2003 esixe comezar por constata-la súa inexistencia en moitas áreas, entendendo como política a adecuación duns recursos ó cumprimento duns obxectivos expresos e públicos, contando cos mecanismos axeitados: cooperación entre Administracións, concertos, convenios e subvencións co sector privado, fomento da creación, etc.


En Galicia non existe hoxe en día, e agás excepcións como na área de Patrimonio, unha política cultural con esas características, o que, logo de vinte anos de autonomía, explica os déficit existentes.

Certamente a vida cultural dun país é máis rica cá actuación da Administración pero, nos países da nosa área, esta ten un papel hexemónico na ordenación das actuacións e na provisión dos recursos.

En Galicia, as institucións protagonistas da vida cultural son poucas. A máis importante na teoría, o Ministerio de Cultura ou o Estado, a penas ten presenza no país malia que os galegos contribuímos como tódolos españois, por medio dos orzamentos do Estado, ó sostemento de entidades que se alcuman nacionais ou de España pero que serven só ós veciños de Madrid, máis vila e corte cultural ca nunca: Orquestra Nacional de España, Coros Nacionais, Centro Dramático Nacional, Compañía de Danza, Teatro Real, producen espectáculos que rara vez se ven fóra de Madrid. O Estado considera oportuno financiar algunhas manifestacións feitas en

Barcelona ou Granada, pero non en Galicia. Os Museos Nacionais ó raro promoven exposicións itinerantes.

Esa situación provoca feitos sorprendentes. Así, o Ministerio de Cultura financia festivais en Granada, Santander, San Sebastián, Cuenca, Alacante, etc. pero en Galicia só achega colaboracións simbólicas.



cas. Participa na xestión e financiamento de institucións locais ou autonómicas como o Liceo de Barcelona pero marxina as institucións semellantes de Galicia. Sitúa Museos Nacionais en Valladolid ou unha orquestra nacional, a JONDE, en Cuenca, pero non en Galicia. Só participa indirectamente, a través do Consorcio da

Xaime Quesada.
"Non pagar", cartel clandestino para as Comisións Campesiñas de Galicia (fragmento).

Diez de Orosia. Cartel para CC.OO. (fragmento).

Cidade de Santiago, no financiamento dalgúns proxectos culturais.

As deputacións galegas teñen un cativo desenvolvemento. Sosteen algunhas institucións formativas, promoven premios, cooperan nalgunhas iniciativas municipais... pero ningunha delas ten obxectivos definidos que permitan a expansión de redes bibliotecarias ou de arquivos ou de museos, ou estables de espectáculos, ou a posta en valor do patrimonio natural ou monumental.

Política cultural da Xunta de Galicia

De xeito sintético, e salvando a actuación en Patrimonio Histórico —mellorable pero que, en todo caso, ten unha definición de obxectivos, un marco legal e unha estrutura estable—, consideraremos tres áreas: servicios básicos, artes e industrias culturais. Os servicios básicos son bibliotecas, museos e arquivos, todos menosprezados pola Xunta dende o comezo das transferencias.

Canto ás artes escénicas, non existe en Galicia unha compañía pública de danza contemporánea ou clásica; o Festival Internacional de Galicia carece de personalidade e, malia o seu importante orzamento, non acadada un nivel de calidade que o sitúe no circuíto internacional; quizais os continuos cambios de xestores incidiron algo nisto. Pero o problema fundamental é a creación de público e a construción de infraestructuras. Só en tres cidades galegas pode ofrecerse un concerto sinfónico con piano, en condicións aceptables. Non tódalas cidades teñen unha temporada estable de espectáculos.

No referente ás artes plásticas, a Xunta está reducida o CGAI, en Santiago.

O cativo pulo do mecenado, froito dunha lexislación restrictiva e pouco incentivadora, dificulta a existencia dun sector cultural privado con capacidade para dirixir procesos independentes. Só as tres funda-



cións vinculadas ás entidades financeiras desenvolven liñas propias de actuación, con obxectivos definidos e con constancia no tempo; mesmo aquí, nas Caixas de Aforro, o poder autonómico introduciu criterios limitados da capacidade das entidades privadas para definiren os obxectivos do seu labor cultural.

Finalmente, as industrias culturais están en situación desigual. En expansión notable o sector audiovisual, cun mercado crecente e con condicións competitivas; aquí o sector está tirando da Administración autonómica que, con atraso, vai desenvolvendo instrumentos necesarios: consorcio do audiovisual, *film comission*, financiamento, etc.

A industria fonográfica non existe. A industria editorial ten un mercado cativo,



Diez de Orosia. Cartel para cc.oo. (fragmento).

oferta cultural, posuíndo a titularidade de case que tódalas infraestructuras: bibliotecas, museos, teatros, auditorios, centros culturais. Tamén acollen a oferta de espectáculos: teatro ou música. Para o seu mantemento contratan xestores ou especialistas e achegan orzamentos cuantiosos.

Non existen estruturas de coordinación entre concellos, así que a vida cultural presenta grandes diferencias mesmo entre concellos con niveis de poboación e rendas semellantes.

A falla de articulación entre as diferentes Administracións e, sobre todo, a falla de liderado pola Xunta de Galicia están a incrementa-las diferencias; esa situación non é totalmente negativa. Os concellos, coma noutras áreas, están amosando un gran dinamismo con experiencias innovadoras e, o principal, próximas ós cidadáns, conformando en cada caso unha imaxe de cidade, unha pegada que define modelos de convivencia. Ademais, nos concellos grandes prodúcese a actuación de institucións privadas e das industrias culturais. Tamén é o lugar onde ten lugar a creación. Xérase así o humus social, o clima de opinión que fai agromar iniciativas e propostas e move os concellos a actuar.

Lamentablemente, a cultura é unha actividade custosa, de gasto corrente crecente, e o Goberno autónomo da Xunta non crea canles estables de financiamento nin condicións razoables de coordinación e desenvolvemento. E un feito común a outras áreas da vida galega: a pouca articulación territorial, a multiplicidade de accións nuns campos ou localidades e o esquecemento doutros.

Nada fai prever un cambio de rumbo, máis ben o contrario, o afondamento das tendencias actuais, acelerándose o proceso de urbanización desordenada pero tamén dinamizadora e plural. Unha das consecuencias máis interesantes será a apertura da vida cultural e a superación do autoconsumismo, a favor dun mercado aberto de ideas, estéticas e obxectivos.

e descoida a edición en lingua española que podería abrir mercados. Canto ás artes plásticas, o mercado da arte é moderado.

II. Os concellos

Os concellos galegos (trescentos quince) son un conxunto moi heteroxéneo. Para os efectos deste artigo, podemos agrupalos en tres grupos:

- as sete cidades,
 - os concellos urbanos: Narón, Oleiros, Carballo, Ribeira, Monforte, Carballiño, Vilagarcía, Lalín, etc. e
 - os demais concellos.
- Os dous primeiros grupos soportan a

MEMORIA HISTÓRICA (DEMOCRÁTICA)

VÍCTOR MANUEL SANTIDRIÁN ARIAS

Nuestra literatura ha desertado de la memoria histórica», escribía Francisco Umbral en 1997¹. Hoxe, sete anos despois, parece que a realidade desmente a afirmación do novelista. Quizais o que algúns xa denominaron «efecto Salamina», en referencia ó rotundo éxito editorial da novela *Soldados de Salamina*, de Javier Cercas, provocou unha avalancha de obras que recuperan a memoria daqueles tempos. Pouco antes publicárase outro libro moi ben acollido polo público e pola crítica: *Romanticismo*, de Manuel Longares². Novelas como *La voz dormida*, de Dulce Chacón, merecen longas reportaxes en suplementos dominicais de ampla tiraxe. En 2002 tamén se publicou unha novela sobre o traslado das obras do Museo do Prado durante a Guerra Civil³. O relato do publicado no eido literario con esta temática podería ser moito máis amplo.

O efecto de recuperación da memoria do franquismo estase a producir, ademais, noutros moitos ámbitos, se cadra para acabar co «pacto de silencio» sobre a nosa historia que marcou a Transición⁴. Jorge Semprún, nunha conversa co cineasta Roman Polanski sobre os campos de exterminio nazis, afirmaba que «no todos los países han hecho el esfuerzo de memoria que han realizado los alemanes en estos últimos veinte años [...]. Francia no ha hecho algo semejante con el Estado francés del mariscal Petain [...] y España menos aún con el franquismo»⁵. Con motivo do xxv aniversario da Matanza de Atocha, un dos protagonistas da transición, Santiago Carrillo,

dicía: «Tal vez teníamos que habernos negado al olvido. Pero entonces no teníamos fuerza. Había que llegar a la democracia. Ése era el objetivo. Y por eso hemos dejado que se perdiera el recuerdo. Y ahora habría que recuperarlo»⁶.

Doutra banda, Felipe González escribía: «Nosotros decidimos no hablar del pasado. Si lo tuviera que repetir, con la perspectiva de estos 25 años desde la desaparición del dictador, lo volvería a hacer. Lo que equivale a decir que me parece satisfactorio, en términos históricos, el saldo de nuestro modelo de transición para la convivencia en libertad de los españoles»⁷. Respondía Viçens Navarro manifestando que a desmemoria e o esquecemento foron erros políticos da esquerda e unha inxustiza para os antifranquistas. Apoiábase na idea de que «la democracia no puede ser estable cuando se basa en la injusticia reproducida en el olvido», segundo afirma Desmond Tutu⁸.

Polémicas á marxe, hai que recoñecer que a **producción académica** sobre a República, a Guerra Civil e o franquismo é moi abundante dende a morte do dictador. A tarefa de afondamento historiográfico é unha constante dende hai moitos anos e —tal vez esta sexa a novidade— a Academia é agora capaz de socializa-los seus traballos e investigacións. O primeiro franquismo está recibindo unha enorme atención por parte do mundo universitario nos últimos tempos. Velaí, por exemplo, o boom editorial de estudos sobre a guerrilla

antifranquista. Aínda que os traballos editados son de moi variada calidade e un marcado localismo que impide comprender os aspectos comúns existentes no fenómeno, non cabe dúbida de que está contribuíndo a difundir o seu coñecemento⁹. Outro exemplo, entre os moitos que se poderían citar, é o congreso sobre campos de concentración celebrado en outubro de 2002 en Barcelona, comentado nesta mesma revista. O impacto desta actividade nos medios de comunicación foi grande.

Lembremos, por outra banda, o éxito de público da exposición *Exilio*, organizada pola Fundación Pablo Iglesias, favorecido polo eco que tivo nos medios de comunicación¹⁰. Tamén as **investigacións de carácter xornalístico** sobre o franquismo son xa moi abundantes¹¹. O éxito editorial dalgunhas destas obras é grande e non sempre son ben acollidas no ámbito académico. Non podemos esquecer-lo mundo televisivo no que a serie *Cuéntame cómo pasó*, que presenta a dictadura cuns trazos mornos e suaves, está acadando importantes niveis de audiencia¹². Tampouco pasaron inadvertidos os documentais sobre campos de concentración emitidos polo programa *Línea 900* de La 2 de TVE.

A II República, a Guerra Civil, o franquismo, a represión, a guerrilla antifranquista, o exilio... son, ademais, temas de recentes **éxitos cinematográficos**, ás veces baseados en textos literarios (*A lingua das volvoretas* e, proximamente, *O lapis do carpinteiro*), en forma de documental (*Los niños de Rusia*, de Jaime Camino; *La guerrilla de la memoria*, de Javier Corcuera; *Extranjeros de sí mismos*, de José Luis López-Linares e Javier Riaño) ou, sinxelamente, sobre historias máis ou menos reais (*Silencio roto*, de Montxo Armendáriz).

A reivindicación da memoria tamén chegou ó mundo da política. Por iniciativa do deputado José Luis Méndez Romeu, do PSDG-PSOE, o Parlamento aprobou o 3 de abril de 2002 unha proposición non de lei na que se insta a Xunta a continua-las con-




Xaime Quessada. Cartel

versas con todos aqueles que posúan documentación relacionada cos presos políticos. Nunha primeira fase, esa documentación sería depositada no Arquivo Histórico do Reino de Galicia e, posteriormente, estableceríanse convenios coas universidades para o estudo e publicación dese fondos.

No ámbito das Cortes, aprobouse por unanimidade en maio de 2001 a rehabilitación política dos guerrilleiros antifranquistas, aínda que a proposta de Izquierda Unida de indemnizacións para eses loitadores foi rexeitada meses despois. En datas máis recentes, o Grupo Parlamentario Federal de Izquierda Unida presentou dúas proposicións non de lei relacionadas coa recuperación da memoria do antifranquismo: unha sobre a dignificación dos presos republicanos que traballaron como escravos baixo a dictadura franquista e outra para proceder ás exhumacións de foxas comúns da Guerra Civil¹³. Aprobada por unanimidade, a maioría parlamentaria admitiu nesta ocasión que a iniciativa fose apoiada economicamente para que non quedase nunha mera declaración de intencións¹⁴.

Estas últimas medidas desataron unha certa polémica. Queremos facer especial referencia a un artigo, dado o prestixio de quen o asina: Gabriel Jackson¹⁵. Trátase dun escrito bastante paradoxal no que o historiador norteamericano comeza afirmando

Xaime Quessada. Cartel.



que o historial represivo de Franco é comparable ó de Hitler e Stalin. Pero, a pesar desta toma de posición, a Jackson preocupáulle declaracións como a do Congreso sobre os campos de concentración (Barcelona, outubro de 2002) porque solicita «que sexa tipificado como delicto a apoloxía da dictadura franquista» e a «retirada inmediata, tanto da vía pública como das diferentes institucións, de tódolos nomes e símbolos da dictadura». Para o autor de *La República y la Guerra Civil*, «sería simplemente una especie de venganza inmersa no permitir que los gobiernos locales decidieran si el nombre de Franco debiera aparecer en los nombres de las calles». ¿Que diría Gabriel Jackson se os nomes de Hitler e Stalin, autores de crimes semellantes ós de Franco, estiveran presentes nas rúas de Alemaña e de Rusia? Ó mellor é que, a pesar da declaración inicial de Jackson, a de Franco foi unha dictadura máis presentable porque dende fins dos anos cincuenta «ya no mataba a la gente por sus pensamientos privados o su identidad étnica o religiosa». ¿E Delgado, Granados, Grimau, Puig Antich...?

As iniciativas políticas fanse eco, en moitas ocasións, da mobilización cidadá no eido da rehabilitación das vítimas do franquismo. Neste sentido é paradigmático o labor da Asociación para a Recuperación da Memoria Histórica, que está exhumando


foxas comúns de republicanos fusilados polo franquismo no Bierzo¹⁶. O seu rigoroso traballo conseguiu que a ONU remitira ó Goberno español unha recomendación para que investigue as desaparicións durante o réxime franquista¹⁷.

Cunha inquietude semellante naceu Memoria Histórica Democrática de Ferrol, formada por un grupo de cidadáns descontentos coa falta de recoñecemento da loita dos homes e mulleres que entregaron as súas vidas na loita contra a dictadura franquista. Constituída como asociación en outubro de 2002, Memoria Histórica Democrática de Ferrol pretende promover «homenaxes vivas», realizar mocións municipais de recoñecemento das vítimas do franquismo, publicar materiais relacionados coa represión en Ferrolterra, dar a coñecer estes feitos entre a poboación nova etc. Por outra banda, nos próximos meses dará os seus primeiros pasos a Asociación para a Recuperación da Memoria Histórica en Galicia.

En todas estas iniciativas existe un evidente pulo político —¿alguén o dubida? Tan só cómpre esperar que cando lles chegue a nova quenda de goberno non volvan pecha-lo libro da Historia—. Quizais por esta razón esteamos asistindo ó que pode se-lo inicio dunha «adecuada política de la memoria», segundo a expresión de Alberto Reig Tapia¹⁸. Por iso certos sectores do espectro político se poñen fóra dos eixes con estas actividades e responden promovendo unha historiografía destinada a exculpa-los verdugos¹⁹; noutras ocasións, eses mesmos sectores intentan descualificar mediante o recurso ó insulto os profesionais da Historia que desenterran os aspectos máis escuros do franquismo: son a «cofradía de la checa», segundo a súa expresión²⁰. Fronte a este tipo de actitudes, como escribe Julián Casanova, ós historiadores non lles queda outro camiño que «investigar, escribir y rodear de rigor y credibilidad nuestras enseñanzas»²¹. Que non é pouco.

NOTAS

- ¹ A reflexión completa pódese ler en Francisco Umbral (1997), «Memoria literaria, memoria histórica», *Temas para el Debate*, 31, xuño.
- ² *Romanticismo* foi comentada nesta mesma revista por Ana Mosquera Barcia, «O tránsito romántico», *Dezeme*, 4, decembro de 2001, páxs. 81-84.
- ³ Juan Carlos Arce, *Los colores de la guerra*, Barcelona, Planeta, 2002.
- ⁴ Non tódolos autores están de acordo coa existencia dese «pacto de silencio». Santos Juliá, por exemplo, considera que durante a Transición o que se evitou foi a instrumentalización política da memoria da Guerra Civil e da dictadura (Santos Juliá, «Acuerdo sobre el pasado», *El País*, 24 de novembro de 2002; do mesmo autor: «Saturados de memoria», *El País*, 21 de xullo de 1996; véxanse as súas reflexións en *Víctimas de la Guerra Civil*, Madrid, Temas de Hoy, 2000; e «Echar al olvido. Memoria y amnistía en la transición», *Claves*, xaneiro-febreiro de 2003, páxs. 14-24). Pódese ler tamén Juan Pablo Fusi, «Democracia y memoria histórica», *El País*, 14 de xullo de 1990; Antonio Elorza, «El deber de la memoria», *El País*, 5 de agosto de 1996; Javier Tusell, «El ocaso de la desmemoria», *El País*, 27 de xuño de 1997. Sobre este tema é de obrigada referencia a obra de Paloma Aguilar, *Memoria y olvido de la Guerra Civil Española*, Madrid, Alianza Editorial, 1996. Son tamén de moito interese as reflexións de Alberto Reig Tapia, autor de *Memoria de la Guerra Civil. Los mitos de la tribu* (Madrid, Alianza Editorial, 2000), por exemplo. Sobre o problema das políticas da memoria: Alexandra Barahona, Paloma Aguilar e Carmen González Enríquez (eds.), *Las políticas hacia el pasado. Juicios, depuraciones, perdón y olvido en las nuevas democracias*, Madrid, Akal, 2002.
- ⁵ *El País Semanal*, 1 de decembro de 2002, pág. 61.
- ⁶ Entrevista a Santiago Carrillo, *El País*, 24 de xaneiro de 2002.
- ⁷ Ademais das referencias xornalísticas (Felipe González, «Chile, Argentina y las Comisiones de la Verdad», *El País*, 2001), esta opinión tamén aparece no libro de Felipe González e Juan Luis Cebrián, *El futuro no es lo que era*, Madrid, Alfaguara, 2001.
- ⁸ A cita procede de Viçens Navarro, «Los costes de la desmemoria histórica», *El País*, 16 de xullo de 2001. Viçens Navarro continuaba afirmando que a



Xaime Quessada. Cartel.

esquerda deixou o legado da memoria antifranquista ós nacionalismos democráticos pero «no fue España (cuya república facilitó la personalidad institucional catalana y su cultura), sino la odiada dictadura franquista la que nos prohibió a los catalanes utilizar nuestra lengua materna. Hoy la juventud no identifica a las izquierdas con la lucha por la libertad, la democracia y la pluralidad, lo cual no hubiera ocurrido si las izquierdas hubieran mantenido vivo el recuerdo de la experiencia de la República (con su visión plural de España, en lugar del uniformismo opresivo del franquismo) y de la resistencia antifranquista, presentándose como su heredera. Éste es el gran coste político de su olvido». O artigo de Felipe González tamén foi respondido polo fiscal chileno Carlos Castresana Fernández, «La infamia ha terminado. Los chilenos pueden empezar a dar por cerrada su transición», *El País*, 1 de maio de 2001.

- ⁹ Como apunta o historiador Francisco Moreno, «La verdadera historia de la guerrilla antifranquista se habrá culminado en España cuando tengamos sobre la mesa los cuatro grandes libros de las cuatro grandes zonas guerrilleras: el gran libro del Norte, el gran libro del Este, el gran libro del Centro-Sur y el gran libro del Sur granadino y malagueño». A cita procede de quen, dende o noso punto de vista, é un dos mellores coñecedores deste tema: Francisco Moreno Gómez, «Huidos, maquis y guerrilla: una década de rebeldía contra la dictadura», *Ayer*, 43, 2001, pág. 137. Francisco Moreno é autor dun deses catro grandes libros sobre a guerrilla: *La resistencia armada contra Franco. Tragedia y maquis de la guerrilla. El Centro-Sur de España: de Madrid al Guadalquivir*, Barcelona, Crítica, 2001. Tamén destacamos «La oposición armada

Xaime Quessada. Cartel

a la dictadura», en Julián Casanova (coord.), *Morir, matar, sobrevivir: La violencia en la dictadura de Franco*, Barcelona, Crítica, 2001, páxs. 195-333. Pola nosa banda, consideramos que cómpre, ademais, unha gran obra de conxunto que integre os máis novos achados. Sinalamos, sen ningunha intención de exhaustividade, algunhas das obras aparecidas dende 2000: Irene Abad e José A. Angulo, *La tormenta que pasa y se repliega. Los años de los maquis en el Pirineo aragonés*, Zaragoza, Temas Aragoneses, 2001; Isidro Cicero, *Los que se echaron al monte*, Santander, Ediciones Tautín, 2002; Benito Díaz Díaz, *La guerrilla antifranquista en Toledo. La primera Agrupación Guerrillera del Ejército Extremadura-Centro*, Toledo, Colectivo de Investigación Histórica Arrabal, 2001; Fernando Martínez de Baños, *Hasta su aniquilación total. El Ejército contra el maquis en el valle de Arán y en el Alto Aragón, 1944-1946*, Madrid, Almena Editores, 2002; Francisco Martínez López, *Quico, Guerrillero contra Franco. La guerrilla antifranquista de León (1936-1951)*, París, Syllepse, 2000; Mikel Rodríguez, *Maquis. La guerrilla vasca 1938-1962*, Tafalla, Txalaparta, 2001; Ferrán Sánchez Agustí, *Maquis y Pirineos. La gran invasión (1944-1945)*, Lleida, Milenio, 2001; Secundino Serrano, *Maquis. Historia de la guerrilla antifranquista*, Madrid, Siglo XXI, 2001. O fenómeno tamén ten eco importante en internet. Hai información sobre as guerrillas e os guerrilleiros en moitas páxinas: <http://es.geocities.com/eustaquio5/>; www.nodo50.org/age/; www.pce.es/memoria_historica

¹⁰ Ademais do amplo seguimento que tivo a exposición nos medios de comunicación, ó que non foi alleo (entre outras razóns) o feito de que a inaugurara Juan Carlos I, *El País* dedicalle, uns meses despois, un extra do seu semanal *EPS* (12 de xaneiro de 2003) e o editorial do día seguinte («Memoria del exilio», *El País*, 13 de xaneiro de 2003) ó mesmo asunto.

¹¹ Pódense citar, por exemplo, as seguintes: Carlos Elordi, *Los años difíciles. El testimonio de los protagonistas anónimos de la Guerra Civil y la posguerra*, Madrid, Aguilar, 2002; Isaias Lafuente, *Esclavos por la patria*, Madrid, Temas de Hoy, 2002; Daniel e Rodolfo Serrano, *Toda España era una cárcel. Memorias de los presos del franquismo*, Madrid, Alfabeta, 2002; Rafael Torres, *Los esclavos de Franco*, Madrid, Oberón, 2001 e *Víctimas de la victoria*, Madrid, Oberón, 2002.

¹² Quizais esta serie poida quedar incluída no que Carme Molinero chama da «crónica sentimental» da



España franquista (Carme Molinero, «Crónica sentimental y falsa memoria del franquismo», *Historia del Presente*, 1, páxs. 98-100, 2002). A profesora catalana prevén do risco que supón a proliferación de publicacións englobadas dentro desa denominación porque, en moitos casos, trivializan o que foi a dictadura. Aínda que concordamos no esencial con esta percepción, tamén habería que lle pedir ó mundo académico un maior esforzo para que as súas investigacións cheguen ó público non especialista.

¹³ Os textos poden ser consultados en www.pce.es/memoria_historica.

¹⁴ «El PP condena el golpe de Franco y promete honrar a todas las víctimas de la Guerra Civil», *El País*, 21 de novembro de 2001.

¹⁵ Gabriel Jackson, «De la represión franquista y la verdad», *El País*, 23 de novembro de 2002. Este artigo recibiu unha resposta do profesor Navarro (Viçens Navarro, «Consecuencias de la inmodélica transición», *El País*, 8 de xaneiro de 2003) e un posterior cruzamento de cartas no xornal *El País*.

¹⁶ A súa páxina web é: www.geocities.com/priaranza36.

¹⁷ «La ONU pide que se investigue dónde están enterrados republicanos españoles fusilados tras la guerra», *El País*, 16 de novembro de 2002.

¹⁸ Alberto Reig Tapia, «La memoria democrática y la Constitución», *El País*, 4 de xaneiro de 2003.

¹⁹ Véxase «Memoria del exilio», *El País*, 13 de xaneiro de 2003.

²⁰ Federico Jiménez Losantos, «Violencias», *El Mundo*, 20 de marzo de 2001.

²¹ Julián Casanova, «Una dictadura de cuarenta años», en Julián Casanova (coord.), *Morir, matar, sobrevivir: La violencia en la dictadura de Franco*, Barcelona, Crítica, 2001, pág. 50.

VÍCTOR MANUEL
SANTIDRIÁN ARIAS


FUNDACIÓN 10 DE MARZO
vsantidrian@edu.xunta.es

A IDENTIDADE GALEGA NA EMIGRACIÓN ARGENTINA

JOSÉ BABIANO

Xosé Manoel Núñez Seixas,
O inmigrante imaxinario.
Estereotipos, representacións
e identidades dos galegos na
Arxentina (1880-1940),
Santiago de Compostela,
Universidade de Santiago de
Compostela, 2002, 348 páxs.

O inmigrante imaxinario



Xosé Manoel Núñez Seixas

UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

publicacións

En España, a recente Historia Social deu un xiro cara ós enfoques culturais e a análise das identidades. Deste modo, as ferramentas da economía e da socioloxía foron substituídas polas da antropoloxía (ou máis ben, as dun certo tipo de antropoloxía) e a lingüística¹. Pero «cultura» e «identidade» son dous conceptos moi esvaradíños; así, por exemplo, hai ocasións en que a identidade ou a propia cultura parecen un requisito para a acción colectiva, mentres que outras se nos mostran como un resultado desta última, sen desbota-la posibilidade de seren ámbalas cousas á vez².

É neste novo terreo onde se interna o profesor Núñez Seixas no seu último libro. Núñez Seixas forma parte dun moi reducido grupo de historiadores que nos últimos anos están a introduci-la historia da emigración na axenda da historia política e social, o que non deixa de ter mérito. En efecto, pois, por un lado, resulta evidente tanto a centralidade dos procesos migrato-


rios, como os avances teóricos e empíricos que nese ámbito acadaron historiografías como a francesa ou a anglosaxona. Pero, ó mesmo tempo, non é menos evidente que para a gran maioría dos historiado-

res españois a emigración non deixa ser un asunto de demografía ou de historia económica, unha visión que impediu que os estudos migratorios se desenvolveran máis na nosa historiografía.

Neste contexto, *O inmigrante imaxinario* non trata de introducirse nun tema ou nun período considerados inéditos. Pola contra, abórdase o fenómeno da emigración galega á Arxentina desde unha perspectiva nova dentro das nosas latitudes historiográficas; é dicir, desde o enfoque cultural e a análise da formación de identidades colectivas, dado que estas poden investigarse dun modo privilexiado a través dunha comunidade migrante.

O libro arrinca co estudo dos estereotipos antigalegos que se suceden na sociedade arxentina desde o período tardocolonial ata a inmigración galega masiva das primeiras décadas do século XX. A continuación, analízase a resposta a estes estereotipos dentro da colonia galega, que vai desde a súa interiorización ata a elaboración dunha contraímaxe na que o galego queda dignificado e revalorizado. Na elaboración desa contraímaxe, segundo se nos conta, recorrerase a exalza-lo papel dos galegos, tanto na historia de América Latina —a historia e a súa recreación son, sen dúbida, un ingrediente substancial na formación das identidades— como na construción da nación arxentina.

Posteriormente, a análise desprázase cara ós usos do idioma de orixe entre a colonia galega en Bos Aires. Aquí os resultados da investigación non son moi diferentes ós que adoita reflectir o estudo doutras colonias de inmigrantes: maior utilización na primeira xeración e entre os que regresan ca entre a segunda xeración; maior uso nos espazos privados e de sociabilidade informal ca nas actividades públicas; consideración do idioma



Portada do libro.

da sociedade de acollida como a lingua que permite o progreso e rexeitamento do idioma de orixe —polo menos nalgúns sectores— por consideralo como un elemento estigmatizador, etcétera. Por último, pásase revista ós materiais culturais que emerxen nos espazos formais de socialización da colonia, como son as festas e veladas organizadas no tupido tecido asociativo galego; é dicir, faise a disección dun repertorio clásico de cultura popular (teatro, música, bailes...) indagando ata qué punto os ingredientes dese repertorio se erixen en vimbios do cesto identitario.

Nas conclusións, Núñez Seixas sinala os límites na construc-



Xaime Quessada. Cartel "Non pagar" (fragmento).

ción desa identidade da *galeguidade da diáspora*, pois tal identidade terá una mestura de referencias —galegas, pero tamén españolas en xeral e, por suposto, arxentinas—. Certamente, nin a colonia era socialmente homoxénea nin os estereotipos antigalegos respondían ou levaban consigo fenómenos de exclusión que quizais terían reforzado os elementos de identidade étnica como mecanismo adaptativo.

Todo o estudo está baseado en dúas fontes principais: a literatura arxentina e dos galegos na Arxentina da época e a prensa da colonia galega no Río da Prata. Naturalmente, isto presenta un problema que non lle pasou inadvertido ó autor. En efecto, os materiais cos que se vai construíndo a identidade estudada pertencen, non á colonia, senón a unha elite desta (unha serie de xornalistas, profesionais e líderes da rede asociativa galega). Trátase pois, tal e como se sinala no libro, dunha especie de metonimia que

Núñez Seixas compara coas posibilidades de investigación da clase traballadora a través dos materiais xerados polo movemento obreiro. Agora ben, non creo que moitos historiadores do traballo aceptasen sen obxeccións tal metonimia, despois das advertencias que nos fixeran Pérez Ledesma e Álvarez Junco hai xa vinte anos³.

Por outra banda, xa dixemos que os conceptos de cultura e identidade non deixan de ser esvadaídos. E neste sentido hai unha serie de fenómenos que, aínda que se citan, van perdéndose ó longo das case trescentas cincuenta páxinas do libro, a falta dunha explicación máis extensa. Por exemplo: a diversidade social (e o conflito) no interior da colonia, que o discurso de tipo étnico da súa elite trata de ocultar; a posible emerxencia dunha identidade internacionalista alternativa, forxada a través da experiencia e a militancia laboral dos galegos en contacto con outras minorías; a posición dos galegos no mercado laboral arxentino, posto que parece ser fonte dos prexuízos antigalegos pero, ó mesmo tempo, sen se erixir unha barreira excluyente nese mercado laboral; etcétera. E é que os grupos, amais de se ver confrontados con códigos culturais e sistemas de valores, como se subliña na páxina 18, tamén están inseridos dentro de realidades sociais. É ante estas realidades onde se detén o enfoque de Núñez Seixas, de xeito que as identidades e os aspectos culturais atopan unha explicación autónoma. Neste contexto, o autor non debera tomar demasiado en serio aquilo de que *a realidade, como entidade supostamente obxectiva, non existe, e como tal dificilmente é*



Montaxe sobre un fragmento do cartel "Non pagar" de Xaime Quessada.

aprehensibel polo científico social (cfr. páx. 17). O contrario significaría que os historiadores deberían cambiar de oficio.

NOTAS

¹ Por marcar un fito neste xiro, podemos sinalalo volume colectivo de Rafael Cruz e M. Pérez Ledesma (eds.), *Cultura y movilización en la España contemporánea*, Madrid, Alianza Editorial, 1997. Unha aguda análise dos cambios recentes na historia social española, en Carlos Forcadell, «La Historia Social en España. Edad contemporánea», en Santiago Castillo e Roberto Fernández (coords.), *Historia social y ciencias sociales. Actas del IV Congreso de Historia Social de España*, Lérida, Milenio, 2001, páxs. 69-83.

² Á multiplicidade de significados do concepto de cultura, denominándoo como un *concepto comodín*, referiuse J. L. Castilla Vallejo, «El multiculturalismo y las trampas de la cultura», *Política y Sociedad*, vol. 39 n.º 1, xaneiro-abril 2002, páxs.

255 e ss. Unha crítica dos estudos culturais desde a propia antropoloxía, en Carlos Reynoso, *Apogeo y decadencia de los estudios culturales*, Barcelona, Gedisa, 2000.

³ Refirome, claro está, ó artigo de Álvarez Junco e Pérez Ledesma, «Historia del movimiento obrero ¿una segunda ruptura?», *Revista de Occidente*, 12, 1982, 19-41.

JOSÉ BABIANO


DIRECTOR DA
FUNDACIÓN 1º DE MAYO

OS LÍMITES DO BENESTAR SOCIAL

XOAQUÍN ÁLVAREZ CORBACHO

Vicenç Navarro,
*Bienestar insuficiente,
democracia incompleta,*
Barcelona, Anagrama,
2002, 224 páxs.

O libro de Vicenç Navarro, *Bienestar insuficiente, democracia incompleta*, que ofrece como subtítulo «sobre lo que no se habla en nuestro país» (editado por Anagrama) constitúe sen dúbida unha contribución relevante e útil para calquera cidadán interesado nestes asuntos, por tres razóns básicas. En primeiro lugar, polo contido crítico e pola presenza dunha argumentación allea á que substancia o pensamento económico dominante, sobre todo no que fai referencia a variables que inciden directamente na calidade de vida cidadá (educación, sanidade, axuda ás familias, emprego, desenvolvemento democrático, etc.). En segundo lugar, pola autoridade académica do autor, forxada en universidades prestixiosas do mundo occidental (The Johns Hopkins University, London School of Economics, Oxford, Pompeu Fabra, etc.) e enriquecida polo seu interesante labor de asesoramento a gobernos, organismos e políticos diversos. Finalmente, porque Vicenç Navarro reúne tamén a condición de exiliado político polo réxime franquista e esa circunstancia marca de forma acusada —xerando por iso menores eufemismos que se agradecen— a



súa percepción da guerra civil, da posguerra, da transición democrática e da situación política actual.

A tese que defende o profesor Navarro fundaméntase na interrelación profunda de tres feitos con-

cretos e recentes da realidade española, que o autor intenta obxectivar e analizar con abundantes datos e argumentos. Estes feitos son o descoñecemento ou coñecemento insuficiente da nosa historia recente, sobre todo por parte da xuventude, a existencia dunha democracia incompleta ou manifestamente mellorable, froito dunha transición non modélica, así como polo desenvolvemento insuficiente dos servizos públicos básicos, inhibidos polo pensamento neoliberal, que fundamentan o estado do benestar.

Todas estas ideas se articulan en catro partes diferenciadas do libro. A primeira intenta dar unha resposta intelixente ás distancias que hoxe existen entre as preocupacións e prioridades dos gobernos, por un lado, e os problemas que ten a maioría da poboación —formada por cidadáns anónimos— polo outro. Así, fronte ás concepcións simétricas ou asimétricas de España, fronte ás ideas favorables ou contrarias ó dereito de autodeterminación, que ocupan boa parte das obsesións políticas e dos medios de comunicación, están as cuestións máis cotiás, máis elementais, que ocupan e preocupan as xentes do común. Entre estas estarían a falta de traballo ou a precariedade deste, as dificultades para acceder a unha vivenda, a calidade da educación e o fracaso escolar, a sobrecarga familiar (sobre todo da muller) ante a ausencia de garderías e servizos públicos para anciáns e discapacitados, as angustiosas listas de espera ou as pensións insuficientes. Son dous mundos (os problemas identitarios que afectan o Estado e os problemas do día a día) que non deberían ser distantes, pero o certo é que xeran brechas profundas e preocu-



pantes entre a política e as necesidades da maioría da poboación.

A segunda parte do libro analiza as deficiencias do noso estado do benestar, así como as causas que explican a súa deterioración relativa. A globalización económica e a competitividade —salienta o pensamento económico dominante— esixen a presenza de políticas públicas similares en tódolos países desenvolvidos, entre as cales se mencionan a desregulación dos mercados financeiros e laboral, o protagonismo da imposición sobre o consumo, a redución do gasto público, así como o recorte dos servizos sociais básicos. É a sabedoría convencional aceptada de forma entusiasta polos partidos conservadores e tamén por unha parte non pequena dos partidos socialdemócratas. Os seus resultados, di o autor, comezan a ser visibles para unha parte crecente de españois: desigualdade, regresión fiscal, desemprego e precariedade no traballo, privatización do patrimonio e da xestión pública, diminución do gasto social.

A terceira parte estudia as causas políticas do mencionado subdesenvolvemento social. Neste sentido, os déficit democráticos derivados dunha transición singular e nesgada polo poder das forzas conservadoras, por tantas renuncias e acomodo-

dos, así como por excesivos comportamentos acríticos, explica en boa medida que as clases medias españolas non perciban aínda as vantaxes dun gasto social extensivo e de calidade, perdurando deste modo escepticismos diversos entre o espazo público e privado como opción para resolve-los problemas cotiáns fundamentais.

Na última parte do libro, o profesor Navarro leva a cabo reflexións interesantes sobre as raíces do noso déficit democrático e social. Para o autor, as insuficiencias do estado do benestar se fundamentan na debili-dade da democracia, que pola súa vez se explica polo dominio da cultura política e informativa conservadora, así como pola forma de acceder á democracia no noso país. Froito de todo isto é o esquecemento e o escaso coñecemento dos últimos setenta anos da historia de España. Este esquecemento impide coñece-lo papel que tiveron as diferentes forzas políticas na defensa do progreso e da liberdade, incorporando así custos importantes ó proceso democrático. Con ese descoñecemento tan excesivo do pasado —engade o profesor Navarro— dificilmente se constrúe un futuro solvente para o país.

Finalmente, debemos subliña-lo esforzo realizado polo autor para que a lectura do libro resulte fácil e comprensible. É este un esforzo que sempre se agradece e aplaude. O mesmo cá súa capacidade crítica e a súa valentía para expresar con toda sinceridade o que pensa.

XOAQUÍN ÁLVAREZ CORBACHO

CATEDRÁTICO DE ECONOMÍA

APLICADA

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

PATRIMONIO HISTÓRICO NAS *WEB* DAS CIDADES GALEGAS

EDUARDO BRAGADO

O obxectivo desta sección de DEZ·EME é orientar sobre a información que as *web* da principais cidades galegas ofrecen acerca do seu patrimonio histórico. Internet pode ser de utilidade para programar unha visita didáctica a algún dos lugares que adoito son obxecto de interese nas clases de ciencias sociais. Nas *web* das principais cidades galegas podemos atopar os datos básicos para preparar a visita: enderezos, horarios, prezos, etc.; e nalgúns casos tamén encontraremos suxestións para completar dun xeito satisfactorio unha xornada de saída.

Nos últimos meses, a maior parte dos concellos fixeron un grande esforzo por renovar as súas páxinas *web*, pois son conscientes da importancia deste novo medio, tanto para facilitar a información e a xestión administrativa cos seus cidadáns, como para lle amosar ó público foráneo os atractivos das súas cidades. A maior parte dos concellos tenden a crear verdadeiros portais que facilitan información e lle serven tamén, cada vez máis, para coñecer a opinión dos seus cidadáns. Os responsables de comunicación das vilas galegas encargan a edición, deseño e xestión das súas páxinas a empresas especializadas que cada vez sacan mellor partido das últimas innovacións: presentacións flash, integración multimedia, etc. A mellor organización da información e a presentación máis profesional axilizan e fan máis atractivo o acceso ós contidos das páxinas.

En xeral, os datos sobre historia

e patrimonio dos concellos aparecen nos apartados dedicados á mirada exterior, ó turismo..., cuestión lóxica pero en ocasións tamén prexudicial desde a perspectiva educativa. Así e todo, os concelleiros de educación tenden a crear apartados específicos para os recursos educativos. Case tódolos concellos teñen nas súas páxinas unha axenda cultural, que tamén pode ser útil para planificar as actividades escolares complementarias.

Esta atención ó espacio virtual non se dá só nas grandes cidades, senón que é común a case tódolos concellos de Galicia. O éxito é desigual, pero sempre produto do esforzo para aproximar a realidade local ó enredado espacio da Internet. As páxinas *web* dos concellos poden ser a carta de presentación no mundo, un vínculo cos cidadáns que están na emigración e mesmo un espacio onde proxectar o modelo de vila que se pretende desenvolver.



Armando Cardona Torrández. Cartel (fragmento).

En **Turgalicia** (www.turgalicia.es) podemos ver os datos básicos do patrimonio clasificados en «qué ver» por: patrimonio natural (rías e praias, espacios naturais pro-

textidos...) e patrimonio cultural (arquitectura relixiosa, arquitectura civil, arquitectura popular, museos e arquivos). A procura organízase por comarcas e funciona adecuadamente. Os datos sobre o patrimonio son moi xerais pero abundan para unha primeira aproximación e ademais proporcionannos información de interese como teléfonos de contacto, prezos, distancias, localidades próximas, etc.



Armando Cardona Torrández. Cartel (fragmento).

As *web* das grandes cidades expoñen algúns trazos do seu proxecto cultural e educativo.

Na páxina do Concello da **Coruña** (www.aytolacoruna.es), a información sobre a historia da cidade atópase no apartado «turismo». O feito de estar de entrada en castelán dá unha impresión negativa e excéntrica da cidade con respecto a outras localidades galegas. Pero, pola contra, é das páxinas que máis se preocupa polo seu contorno galego. Suxire tres rutas moi interesantes: ruta da Costa da Morte, ruta do Eume e ruta do Camiño de Santiago.

A información sobre o casco urbano organízase a partir do deseño de tres guieiros: paseo pola

cidade vella, paseo pola cidade modernista e ruta Picasso. No apartado «cidade», preséntase unha información sucinta da historia da Cidade Herculina dende a época antiga ata a contemporánea, cun apartado específico para persoeiros ilustres. A cidade loce na *web* local as mellores galas das súas reformas recentes e foi quen de construí-lo guieiro escolar mellor deseñado dos últimos anos: a Casa das Ciencias, o Domus, e o Acuarium. Este espacio cultural tan ben configurado debería ter un acceso máis privilexiado na páxina principal.


A ruta cultural que propón está moi ben pensada, aínda que os responsables dos museos deberían ter en conta os seus horarios para que se poida facer toda —Domus, Planetario, Acuarium, Torre de Hércules e castelo de San Antón— nunha xornada.

A páxina da Casa das Ciencias (www.casaciencias.org) debería ter unha ligazón dende a principal da *web* da Coruña. Desde ela accédese ás actividades e información do Domus, do Planetario e do Acuarium. Esperemos que axiña incorporen un espacio de interactividade, consoante co deseño da idea dos tres museos.

A páxina do Concello de **Ferrol** (www.ferrol-concello.es), cunha presentación que trata de recrea-la vocación mariñeira da vila, presenta a información para visita-la cidade no apartado «descúbrenos», onde hai referencias á historia da cidade e biografías dos seus antepasados ilustres. Na evolución histórica da cidade ferrolá non se trata practicamente o século XX, e cremos que o papel de Ferrol na historia do movemento obreiro galego merecía cando menos un

oco nesta ben construída páxina, pois fai parte da súa actual identidade.

No apartado «as rotas», suxire algúns percorridos para coñece-la cidade: o Ferrol vello, os Arsenais, o barrio da Magdalena, Esteiro, etc.; aquí tamén está presente o patrimonio natural e paisaxístico da ría e a súa contorna. Nos guieiros virtuais sería moi recomendable conseguí-la máxima integración entre os aspectos sociais e naturais dunha comarca ou vila, obxectivo que procuran os responsables da páxina de Ferrol.



Armando Cardona Torrández. Cartel (fragmento).

A información sobre o patrimonio de **Santiago de Compostela** está moi presente na rede; o firme apoio institucional na promoción dos xacobeos soubo entende-la potencialidade de Internet para reafirma-la presenza de Santiago de Compostela en Europa. O departamento de iniciativas turísticas (www.citcompostela.com) deseñou unha páxina para analizar tanto o Camiño de Santiago como a cidade compostelá. Mestura a visión de cidade universal cun estudio de interese local moi ben estruturado.

A presentación sobre o Castelo da Rocha, con animación flash, ten moito interese para o uso didáctico. Organízase en catro apartados: o castelo, persoeiros, lendas e historia. O flash fai as páxinas máis fluí-

das e atractivas para os alumnos; a animación e a integración de audio-vídeo nas páxinas para uso escolar ofrecen unha boa oportunidade para animarse a crear presentacións sobre temas históricos.

Na sección «Compostela en movemento», moi boa para estudia-lo Camiño de Santiago, cit Compostela emprega audio e vídeo. En xeral, a páxina de cit Compostela permite preparar na aula a visita a Santiago de forma atractiva e creativa.

A páxina do Concello (www.santiagodecompostela.org) enlaza con www.santiagoturismo.com, que ofrece información do patrimonio da cidade. Aquí atopamos un apartado sobre a historia de Santiago e un bo catálogo de monumentos. A densidade do patrimonio de Compostela ten unha correlación coa súa presenza na rede, pero quizais sería aconsellable que existisen suxestións de guieiros didácticos máis concretos para organizar visitas escolares dunha xornada.

No Departamento de Educación e Mocidade do Concello, afronta-lo uso didáctico da cidade é unha grande oportunidade pero tamén un gran desafío que, supoñemos, pronto os responsables do Concello serán capaces de acometer coa mesma fortuna que a presentación turística da cidade.

Un dos museos máis visitados de Santiago é o Museo do Pobo Galego (www.museodopobo.es). A súa páxina *web* preséntanos, ademais dos datos básicos, unha interesante presentación previa das distintas salas.

Outro museo que ten unha páxina suxestiva e coherente coa súa orientación é o Museo Funda-

ción Granell (www.fundacion-granell.org). Tanto a súa sede no pazo de Bendaña, como as exposicións e o departamento didáctico merecen telo sempre presente nas visitas escolares a Santiago.

A páxina do Centro Galego de Arte Contemporánea é www.cgac.org. As charlas con estudantes do CGAC son unha actividade que, a partir do uso da fotografía, lles ensina ós mozos e mozas a le-la arte contemporánea e algunhas das súas claves de interpretación.

O Concello de **Lugo** incorpora na súa páxina *web* (www.concello.delugo.org) a información sobre a historia da cidade e os museos de forma moi ben organizada e cun fácil acceso, algo moi apreciado polos que gustamos de navegar polas *web* galegas. A páxina é un recurso moi práctico para prepara-la visita a Lugo. A campaña para que a muralla romana de Lugo sexa declarada patrimonio mundial pola UNESCO ten un tratamento moi adecuado pola súa simplicidade e rigor: é breve, rápida e ilustra moi ben.

O apartado «Guía da cidade» permite unha verdadeira visita virtual da cidade amurallada, e dende logo anima a visita-la cidade, ademais de proporciona-la información histórica e artística básica para o profesor.

O concello de **Allariz** ten en www.allariz.com a páxina dunha vila moderna que amosa no deseño práctico da súa *web* unha orientación clara do que se pode facer na vila ourensá. Temos referencias á súa historia e ó seu patrimonio, aínda que algunhas das iniciativas que propón o ambicioso proxecto

da *web* aínda non estaban en servizo cando fixémo-la nosa visita virtual. O Concello de Allariz fixo da vila unha das referencias para o estudio do pasado da nosa cultura popular; esperamos que axiña teñan presenza na páxina algúns dos recursos máis atractivos: os seus obradoiros de tecido e curtido ou o museo do xoguete. Tamén hai unha proposta moi interesante no estudio da festa popular do Boi que podemos descargar enteiro en formato PDF.



Armando Cardona Torrández. Cartel (fragmento).

O concello de **Ribadavia** (www.ribadavia.com) tamén ten moi ben estruturados os seus recursos sobre historia e patrimonio, aínda que se bota de faltar un apartado específico para a festa da Historia ou unha unidade didáctica específica para o barrio xudeu.

Exemplos como os de Celanova, Allariz e Ribadavia sinalan un camiño moi interesante de cómo emprega-la rede para suscita-lo interese polas vilas galegas, tanto para o uso escolar como turístico.

Cando DEZ·EME fixo a súa procura, a páxina do Concello de **Ourense** non estaba activa. Dende as páxinas da deputación (www.depourense.es) podemos acceder ás do padroado de turismo (www.inorde.com/patronato), que suxire cinco rutas pola provincia de Ourense: Ourense capital, o alto

Arnoia, Ribeira Sacra, polos vellos camiños e ruta dos castelos. A información da deputación é simple en exceso para a exquisita riqueza do patrimonio da capital ourensá e da súa provincia, aínda que resulta útil para programar unha visita didáctica.

Exemplo de iniciativas de boa promoción dos concellos ourensáns podémolas atopar nos concellos de Celanova, Allariz e Ribadavia. A páxina da **Terra de Celanova** (www.terradecelanova.com) é un magnífico exemplo de como unha vila galega pode emprega-los recursos da rede para mostra-lo seu patrimonio artístico e cultural. Nesta páxina hai referencias ós seus poetas, ós ecos de Curros Enríquez e de Celso Emilio Ferreiro, e tamén referencias precisas ó patrimonio artístico e cultural. Dende Terra de Celanova pódese planificar unha fermosa ruta da arte medieval dende Celanova, partindo do mosteiro e a capela de san Miguel. As páxinas desta *web* permítennos tamén prepara-la visita a Santa Comba de Bande, a partir dun tratamento rigoroso da xoia da arte visigótica en Galicia. Terras de Celanova tamén nos suxire a visita ó mosteiro románico de San Pedro de Ramirás, entre outras moitas alternativas. Realmente, a provincia de Ourense é aínda todo un desafío para facer guieiros didácticos na área de coñecemento do medio e ciencias sociais por existen moitas e variadas opcións, sempre interesantes.

O Concello de Pontevedra (www.concellopontevedra.es) ten unha páxina cun deseño moderno e singular, con iniciativas ben intere-

santes, como o tratamento do centenario de Castelaio (www.concello.pontevedra.es/castelao-pontevedra/index.htm). Velaquí unha boa mostra dunha *web* de historia e literatura que é capaz de compoñela información como unha nova forma de relata-lo pasado dos espazos e da cidade. Un traballo ben feito a partir dos materiais existentes.



Armando Cardona Torrández. Cartel (fragmento).

O deseño da páxina do Centenario de Castelaio organízase en catro apartados: 1. Castelaio en Pontevedra, 2. Pontevedra en Castelaio, 3. Rota de Castelaio e 4. Castelaio na rede. A información dos apartados non desmerece en nada a concepción tan intelixente da páxina.

Cabe destaca-la importancia que se lle dá ás parroquias do concello. O apartado de historia tamén está moi ben traballado e permite unha detallada visita a través de fotografías ben escollidas do casco vello da cidade. A *web* consegue o obxectivo, dá ganas de visitar e degusta-la cidade, aínda que parece menos áxil no resto dos aspectos máis administrativos dunha *web* municipal.

Na *web* de Vigo (www.vigo.org), a historia e o patrimonio —aínda que fundamentados nun bo traballo que se reflicte no rigor dos seus textos— aparecen nun excesivamente xenérico «coñécenos», eando moitas veces os internautas, sobre todo

os foráneos, prefiren seccións máis precisas: historia, monumentos, museos, fundacións privadas, etc. Dá a impresión na páxina de que o pasado da cidade importa aínda moi pouco e só ós habitantes da propia cidade. Por outra parte, é moi «viguista», o que pode dana-la sensibilidade histórica dos veciños de Lavadores ou Bouzas, por exemplo. Polo demais, é unha páxina de concello ben pensada e que se preocupa por integra-la participación cidadá e facilita-lo trato entre administradores e administrados. Ademais, as mellores ideas que se están poñendo en práctica (mocidade, deporte escolar, novos proxectos) están presentes na *web*. Pretende ser unha páxina útil para unha densa sociedade civil, e semella atinar na forma e nos obxectivos.



Armando Cardona Torrández. Cartel (fragmento).

No apartado «educación», preséntanse os programas educativos promovidos polo Concello. Deles destacámo-la «Aula etnográfica do mar» de Saiáns e «Aprender a convivir». A aula etnográfica debería ter unha páxina propia. O programa «Aprender a convivir» é produto da colaboración con Nova Escola Galega. É unha idea moi interesante e útil para os colexios e institutos, que se debería estender a outras comarcas de Galicia. Na páxina de «Aprende a convivir» (www.aprenderaconvivir.org/) móstranse os materias do pro-

grama, os enderezos e a forma de participar nel.

Os museos de Vigo están tristemente tratados na *web*: Quiñones de León, Estación Marítima, Museo Liste, Museo do Mar, Marco e Museo das Palabras non teñen aínda páxina *web* de seu nin forman parte dun guieiro educativo virtual. Sería desexable que o vello Quiñones de León e os moi recentes Marco e Museo do Mar tivesen o seu espazo virtual propio. A información deste ata agora só serve para sabe-lo enderezo e os aspectos máis xerais dos museos de Vigo. O Museo das Palabras debería incluírse no apartado «proxectos de próxima apertura», listaxe que na Cidade Olívica adoita ser ampla.

O tricentenario da Batalla de Rande (www.vigo2002.com) que inaugurou o Museo do Mar ten unha páxina propia que dá información moi detallada e ben estruturada sobre o acontecemento e facilita unha verdadeira visita virtual á exposición, pero debería existir un acceso máis facilmente recoñecible dende a páxina de entrada da *web* de Vigo, pois é do mellor dela.

EDUARDO BRAGADO

PROFESOR DE SECUNDARIA
ebragado@mundo-r.com

RECOÑECEMENTO PÚBLICO DA OBRA DE JOSEP FONTANA

O pasado mes de xuño celebráronse unhas Xornadas de Debate no Institut Universitari d'Història Jaume Vincens Vives da Universitat Pompeu Fabra de Barcelona. Os organizadores xustificaron a convocatoria pola conmemoración de dous aniversarios: o décimo da propia institución e mailos trinta anos da publicación de *La quiebra de la monarquía absoluta* de Josep Fontana, obra clave na historiografía recente. Foi un excelente pretexto para revisa-la repercusión desa obra e o estado da investigación nos diversos campos nos que máis eco ten a obra deste autor.

Desde a revisión realizada por Francisco Comín (Universidade de Alcalá) sobre a transformación da facenda do Antigo Réxime; a de Antonio Bernal (Universidade

de Sevilla) sobre a mudanza das colonias americanas en repúblicas; a de Ramón Villares (Universidade de Santiago de Compostela) sobre a revolución liberal «Entre a ruptura e a continuidade»; a de Julián Casanova (Universidade de Zaragoza), co suxectivo título «O secaño revisitado», que presentou un balance do estado da historia social en España, completando a perspectiva seguida en *La historia Social y los historiadores* (1991). Pola súa banda, Pedro Ruiz (Universidade de Valencia) presentou un estudio detallado sobre a historiografía da cuestión agraria en España; e, por último, quen isto subscribe, tivo a honra de ocuparse dos problemas relacionados co ensino da historia na educación secundaria, campo ó que Fontana

ten dedicado —no panorama español— unha insólita atención. Tódolos relatores e participantes tiñan claro que se trataba dunha merecidísima homenaxe a un dos historiadores máis importantes do momento actual (o «millor de tots nosaltres», en emotivas palabras de Jordi Nadal) coincidindo coa súa xubilación formal, aínda que, para fortuna dos seus alumnos, continuará a docencia como emérito, e para a de todos nós, poderá dedicar máis tempo a seguir abríndonos novas perspectivas. A próxima publicación pola editorial Crítica dos relatorios destas xornadas permitirá facer un balance máis ponderado da influencia rica e plural da obra de J. Fontana en tan amplos e variados campos.


RAMÓN LÓPEZ FACAL

PROFESOR DE SECUNDARIA

USOS PÚBLICOS DA HISTORIA VI CONGRESO DA ASOCIACIÓN DE HISTORIA CONTEMPORÁNEA

Os congresos da Asociación de Historia Contemporánea constitúen unha cita importante para coñecer-las perspectivas actuais da investigación histórica. O pasado mes de setembro desenvolveuse na universidade de Zaragoza o sexto congreso, baixo o habermasiano título de Os Usos Públicos da Historia. J. J. Carreras encargouse da conferencia inaugural («Historia y

política»), que foi seguida dun relatorio de Walter Bernecker acerca da polémica dos historiadores alemáns sobre o pasado nazi. Giovanni Levi, cunha incisiva intervención chea de alusións á actualidade (a Aznar, o Papa ou Berlusconi), ocupouse da utilidade do coñecemento histórico e a manipulación da historia desde o poder (esquecemento intencionado). Sisinio Pérez



Garzón, pola súa banda, presentou un balance dos «Historiadores en la política española».

Como novidade neste tipo de encontros, dedicouse unha sesión

ó ensino da historia («Usos públicos de la historia») coa participación de Carolyn Boyd, Pilar Maestro e Ramón L. Facal; e outra sobre a perspectiva ecolóxica («Uso de los recursos naturales y medio ambiente: las enseñanzas de la historia») na que interviñeron Gabriella Corona, J. M. Naredo e M. González Molina.

O gran número de comunicacións fixo que o traballo dos relato-

res, que presentaron un apertado resumo de cada un dos apartados, fose unha tarefa case imposible que a penas permitiu facerse unha idea dos diferentes enfoques, algo que se compensou coa posibilidade de le-los textos (entregados en dous volumes a tódolos congresistas e dispoñibles en formato pdf en http://www3.usal.es/ahistcon/congreso_2002.htm); a edición dos relatorios tardará algo máis.

No congreso produciuse tamén a renovación da directiva da Asociación (Pedro Ruiz substituíu a Ramón Villares na presidencia) e perfilouse a seguinte cita que, previsiblemente, terá lugar en Compostela dentro de dous anos; co tema aínda por decidir, escoitáronse voces a favor de aborda-las identidades.

RAMÓN LÓPEZ FACAL
PROFESOR DE SECUNDARIA

NOVENO ENCONTRO DE FEDICARIA EN XIXÓN (XULLO DE 2002)

Fedicaria é unha asociación atípica. Encadra varios grupos de profesores que se ocupan da didáctica das ciencias sociais cunha perspectiva crítica. Desde posicións teóricas radicais, nadas dunha banda na escola de Frankfurt e, doutra, do pensamento foucaltiano, camiñan a contracorrente das que neste momento son posicións maioritarias na didáctica e no ensino da historia.

O pasado mes de xullo celebraron os novenos encontros (bienais, na actualidade), nos que se presentou unha excelente análise das reformas educativas en España: «Las reformas y lo que está pasando. De cómo en la educación la democracia encontró su pareja: el mercado», de J. M. Rozada. (O texto está dispoñible na páxina <http://www.fedicaria.org> e sairá publicado integramente no sexto número do anuario *ConCiencia Social* que publica e distribúe a editorial sevillana Diada).


Nestes encontros contouse coa novidade dun relator, que lle respon-

deu a Jaume Carbonell, director de *Cuadernos de Pedagogía*, e a participación de grupos non integrados en Fedicaria, como os profesores de filosofía asturianos do grupo Argo, que recibiron un cálido aplauso dos participantes, ou o grupo de ciencias sociais Eleuterio Quintanilla.

Fedicaria está lonxe de ser unha organización homoxénea, e durante os encontros afloraron posicións encontradas entre os partidarios de orientarse prioritariamente ó traballo nas aulas, co conxunto da comunidade educativa (posición maiori-

taria entre os valencianos), e os que prefiren centrarse nunha reflexión menos pragmática, máis intransigente nos principios (posición maioritaria en Aragón, Salamanca ou Cantabria). Os décimos encontros que se celebrarán no ano 2004 en Valencia serán unha boa ocasión para contrastar e facer balance dos resultados dos traballos realizados desde as diferentes posicións asumidas polos distintos colectivos.

RAMÓN LÓPEZ FACAL
PROFESOR DE SECUNDARIA



Xaime Quessada. Cartel "CC.OO. por un sindicato unitario"

I CONGRESO DE ENSEÑANTES DE XEOGRAFÍA

FRANCISCO ANTONIO PÉREZ OTERO

Coa convocatoria da Sociedade Galega de Xeografía, a Asociación de Geógrafos Españoles e o Departamento de Xeografía da Universidade de Santiago de Compostela, celebrouse en Lalín os días 13, 14 e 15 de setembro o I Congreso de Ensinantes de Xeografía, no que se deron cita preto de oitenta docentes. Estivo concibido como unha reunión participativa e aberta dos profesores de xeografía para poñeren en común experiencias e coñecementos e discutiren sobre o futuro do ensino da disciplina.

A reunión articulouse en conferencias, comunicacións e obradoiros temáticos nos que a participación dos congresistas foi fundamental.

Nas conferencias, ademais de face-la presentación da páxina web da Asociación de Geógrafos Españoles, pasouse revista ó presente e ó previsible futuro da xeografía e da profesión de xeógrafo. Os relatores deixaron entrever que tanto unha coma a outra se verán potenciadas. Para eles, tal idea está clara xa que moitos dos campos laborais que hoxe en día están nas mans dunha variada gama de profesionais (estudios de impacto ambiental, ordenación do territo-



rio, ámbito do turismo, SIX...) coa adecuada preparación, poden pasar a formar parte das saídas laborais do xeógrafo. Cabe a posibilidade de que a equivalencia xeografía-ensino (deixando á parte un gran elenco de profesións ocupadas por xeógrafos e para as que o título de licenciado en Xeografía non ten utilidade ningunha) estea tocando ó seu fin.

As comunicacións non foron moitas. Na primeira reflexionouse sobre a formación do profesorado, isto é, o chamado curso de adaptación pedagóxica. Como non podía ser doutra forma, chegouse á conclusión de que tal formación non é a máis adecuada e cómpre reformar profundamente o CAP.

Na segunda comunicación amosouse unha experiencia didáctica desenvolvida polo alumnado dos institutos de

Viveiro e de San Cibrán. Eles estudiaaron, no ámbito da Mariña lucense, o control exercido polo Servicio Nacional do Trigo sobre a produción cerealeira entre os anos 1937 e 1971.

Na derradeira comunicación, o autor anunciou os dous piares sobre os que, ó seu criterio, se debería basea-lo ensino da xeografía no século XXI. Por unha banda, a xeografía debería ser un saber útil que lle permitise ó alumnado integrarse na vida; por outra, debería ter como recurso fundamental para a súa aprendizaxe o medio próximo.

Os obradoiros desenvolvéronse como foros de participación onde os docentes puidemos poñer en común os problemas, as ideas, os recursos e as estratexias que empregamos na práctica cotiá do ensino da xeografía.

Os tres días de traballo reflectiron que o mundo da xeografía está mudando, que se abren novas posibilidades para os xeógrafos pero que tamén queda moito por facer. Por outra parte, nas xornadas en xeral e na mesa redonda final en particular, quedou ben claro que cómpre incrementar, ou por mellor dicir iniciar, a colaboración entre os docentes de secundaria e os de universidade, relanza-la Sociedade Galega de Xeografía e repeti-la experiencia da reunión mediante a celebración dun segundo Congreso de Ensinantes de Xeografía.

FRANCISCO ANTONIO PÉREZ OTERO
PROFESOR DE SECUNDARIA

PROFUNDANDO NAS FOLGAS DO 62

RUBÉN VEGA GARCÍA

A Fundación Juan Muñiz Zapico organizou un congreso, na semana do 8 ó 12 de xullo pasado, baixo o título «El camino que marcaba Asturias. Las huelgas de 1962 en España y su repercusión internacional». A actividade enmarcouse no ciclo que se vén desenvolvendo ó longo deste ano con motivo do corenta aniversario daquel movemento de folgas que, desde o seu epicentro nas concas mineiras asturianas, se estendeu por boa parte da xeografía española sacudindo as estruturas do réxime franquista.

Cuberta a investigación acerca das folgas no ámbito asturiano —que veu a luz o pasado mes de abril coa publicación do libro *Las huelgas de 1962 en Asturias*—, tratábase agora de completa-la tarefa examinando o alcance daqueles acontecementos alén de Pajares, de modo que se facilite unha visión máis cabal da súa transcendencia e dimensións. Con este fin reuníronse —no marco dun curso organizado en colaboración coa Universidade de Oviedo ó que asistiron máis de medio centenar de estudantes— unha vintena de historiadores procedentes de trece comunidades autónomas, de Francia, Alemaña e Hungría. As sesións, desenvolvidas no Museo do Ferrocarril de Xixón e na Casa La Buelga de Langreo, permitíronlles a especialistas nos temas do movemento obreiro e a historia social do período franquista poñer en común os resultados das súas respectivas investigacións e debater



de modo fructífero sobre diversos aspectos.

A historiografía relativa á dictadura franquista contará a partir de agora cunha peza máis sobre a que construí-la síntese, en especial para aqueles que non comparten a par-

cialidade que tomou a historia oficial, cada vez máis amnésica no referente ó movemento obreiro e o seu papel na recuperación das liberdades democráticas.

Ó longo de cinco xornadas, os autores trataron as respostas provo-

cadras por aqueles acontecementos nos medios intelectuais e artísticos, as reaccións nos foros internacionais (chancelerías, OIT, sindicalismo, medios políticos e opinión pública), as tensións provocadas nas relacións entre o réxime e a Igrexa católica, a incorporación de novas xeracións á militancia antifranquista, a incidencia e estratexias das distintas forzas de oposición tanto no interior como no exilio, o desenvolvemento das Comisións Obreiras, o papel de referencia inescusable desempeñado naqueles anos polo movemento obreiro asturiano, a batalla librada entorno á información e a propaganda, a singularidade das comunidades mineiras... En particular, mereceron atención e xeraron un enriquecedor debate as consecuencias daquelas folgas no medio e longo prazo, a súa caracterización como movemento aínda ligado ás herdanzas dos anos trinta («última folga da República») ou como expoñente acabado do novo movemento obreiro, os efectos xurdidos sobre a pretensión formulada polo franquismo de establecer negociacións co Mercado Común, a relevancia da referencia asturiana como revulsivo que desencadea a conflictividade ou a primacía dos motivos específicos de descontento en cada caso particular, así como o valor (xeralmente mal apreciado) da «Pirenaica», non xa como factor de mobilización, senón como fonte para o coñecemento histórico da época.

RUBÉN VEGA GARCÍA

DIRECTOR DA FUNDACIÓN
JUAN MUÑOZ ZAPICO
UNIVERSIDADE DE OVIEDO



Jaime Herrero. Cartel

Pero o programa de actividades quixo afastarse do illamento propio das reunións académicas, por iso incluíu tamén o contacto cos protagonistas, a visita ós escenarios e a busca dunha vertente divulgativa que en absoluto vén a representar mingua do rigor científico. En consecuencia, procurouse a visita de alumnos e historiadores ás instalacións do pozo Nicolasa, La Camocha, o arquivo da minería sito no Pozo Fondón e no Museo da Minería. Pola súa parte, as casas da cul-

tura de Mieres e Sama de Langreo e o Museo do Ferrocarril acolleron, en sesións abertas ó público, unha ducia de protagonistas (asturianos ou chegados de Madrid, o País Vasco, Sevilla e París). Eduardo Saborido, Nicolás Redondo, Ramón Chao e Víctor Díaz Cardiel intercálaronse cos asturianos Constantino Alonso, Severino Arias, Jesús Naves, Avelino Pérez, Anita Sirgo e Vicente Gutiérrez Solís para relataren as súas vivencias e lembranzas daquela primavera de 1962.

A GUERRA CIVIL ESPAÑOLA E A POSGUERRA NO NORTE DE PORTUGAL

(A PROPÓSITO DUNHA CONFERENCIA
DE JOSÉ DIAS BAPTISTA EN OURENSE)

DAVID SIMÓN LORDA

As investigacións e traballos acerca da Guerra Civil española veñen tendo presenza constante no veciño Portugal nos últimos anos. Exemplos disto poden se-lo libro de José Viale Moutinho, *No pasarán; Cenas e cenários da guerra civil de Espanha*, un éxito de vendas e con boa acollida na crítica, ou a superproducción de trece episodios da televisión pública de Portugal RTP do ano 2000 titulada *A raia dos medos*.

Durante a guerra, a censura non permitiu en Portugal a difusión de información que non servise os propósitos de Salazar; a información veraz a penas circulou máis que a través dos dramas dos refuxiados, dos fuxidos. No norte de Portugal, a zona de Barroso-Montalegre e de Vinhais, comarcas raio-tas coa provincia de Ourense, convertéronse en área de refuxio dos perseguidos, exiliados e guerrilleiros.

En decembro de 2002, en plena marea negra e coa solidariedade tan presente en Galicia nestes días, veu dar unha conferencia en Ourense o profesor José Dias Baptista. Este etnógrafo, historiador local e



Xaime Quessada. Cartel.

experto na Guerra Civil e a posguerra na zona de Montalegre (Portugal), falounos doutros tempos negros, os da «longa noite de pedra», pero que tamén foron tempos de solidariedade cos «fuxidos» trala raia de Portugal naqueles terribles anos. O título da conferencia foi «O Cambedo 1946: solidariedade galego portuguesa silenciada», e deuse no Departamento de Portugués da Escola Oficial de

Idiomas de Ourense, promotor do acto.

O asedio e bombardeo do Cambedo (Portugal), aldea raiana refuxio de guerrilleiros antifranquistas galegos, levárono a cabo en decembro de 1946 as forzas coligadas da Falange de Verín, a Garda Civil española, a Garda Nacional Republicana portuguesa, a policía política e a Garda Fiscal.

Días Baptista leva anos dedicado a estudia-la historia e as tradicións da comarca de Montalegre e de Barroso e ten publicados varios libros acerca destes temas. O tema da Guerra Civil española e a proxección que tivo sobre as xentes da súa comarca é outro dos aspectos que atraeu e interesou desde neno a este barrosán. A poboación de Vila da Ponte, onde naceu o conferenciante, foi unha das vilas que máis galegos albergou. Alí vivía tamén o padre Baptista, quen acubillou e protexeu da policía portuguesa numerosos refuxiados galegos, gracias ó seu prestixio e ás súas boas relacións con autoridades policiais de Chaves. Deste sacerdote hai numerosas referencias en diferentes fontes a ámbolos lados

da fronteira, como no libro de Fernández Alves (1987, *O Barroso e a Guerra Civil española*) ou, xa deste lado da raia, Luis García Mañá tamén o cita nalgún dos seus traballos sobre o Couto Mixto. Na casa da familia Dias Baptista estiveron catro ourensáns, entre eles o mestre Cesáreo Gómez Villa (que foi logo alcalde da Merca), David Rodríguez (logo taxista de Rándin), Xosé Salgueiro (de Guntumil) e Antonio Valencia (Ganade-Xinzo). No coloquio relatou numerosas anécdotas da complicidade e solidariedade dos Barrosáns para cos fuxidos e os guerrilleiros españois que estiveron pola zona. Juan Salgado Ribero (de Medeiros, preto de Cualedro) era o fuxido máis famoso da zona portuguesa da raia. Del cóntanse aínda impresionantes peripecias que levaron os labregos a admiralo e respectalo. A Cámara Municipal de Montalegre homenaxeou este guerrilleiro en 1997 con motivo do cincuentenario da súa morte no bombardeo do Cambedo.

Na conferencia de Dias Baptista tamén houbo palabras de lembranza para o mestre Manuel Barros, quen desde Tourem (Portugal), localidade situada en pleno Couto Mixto, facilitou a fuxida de numerosos galegos cara a Portugal e Hispanoamérica. No verán de 2000, a Universidade de Vigo rendeu-lle en Tourem unha homenaxe ó profesor Barros. Pola súa rede de

evasión pasaron numerosos galegos como o médico ourensán Antonio Fernández Carnicero no seu exilio —con destino final en México— ou o pintor Colmeiro.

Relatouse, entre outros, o caso dun médico galego «fuxido», delatado á PIDE e asasinado na raia de Montalegre, preto de Zebral. Tras percorrer aldeas buscando testemuños para coñecer-la identidade do médico, o investigador trasmontano topou aínda hoxe por hoxe con moitos silencios ó falar dese episodio, o cal foi seguido dunha acción punitiva pola guerrilla na aldea de Negrões con resultado de varios mortos. Na magnífica novela *O Lobo guerrilleiro* (1996) do médico e escritor (tamén de Montalegre-Barroso) Bento da Cruz, aparece este médico descoñecido caracterizado como Santiago Vila-verde, «médico de Vilalba», «socialista», resistente antifranquista e enlace da guerrilla na zona de Montalegre-Portugal. A morte e enterramento nun lugar descoñecido (xa que é posterior a 1945, velaquí temos un caso para ser investigado polo grupo de traballo da ONU sobre desaparicións forzadas) deste médico anónimo desatou unha serie de accións de represalia dos maquis da zona e contragolpes das forzas militares e a Garda Civil. Culminou a historia co bombardeo de Cambedo-Portugal.

Á parte dos xa citados, achegáronse a investigar sobre este tema de Cambedo: Méndez Ferrín, Dionisio Pereira, Xerardo Dasairas, García Reigosa, Hartmut Heine, Xosé Lois Santiago, Paula Godinho, Viale Moutinho e moitos outros. Aínda que xa se publicaron novelas, ensaios, poesías e algún documental, quedan aínda numero-

sos puntos escuros neste episodio da posguerra. O suceso do Cambedo en decembro de 1946 ten lugar nunha etapa crucial da loita antifranquista, xa que marca o inicio na zona de Galicia do período 1947-1949. Nestes anos, denominados por Secundino Serrano como o «trienio negro» da guerrilla, todo o aparato represor e da xustiza da ditadura de Franco se lanza a desarticula-las partidas e os apoios da guerrilla con enorme ferocidade e crueldade. Hai traballos en marcha que tal vez aclararán algo máis algunhas das zonas de sombra do investigado ata agora. Citaremos a xeito de exemplo o traballo (no prelo) de Xosé Rodríguez Cruz, quen recolleu as lembranzas e a biografía de Cándido Losada, guerrilleiro da zona da Gudiña-A Mezquita, que de seguro achega novos datos xa que se movía dun lado para outro da raia portuguesa desde Montalegre ata a zona de Travancas-Pinheiro Novo-Vinhais e mantiña numerosos contactos en Portugal para poder aprovisionar de armas a guerrilla.

Rematamos cunha frase que Dias Baptista pronunciou ó final do coloquio en Ourense: «É unha honra vir hoxe aquí para falar deses revolucionarios. Foron auténticos heroes e defensores da liberdade dos que Galicia deba oufanarse. Nós non os esquecemos e espero que vostedes tampouco».

DAVID SIMÓN LORDA

PSIQUIATRA E HISTORIADOR
DA MEDICINA

CULTIVANDO A SOLIDARIEDADE XUVENIL

MOVIMIENTO CULTURAL CRISTIANO

Un ano máis, o Movemento Cultural Cristiano (MCC) puxo en marcha o Campamento Circulante. Nel, mozos de todo o Estado citáronse en Galicia a segunda quincena de xullo para afondaren nas causas do paro e a fame no mundo.

O MCC, asociación de laicos recoñecida pola Igrexa, e Camino Juvenil Solidario (CJS), a súa organización específica para a xuventude, parten do recoñecemento dun mundo en guerra onde máis do oitenta por cento da humanidade é extremadamente pobre; onde hai catrocentos millóns de nenos escravos, mil cincocentos millóns de parados... Espertar a esta realidade failles desexar ser mozos e adultos alerta a cadora, os trescentos sesenta e cinco días do ano, porque non están dispostos a que o imperialismo salvaxe os afoque nesta cultura de morte. Por iso queren que as súas vacacións sexan tamén loita pola xustiza, sen descanso.

Teñen claro que esta tarefa vai ter unha forma moi concreta, un estilo claro: o da solidariedade. Pero non a solidariedade «lava conciencias» que promove o sistema, senón a de Xesucristo, que deu a vida por todos nós e que nos marcou cómo debemos lanzarnos á loita. Lembran que a solidariedade así entendida non é da-lo que lles sobra, senón dar ata o necesario para vivir.


Neste campamento concretaron todo iso da seguinte maneira:

- * Respondendo de forma asociada, en grupo, na cuadrilla de amigos que irían cultivando a medida que pasara o campamento.
- * Traballando con medios pobres porque queren vivir a solidariedade en comunión cos empobrecidos, que dende a precariedade de recursos están loitando arreo e con entusiasmo no mundo.
- * Recuperando a memoria histórica. Nos diálogos coa xente, nos carteis, nas súas accións, debían ter presentes os militantes que xogaron a vida na procura de xustiza e a súa historia, para que ninguén poida dicir-lles que non se pode facer ren.
- * Autoxestionándose, sen aceptaren subvencións de poder ningún.
- * Cunha resposta non violenta, que non quere dicir pasiva. Trátase dunha acción continua, planificada e organizada, creativa e efectiva, coa que se enfrontan a este sistema cara a cara, sen medo e construíndo paz. ¡A VIOLENCIA SÓ XERA VIOLENCIA!

Con estas claves percorreron Santiago, A Coruña, Ferrol, Vilagarcía, Vigo, Lourenzá e Viveiro para remataren nun encontro nacional na casa de espiritualidade EMAÚS da serra madrileña de Guadarrama.

Do 15 ó 31 de xullo gozaron dun cine-forum; visitaron El Ideal Gallego e encabezaron varios coloquios e talleres de prensa; compartiron a lectura de *Fahrenheit 451*; percorreron Bazán e coñeceron a Manuel Amor e a súa experiencia de loita solidaria; estiveron no castelo de san Felipe guiados por Memoria Histórica Democrática; gracias ás mariscadoras e á Plataforma de Defensa da Ría, descubriron o valor do asociacionismo e os atrancos que a este pon a Xunta de Galicia; achegáronse á realidade da pesca da man de Roberto Ucha e Ramiro; salpicáronse de curiosidades na lonxa do Berbés; non deixaron de lado a terra, pois contaron con Isabel (Sindicato Labrego Galego), que os levou ó mundo dos transxénicos, pesticidas, herbicidas, sulfatos, políticas comunitarias, monocultivos, fame e roubo no Sur, inmigración, explotación...; dialogaron coas monxas de clausura de Valdeflores, que loitan dun xeito que moitos nunca concibiran; abriron os ollos á historia da clandestinidade nos medios de comunicación a través da Fundación 10 de Marzo (CC.OO.); tamén Cruz Negra Anarquista sacou á luz a vergonza da explotación laboral dos presos.

Non esqueceron que estaban en terras que moitos non pisaran antes, polo que non faltaron as visitas e as explicacións culturais



Armando Cardona Torrández. Cartel teatro (fragmento).

sobre a historia, o patrimonio e a militancia das cidades polas que foron deixando pegada.

Agora pode parecelo pero, segundo o dito anteriormente, non se pode orientar toda a formación á mocidade. O aprendido no contexto no que se atopaban impulsábaos con forza á difusión de cultura solidaria. E así o fixeron, pois contaron cun instrumento ideal para esa tarefa: unha revista pobre, feita con traballo de balde, sen subvencións nin publicidade, para amosar que é posible un medio de comunicación diferente, unha revista solidaria cos empobrecidos do planeta, a revista *Autogestión*. Con ela saíron ás rúas, ás praias, ás

MOVIMIENTO CULTURAL CRISTIANO

festas e romarías, xa que todos, coma eles, coma ti e coma min, necesitan coñecer as causas dos grandes problemas, as experiencias de revolución non violenta, a relación que existe co noso estilo de vida, a esperanza de cambio; así que, aínda que estiveran presentes, o medo e a vergonza non puideron con eles.

Difundiron libros da editorial Voz de los sin Voz; pegaron carteis e adhesivos; escribiron cartas ó director; representaron mimos, *performances*, esculturas corporais; viviron unha nova forma de estar na rúa, promovendo diálogos cos viandantes, loitando contra o cansazo e o desánimo; ambientaron con exposicións, pancartas, megafonía; romperon a indiferencia co megáfono baixo o grito ¡CONTRA A MANIPULACIÓN DE CONCIENCIA! ¡CULTURA SOLIDARIA! Usaron a súa forza colectiva para denunciaren os grandes problemas e as súas causas, e fixérono en ambientes que non

eran os mellores, que non eran os máis fáciles, que zumegaban consumo, evasión, comodidade, preguiza, cegueira, rexeitamento...

Defenderon que PARO, PRECARIEDAD LABORAL e FAME SON criaturas que, malia teren distintos apelidos, son fillas dun mesmo pai: o imperialismo transnacional. Desta forma descubrieron que as mesmas causas que provocan o paro no Norte, dan lugar á fame e á morte planificada de millóns de persoas no Sur. Falan dun Norte e dun Sur non xeográficos, senón conceptuais, pois ambos se espallan por todo o planeta.

Como di a canción: «Te han sitiado corazón, y esperan tu renuncia». Pero *Autogestión*, os loitadores, os militantes pola xustiza, a Voz de los sin Voz van chegando a novos ambientes e, de seguro, a novos corazóns libres. Os únicos vencidos son os que non loitan.

O EXTERMINIO DOS VENCIDOS


JAVIER TÉBAR HURTADO

Os días 21, 22 e 23 de outubro tivo lugar o Congreso Internacional sobre os Campos de Concentración e o Mundo Penitenciario en España durante a Guerra Civil e o Franquismo. Esta reunión internacional organizárona o Museu d'Història de Catalunya e mailo Centre d'Estudis sobre les Èpoques Franquista i Democràtica (CEFID) da Universitat Autònoma de Barcelona. Contou coa participación de máis de duacentas persoas, entre investigadores e testemuñas. Presentáronse un total de sesenta e oito comunicacións recollidas nas actas previas, que está previsto que constitúan finalmente unha publicación na que se incluírán os resultados das diferentes sesións de debate. Este congreso, e é unha cuestión que cabe resaltar, recibiu unha ampla cobertura informativa polos diferentes medios de comunicación.

Depuracións laborais, procesamentos xudiciais perante o Tribunal de Responsabilidades Políticas, actuación dos tribunais militares, campos de concentración, cárceres, batallóns de traballo, periplos de exilio e éxodo republicano, execucións, desaparición dos fillos das presas políticas... Estas foron algunhas das cuestións que se formularon e recibiron unha análise e interpretación nas abundantes comunicacións presentadas. Moitas destas mesmas cuestións son as que compoñen a bóveda do que Paul Preston definiu como un extraordinario «investimento en terror» por

parte do franquismo. Unha lectura das comunicacións denota, para o noso entender, ese paso *da cuantificación á cualificación da represión*, no que semella estarmos despois dos primeiros estudos sobre os aspectos represivos do réxime.

Este é o custo humano da represión exercida por esa variante do fenómeno do fascismo europeo que se implantou de vez en toda España trala guerra. Sen embargo, cómpre superar estas realidades cruentas para que a súa contextualización histórica sitúe a *misión* dun réxime como o franquista, que non foi outra que o freo e acernadura do proceso de cambios sociais e políticos que comezaban a consolidarse nos anos trinta do pasado século XX en España. No congreso —que posiblemente, e así mesmo o considerarían os organizadores, debería ter continuidade noutras edicións— tamén houbo algúns relatores e comunicantes que formularon en certos momentos unha crítica daquelas interpretacións sobre as orixes do franquismo que ben semellaban vinculalo a causas locais, a especificidades de mentalidades *nacionais* ou particularidades históricas. Porque o debate sobre a natureza do franquismo, avalado polo traballo de investigación, seguramente sinala claras diferencias co resto de réximes fascistas que chegaron ó poder na Europa de entre guerras, pero tamén amosa similitudes que non poden considerarse anecdóticas.



Xaime Quessada. Cartel.

Entre as consecuencias dese «investimento en terror», da dirección e a forma en que se levou a cabo, fai ó caso lembrar agora que foi a partir de 1940, con urxentes problemas para o réxime ante a masificación dos cárceres, cando se iniciou a concesión de sucesivos indultos, nunca amnistías, especialmente a partir de 1943, cando as potencias do Eixe declinaban e era evidente unha victoria das forzas aliadas. E este feito remite á continuidade que o franquismo lle conferiu á súa *Victoria*, como unha peza fundamental da súa identidade sobre a que construíría unha Comunidade Nacional como pretendida esencia de España. «La Paz no es un reposo cómodo y cobarde frente al enemigo», dicía a consigna franquista na *liturxia* informativa do «parte diario» emitido por RNE.

Sen embargo, fíxoo baseándose nunha sociedade dividida, aquela

que compoñían dun lado os «adictos-vencedores» e, doutro, os «venidos-desafectos». É certo, si, non era negro sobre branco unha tensión entre dous extremos; entre ambos emerxeu un amplo espacio intermedio onde se situarían aqueles cualificados polo mesmo réxime como os «indiferentes», ós que o franquismo dirixiu un discurso de convencemento sobre o que apousenta-lo consenso social e político. Emporiso, o abano de actitudes sociais e políticas respecto ó «Novo Estado» non se pode clasificar de forma fixa nin simplificadora ó longo dun réxime de tan longa duración.

A dictadura non promulgará amnistía ningunha en trinta anos, só promulgará unha serie de gracias parciais e limitadas ós delitos de dereito común, xa que as autoridades non estiveron dispostas a recoñece-la existencia de presos políticos durante anos. Pero resulta que no caso das presas políticas, tal como sinala Ricard Vinyes, xamais as recoñeceron como tales. Por outro lado, cómpre non esquecer que ata o 31 de marzo de 1969 non se estableceu a prescrición dos considerados delitos cometidos durante a Guerra Civil.

En calquera caso, xunta as diferencias en canto ó tratamento e interpretacións sobre a natureza da violencia política, e dalgúns aspectos precisos sobre os sistemas *concentracionarios* e o universo penitenciario, produciuse unanimidade respecto ó balance sobre as fontes. Unha coincidencia en sinala-lo

avance no acceso e utilización de novas fontes —non sen reservas nalgúns casos, como a dos arquivos eclesiásticos para este período— tanto escritas como orais, oficiais como particulares, destacando entre elas as conservadas nos arquivos militares. E foi precisamente esta cuestión tratada no congreso, xunta un primeiro balance de propostas e liñas de investigación historiográficas, a que en gran medida conduciu os asistentes ó congreso a unha denuncia respecto á xestión da memoria histórica que desde a transición política en España levan realizado as autoridades políticas. Por iso se fixo unha declaración pública, presentada ós diferentes medios de comunicación, e que reproducimos para a súa maior difusión. O texto é o seguinte:

«Os avances na investigación histórica que se constataron neste Congreso abren novos espacios de coñecemento das atrocidades cometidas durante a dictadura do xeneral Franco en tódalas ordes da vida dos cidadáns. Esta realidade contrasta co mantemento de símbolos da dictadura en edificios públicos (civís, militares e eclesiásticos) e de nomes de persoas destacadas na represión franquista, en rúas, monumentos, municipios e institucións privadas de toda España. Con esta actitude, os gobernos das diferentes administracións do Estado toleran a exaltación pública duns valores fascistas que atentan contra a dignidade democrática do país en xeral e, en particular, das persoas que sufriron os seus efectos. Resulta especialmente inaceptable que o Estado democrático tolere a

existencia dunha fundación que leva o nome do xeneral Francisco Franco e que nos seus estatutos explicita o obxectivo de lexítima-lo alzamento militar do 18 de xullo de 1936. A Fundación Francisco Franco non fai unha interpretación da historia, senón apoloxía política dunha dictadura cruenta, e benefíciase do diñeiro público para manter secuestrados os documentos dun xefe do Estado. Por todos estes motivos, o Congreso, en sesión plenaria, solicita ás autoridades locais, autonómicas e do Estado:

- 1º) *Que sexa tipificada como delicto a apoloxía da dictadura franquista.*
- 2º) *A retirada inmediata, tanto da vía pública como das diferentes institucións, de tódolos nomes e símbolos da dictadura.*
- 3º) *Retira-la subvención pública outorgada á Fundación Francisco Franco e obrigar esta institución a entrega-lo seu fondo documental ós arquivos públicos, para o libre acceso dos investigadores.*
- 4º) *A resolución definitiva do contencioso do Arquivo de Salamanca, de forma que permita superar, neste ámbito, as tráxicas consecuencias da guerra civil.*
- 5º) *A constitución de Memorias Democráticas que permitan recuperar do esquecemento a tráxica experiencia da dictadura e as súas consecuencias, así como a memoria dos miles de homes e mulleres que loitaron pola liberdade, para que desta forma se incorporen ó coñecemento común das futuras xeracións.»*

JAVIER TÉBAR HURTADO

DIRECTOR DA FUNDACIÓ
CIPRIANO GARCÍA
ARXIU HISTÒRIC DE CC.OO.
DE CATALUNYA

V XORNADAS CATOIRA NA HISTORIA

A GUERRILLA ANTIFRANQUISTA EN GALICIA

VÍCTOR MANUEL SANTIDRIÁN ARIAS

A quinta edición das xornadas Catoira na Historia, organizadas polo Concello de Catoira coa colaboración do Consello da Cultura Galega, a Universidade de Santiago de Compostela e a Fundación 10 de Marzo, desenvolveuse do 31 de xullo ó 2 de agosto de 2002 no salón de actos da pequena localidade pontevedresa.

Cómpre salientar este acontecemento por varias razóns. En primeiro lugar porque a elección dun tema como é o da guerrilla antifranquista —non sempre visto como un asunto politicamente correcto— supón un acto de valentía por parte dos organizadores. En segundo lugar, porque a estrutura das xornadas mantivo un envexable equilibrio no deseño das sesións, nas que participaron historiadores, novelistas, críticos literarios, xornalistas, cineastas e protagonistas. En terceiro lugar, porque as xornadas mesturaron tanto o desenvolvemento de relatorios, como sesións de debate con ampla intervención do público, un recital poético dirixido por Xosé Ramón Fandiño, a presentación dun libro —*A guerrilla galega antifranquista e os guerrilleiros na voz dos poetas*, do profesor Xesús Alonso Montero—, ou a proxección do documental inédito *Los fusilamientos de Gayoso y Seoane*, doazón de Enrique Lister á Fundación 10 de Marzo.

Finalmente, os organizadores deste evento merecen un aplauso porque non é doado presentar un elenco de especialistas tan completo: nas xornadas de Catoira estiveron presentes case tódalas persoas que investigan ou investigaron sobre a guerrilla en Galicia. É realmente un luxo poder gozar nun mesmo acto das ensinanzas e testemuños de Xesús Alonso Montero, Justo Beramendi, Gonzalo Bouza-Brey, Alfonso Cervera, Camilo de Dios, José María Dobarro, Raimundo García Domínguez *Borobó*, Josefina González Cudeiro, Luis Lamela, Bernardo Máiz, Francisco Martínez López *Quico*, Manuel Pazos, Carmen Ponte, Carlos Reigosa, Ángel Rodríguez Gallardo, Manuel Zapico...

Se algunha suxestión podemos facer ós organizadores é que cremos que era necesaria a presenza dun especialista que incardinase o fenómeno da guerrilla galega no contexto español e —¿por que non?— no ámbito das loitas antifascistas da Europa do momento. Tamén sería desexable un deseño que permitise máis tempo para as intervencións do público e o debate, sempiterna aspiración neste tipo de actos que nunca se dá satisfeito. En derradeiro lugar, e dada a calidade das intervencións, animámo-los organizadores das xornadas a que publiquen as actas.



Así pois, unha vez máis, os nosos parabéns para o Concello de Catoira, representado polo seu alcalde, Alberto García, a súa concelleira de Cultura, Margarita Lobato, e ós funcionarios que sempre estiveron sempre detrás do evento, especialmente a Marisa Castiñeiras Isorna. Felicitacións que facemos extensivas a Xesús Alonso Montero e Gonzalo Bouza-Brey, director e coordinador respectivamente.

VÍCTOR MANUEL SANTIDRIÁN ARIAS
FUNDACIÓN 10 DE MARZO
vsantidrian@edu.xunta.es

ACTIVIDADES E PROXECTOS DA FUNDACIÓN 10 DE MARZO

JOSÉ GÓMEZ ALÉN

Ó

longo dos últimos meses viron a luz os proxectos de actividades anunciados no anterior número de DEZ·EME. Polo que respecta ó Arquivo Histórico, foi visitado por un colectivo de estudantes universitarios de diferentes lugares de España, interesados en coñecer unha parte dos nosos fondos hemerográficos, especialmente os editados de forma clandestina durante o franquismo. A visita rematou cunha conferencia sobre a importancia histórica e historiográfica da mencionada prensa e puideron examinar directamente os instrumentos editoriais desta: vietnamitas multicopistas, planos de localización dos lugares de impresión e demais materiais.

Polo que se refire ás novas editoriais da Fundación, podemos indicar que xa está ó dispor dos historiadores, investigadores e interesados en xeral a edición facsímile do xornal das Comisións Obreiras de Lugo, *Democracia Obreira*. Este traballo presentouse no Concello de Lugo e contou coa participación do seu alcalde, Clemente López Orozco.

Así mesmo, editouse o libro de David Simón Lorda, *Médicos ourensáns represaliados no franquismo. Historias da «longa noite de pedra»*. Este estudo inclúe unha presentación de Manuel Peña Rey e un prólogo de Carlos Castilla del Pino.

Tocante ás exposicións, informamos de que xa se presentou a nova mostra *Imaxe gráfica da II República*, que fai un percorrido por aqueles aspectos máis significativos da etapa republicana. Na mostra utilízanse diferentes textos, carteis e viñetas dos

artistas gráficos da época. Consta de dezanove paneis e vai acompañada dunha unidade didáctica. Coma as restantes exposicións da Fundación, está xa a disposición dos centros educativos que a soliciten durante este curso.

A Fundación participou tamén no curso de verán v Xornadas Catoira na Historia, organizado polo Concello de Catoira e que contou coa colaboración do Consello da Cultura Galega e a Universidade de Santiago de Compostela. Versou desta volta sobre *A Guerrilla antifranquista en Galicia*. A Fundación 10 de Marzo presentou un relatorio sobre o movemento guerrilleiro e a súa importancia.

No mes de novembro, a Fundación organizou en colaboración coa Federación do Ensino de CC.OO. de Galicia o curso de formación *Historia e fontes orais*, orientado a profesores e investigadores; contou coa participación de especialistas en historia oral de Asturias, Barcelona e Galicia.

Por outra banda, estase a desenvolver un ciclo de conferencias producido pola Fundación 10 de Marzo e o Ateneo de Pontevedra sobre a recuperación e xestión da memoria histórica e que conta coa participación de historiadores, escritores e protagonistas das diferentes etapas do período franquista. Nunha primeira sesión participaron o profesor emérito da Universidade de Santiago de Compostela, Xesús Alonso Montero; o historiador Víctor Manuel Santidrián Arias e o ex guerrilleiro Camilo de Dios. Nos próximos meses intervirán: Rodolfo Serrano, Xosé Luís Barreiro, Víc-

tor Fernández Freixanes, Sisinio Pérez Garzón, Ramón López Facal, Anxo Guerreiro, José Gómez Alén, Manuel Amor Deus, Fernando González Laxe, Vicente Álvarez Areces, Santiago Carrillo, Miguel Herrero de Miñón e Ian Gibson.

A Fundación 10 de Marzo tamén colaborou coa Fundación Juan Muñiz Zapico nalgunhas das actividades do amplo programa que se desenvolveu en Asturias con motivo do corenta aniversario das folgas da minería asturiana en 1962. Esta colaboración no congreso celebrado na Universidade de Oviedo sobre «Las huelgas de 1962 en España y su repercusión internacional» concreouse en dúas novas investigacións realizadas neste tempo sobre as folgas de 1962 en Galicia e sobre a importancia de Radio España Independiente na batalla informativa en torno a aquel movemento de folga. Ámbolos traballos fan parte dun libro recentemente editado en Asturias. A Fundación participou ademais na presentación da exposición pictórica en Xixón e mais en Oviedo e que recollía unha selección de cen obras que as mencionadas folgas inspiraron a algúns dos máis importantes artistas españois e entre os que se atopan: Picasso, Ibarrola, Arroyo, Úrculo, Ortega, Zamorano, Herrero, Calvo, Vázquez de Sola e outros.

Como xa é habitual, a Fundación 10 de Marzo participou na reunión ordinaria da Rede de Arquivos e Fundacións da Confederación Sindical de CC.OO. para preparar as actividades da Rede que verán a luz durante o ano 2003. Unha delas, a exposición de carteis, xa mencionada en números anteriores desta revista, serve de base para a proposta gráfica do presente número de DEZ·EME. Entre os proxectos de traballo máis salientables da Rede de Arquivos está a organización do V Encontro de Investigadores do Franquismo. É este un dos máis importantes congresos que se celebran en España sobre o franquismo e que cada tres anos ten como obxectivo facer unha posta ó día das investigacións sobre os diferentes aspectos desa etapa histórica. A organiza-

ción desta edición é responsabilidade da Fundación 1º de Mayo; participan ademais as restantes fundacións que forman esta rede e conta coa colaboración da Universidade de Castela-A Mancha que a acollerá no seu campus no mes de novembro de 2003. No próximo número de DEZ·EME informarase con máis detalle deste evento.

Entre os próximos proxectos que comezarán a desenvolverse na Fundación hai que destacar un traballo de investigación en historia oral que dará os seus primeiros pasos e resultados durante este curso e que ten por obxectivo reconstruír unha parte importante da historia social da Galicia do século XX. O proxecto está aberto a tódolos especialistas e interesados, que deberán poñerse en contacto coa Fundación a través dos seus enderezos.

Tamén o capítulo de exposicións arreceberá ó longo de 2003, xa que o colectivo de profesores do ensino secundario que traballan neste eido dentro da Fundación están a deseñar dous novos proxectos que no seu momento estarán a disposición dos centros de ensino e das institucións que o soliciten. Do seu desenvolvemento manteremos informados os nosos lectores.

Por último, no apartado de investigacións e publicacións informamos tamén de que se está traballando en novos proxectos que esperamos poidan quedar rematados ó final do ano 2003.

JOSÉ GÓMEZ ALÉN

DIRECTOR DA FUNDACIÓN
10 DE MARZO
jalen@wanadoo.es

ÁNGEL LLORENTE HERNÁNDEZ

Profesor de ensino secundario e doutor en Historia da Arte pola Universidade Complutense de Madrid. Participou en numerosas actividades e experiencias artísticas e como conferenciante en diversos ámbitos académicos. Ten publicados artigos e estudos sobre o Equipo 57 e Arte normativo español. É autor do libro *Arte e ideología en el franquismo (1936-1951)*.

MIGUEL VÁZQUEZ FREIRE

Naceu en Corcubión. É profesor de Filosofía no IES Eduardo Pondal de Santiago de Compostela. Membro de Nova Escola Galega e do Consello de Redacción da *Revista Galega de Educación*. Forma parte do grupo Enxergo de Didáctica da Filosofía. Co-director da colección Merlín (Edicións Xerais de Galicia) de literatura infantil e da revista *Golfiño* de banda deseñada, actualmente editada por La Voz de Galicia. É autor de varias obras para o ensino da filosofía, así como de novela e teatro especialmente no campo da literatura infantil e xuvenil.

VÍCTOR FERNÁNDEZ FREIXANES

Doutor en Filoloxía Románica. Profesor da Facultade de Ciencias da Información da Universidade de Santiago de Compostela. Director de Galaxia Editorial. Membro da Real Academia Galega. Xornalista. Colaborador literario de *La Voz de Galicia*. Os seus primeiros libros foron escritos dende o xornalismo: *Unha ducia de galegos* (1976), entrevistas; *Manuel González Fresco. Memorias dun fuxido* (1980), finalista do Premio Internacional de Prensa de Niza. Narrador, ten publicadas, entre outras, as obras: *O triángulo inscrito na circunferencia* (1982), Premio Blanco Amor de novela (1991), Premios da Crítica Galega e Española, *O enxoval da noiva* (1988) *Pontevedra, A cidade que perdeu o mar* (1989), *A cidade dos Césares* (1993), Premio de Narrativa Torrente Ballester, (1992).

XESÚS ALONSO MONTERO

Catedrático emérito da Universidade de Santiago de Compostela. Destacado ensaísta e conferenciante, ten realizado estudos sobre os máis importantes escritores galegos e multitude de artigos en diferentes publicacións literarias e xornalísticas. Entre os seus traballos

pódense citar: *Realismo y conciencia crítica en la literatura gallega* (1968); *Informe dramático sobre la lengua gallega* (1973); *Lingua, literatura e sociedade en Galicia* (1977); *As palabras no exilio. Biografía intelectual de Luís Seoane* (1994); *Os poetas galegos e Franco. Estudio e antoloxía* (1997); *Ensaio breve de literatura e política* (1996); ou o libro de poemas *Versos republicanos e outros versos políticos (1962-2001)* (2002). Recibiu os máis importantes premios que se conceden en Galicia polo seu labor investigador e xornalístico. É membro numerario da Real Academia Galega.

RUBÉN VEGA GARCÍA

Doutor en Historia contemporánea e profesor da Universidade de Oviedo, director da Fundación Juan Muñiz Zapico. Especialista en historia social do franquismo e a transición. Ten publicados os libros: *La corriente sindical de izquierdas. Un sindicalismo de movilización* (1991); *CC.OO. de Asturias en la transición y la democracia* (1995); *Crisis industrial y conflicto social. Gijón 1975-1995* (1998). É coautor de: *Clandestinidad, represión y lucha política. El movimiento obrero en Gijón bajo el franquismo, 1937-1962* (1998). Coordinou e é coautor de: *Hay una luz en Asturias... Las huelgas de 1962 en Asturias* (2002) e *Las huelgas de 1962 en España y su repercusión internacional* (2002).

JAVIER TÈBAR HURTADO

Licenciado en Historia Contemporánea pola Universidade Autónoma de Barcelona e director da Fundación Cipriano García-Arxiù Històric de CC.OO. de Catalunya. Especializado en historia do mundo do traballo e dos movementos sociais e máster en organización de arquivos empresariais pola Universidade Politécnica de Cataluña. Coordinador do proxecto *Biografías obreras: fuentes orales y militancia sindical (1939-1978)*. Ten publicado diferentes artigos en revistas e obras colectivas relacionados coa historia social do franquismo en Cataluña.

JOSÉ BABIANO MORA

Doutor en Historia e director do Arquivo de Historia do Traballo da Fundación 1º de Mayo. Autor de diversos estudos sobre historia do traballo,

as relacións laborais, o movemento obreiro e a emigración durante o período franquista. Entre as súas publicacións destacan: *Emigrantes, cronómetros y huelgas. Un estudio sobre el trabajo y los trabajadores durante el franquismo (Madrid, 1951-1977)* (1995); *Paternismo industrial y disciplina fabril en España (1938-1958)* (1998). Ademais, publicou, en solitario ou en colaboración, diversos estudos sobre a historia das Comisións Obreiras, a emigración, a conflictividade laboral ou o tratamento arquivístico das fontes documentais sobre a historia do movemento obreiro.

Mª DE LA SOLEDAD BARRAL AMEIGEIRAS

Licenciada en Belas Artes, na especialidade de pintura. Leva dezaioito anos dando clase de debuxo, e sete no bacharelato de artes. Durante un ano foi asesora técnica pedagóxica da Área de Educación Plástica e Visual do CEFOP de Santiago. Forma parte, desde que se implantou o novo bacharelato, do Grupo de Traballo de Debuxo Artístico e Volume para as PAAU. Actualmente é xefa de estudos no IES de Sar.

CARMEN BLANCO

Escritora e profesora de literatura galega da Universidade de Santiago no Campus de Lugo. Coordina, con Claudio Rodríguez Fer, a revista libertaria *Unión libre. Cuadernos de vida e culturas* e publicou libros como *Literatura galega da muller. Nais, damas, prostitutas e feirantas. O contradiscurso das mulleres e Mulleres e independencia*.

FRANCISCO FERNÁNDEZ BUEY

Catedrático de Filosofía moral e política e coordinador da cátedra UNESCO para estudos interculturais na Universitat Pompeu Fabra (Barcelona). Entre as publicacións que teñen que ver con isto da hexemonía: *Lenin* (Barcelona, Dopesa, 1977), *Ensayos sobre Gramsci* (Barcelona, Materiales, 1978), *Contribución a la crítica del marxismo científico* (Barcelona, Universidade de Barcelona, 1983), *Discursos para insuñmismos discretos* (Madrid, Libertarias, 1993), *Marx (sin ismos)* (Barcelona, El viejo topo, 1999), *Leyendo a Gramsci* (Barcelona, El viejo topo, 2001)

dez • eme



**Revista de Historia e Ciencias Sociais
da Fundación 10 de Marzo**

República do Salvador, 15 - 5º
15701 - Santiago de Compostela
Teléfono 981 599 765 / Fax 981 597 081
correo electrónico: f10m@galicia.ccoo.es

DÁLE UNHA OPORTUNIDADE Á MEMORIA

axúdanos a reconstruí-la historia do sindicalismo en galicia.
lega ou deposita o material* relacionado co mundo do traballo
que teñas e que poida incorporarse ó arquivo gráfico, sonoro e
visual da FUNDACIÓN 10 DE MARZO. colabora na reconstrucción da
memoria histórica

* (carteis, documentos, fotografías, libros, manifestos, panfletos, adhesivos, revistas,
vídeos, ou calquera outro material)

VIDAL / DISEÑO GRÁFICO

ARQUIVO HISTÓRICO DE CC.OO., ENTRA EN CONTACTO CONNOSCO

FUNDACIÓN 10 DE MARZO



comisións obreiras

• República do Salvador, 15 - 5ª planta • 15701 SANTIAGO DE COMPOSTELA • Telf. 981 599 765 • Fax 981 597 081 • email: f10m@galicia.es

¡NUNCA MÁIS!

Compostela, 1 de decembro de 2002

(Texto íntegro do manifesto lido por Manuel Rivas na Praza do Obradoiro)

Aquí está a dignidade, aquí está a conciencia libre, aquí está un pobo vivo, aquí está a honra de Galicia.

Si, gracias irmáns:

Nós tamén invocamos hoxe aquí a protección do Santiago Apóstolo, de Prisciliano, de Santo Andrés de Teixido, da Virxe do Carme, nai e señora da xente do mar, pero invocamos sobre todo a forza do pobo, a capacidade cívica, democrática, de nós mesmos para afrontar responsablemente e con coraxe esta situación de emerxencia, sen que se nos oculte a realidade, sen que se secuestre información, sen que se falte á dignidade pretendendo acalar as verdades cun tintinar de moedas.

Si, gracias irmáns:

Gracias a todos os que viñestes do Eo ao Miño, gracias especialmente ás familias do mar que están aquí, co peso da dor e destas noites de vixilia sobre os seus ombros, e gracias tamén moi especiais a humanidade sensible, alterta ao sufrimento da xente e da destrución da natureza, que dende todo o mundo ten enviado o seu abrazo solidario e amosa o seu noxo e horror polo que acontece no mar de Galicia. Un mar fonte de vida, un excepcional ecosistema, o máis precioso horto da creación, velaí o tedes, en permanente ameaza, convertido nun vertedoiro de venenos, machacado polo cobiza duns e o desleixo, o abandono doutros.

Convocados aquí, dunha maneira libre e unitaria, en marea cívica fronte á marea negra do Prestige e na crise e na emerxencia en que Galicia está asolagada:

Esiximos a declaración de Galicia como zona catastrófica. Trátase dun desastre de dimensións nacionais. Cómpre, pois, a inmediata dotación de recursos de todo tipo para reparar as graves consecuencias económicas sociais, medio ambientais e para a saúde provocadas por este sinistro. O que precisa Galicia non son remendos paliativos senón plans a longo prazo que contemplan o binomio tan estreitamente relacio-

nado de protección do medio ambiente e o emprego e benestar da poboación.

As institucións españolas, a Comunidade Europea e os organismos internacionais deberían contemplar tamén a existencia do que poderíamos chamar unha Débeda Histórica de Catástrofes, pois temos sufrido xa seis deste tipo e de gravísimas dimensións en trinta anos, e é unha responsabilidade a asumir polas institucións galegas o demandar esas compensacións históricas. Non só quen contamina debe pagar senón tamén quen obtivo e quen obtén beneficios, as petroleiras, deberían pagar.

Reclamamos para Galicia a posta en marcha de mecanismos de prevención que impidan que a catástrofe vaia en aumento, coa posta a disposición dilitante dos medios económicos e lóxicos para impedir a contaminación de novas zonas, a intensificación nas xa contaminadas e a limpeza e restauración medioambiental na costa.

Reclamamos para Galicia a adopción de medidas determinantes, ben concretas, por parte do Goberno central e da Xunta para que feitos coma este non se volvan repetir nunca máis. Medidas para impedir xa, e é o momento agora, por respecto ao loito do mar, o paso de buques que non reúnan garantías de seguridade, apartar o corredor marítimo e do almacenamento de mercadorías peligrosas.

Reclamamos para Galicia a dotación dun verdadeiro dispositivo de salvamento, dun plan de emerxencia e dun operativo de reacción inmediata para loitar contra a contaminación mariña, con remolcadores axeitados e con buques anti-contaminantes. Aqueles que presumen de potencia mundial, ¿non se lles cae a cara de vergoña ao ver que aí, cunha nova marea negra nas nosas costas, non hai un só buque anti-contaminante con pavillón español?

Reclamamos para Galicia a ubicación inmediata nesta costa da Axencia

Europea para a Seguridade Marítima.

Reclamamos dende Galicia que se impulse unha lexislación internacional que acabe con este tipo de capitalismo delinciente, amparado na comenencia e nos paraísos fiscais, que estragan a vida dos pobos e dos verdadeiros paraísos do mar e da terra.

E rematamos:

O sinistro do Prestige e o ocorrido despois pon en evidencia dun xeito inapelable a inexistencia de medidas de prevención axeitadas, a ausencia de plans de emerxencia para facer fronte a este tipo de catástrofes, a improvisación e a descoordinación nas tarefas de salvamento e de loita contra a contaminación e a total escaseza de recursos técnicos e humanos para facer fronte a este tipo de situacións.

Denunciamos as responsabilidades derivadas destas deficiencias.

Reclamamos a dimisión das autoridades que coa súa ineficacia e irresponsabilidade non souberon impedir que o accidente tivese as peores consecuencias. Dícimolo no código do mar: Delta India Mike India Sierra India Oscar November: Dimisión. É nas situacións críticas cando os gobernantes teñen que estar a carón do pobo, informando realmente, nos medios e no Parlamento, e activando os recursos dun país.

Polycommander, Urquiola, Erkowit, Andros Pátria, Casón, Mar Exeo..., e agora Prestige. Xa non queremos contar máis. Xa abonda. Xa estamos petroleados deica as praias da alma. Galicia, mobilizada de exemplar conseguiu nos anos oitenta que se pechara o vertedoiro de residuos radioactivos, o cemiterio nuclear fronte á costa de Fisterra. Pois ben. Hoxe dicimos: NUNCA MÁIS. Que non se desprece máis este S.O.S. dun pobo canso de aturar e de sufrir. Que se escoite en Santiago, Madrid e Bruxelas. Que se escoite onde se teña que escoitar.

Galicia é hoxe a humanidade que berra: ¡Nunca máis!



Fundación 10 de Marzo
comisións obreiras



Concello de A Coruña